



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 137
10 de xaneiro de 2025

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

■ 15669 (12/PNC-001531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Insua Lema, Óscar

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo respecto da crise demográfica que atravesas as comarcas de Deza e de Tabeirós-Terra de Montes

[56176](#)

■ 15675 (12/PNC-001532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo a respecto da revacunación anual contra a doenza da lingua azul, que afecta o gando ovino e bovino

[56179](#)

■ 15769 (12/PNC-001534)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo respecto da recente decisión da Unión Europea de non incluír Vigo como porto nodal na Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T)

[56183](#)

■ 15771 (12/PNC-001535)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que se rectifiquen as decisións tomadas no ámbito comunitario e que comportan a redución das cotas pesqueiras

[56186](#)

■ 15884 (12/PNC-001536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo para mellorar o servizo de transporte público de persoas por estrada, xestionado pola unión temporal de empresas (UTE) Lugove, na comarca do Baixo Miño

[56188](#)

■ 15889 (12/PNC-001537)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis



Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para realizar melloras no río Tamuxe, na parroquia de Loureza, situada no concello de Oia, así como tamén ao mesmo Concello de Oia, co fin de permitir que a veciñanza desta parroquia se abasteza de auga para o rego [56193](#)

I 15898 (12/PNC-001538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe realizar para elaborar o Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e de discapacidade [56197](#)

I 15937 (12/PNC-001539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre a demanda que o Goberno galego debe dirixir ao Consello Xeral do Poder Xudicial co fin de que realice un informe sobre o establecemento dun sistema de garda de 24 horas e rotación diaria nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e a Coruña [56200](#)

I 15945 (12/PNC-001540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que revise o protocolo educativo para a prevención, a detección e tratamento do acoso e do ciberacoso escolar [56204](#)

I 15951 (12/PNC-001541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia verbo da utilización dos mesmos criterios para a autorización de novas titulacións nas universidades públicas e privadas do Sistema Universitario de Galicia [56206](#)

I 15957 (12/PNC-001542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda de asignación dun novo coidador/a que debe atender a Xunta de Galicia no CEIP de Cernadas de Castro, de Lousame [56209](#)

I 15962 (12/PNC-001543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración dunha convocatoria de axudas destinadas a compensar as perdas económicas derivadas do peche de bancos marisqueiros, a inclusión nas mesmas de criterios realistas e de procedementos de concesión áxiles [56212](#)

I 15977 (12/PNC-001544)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 8 máis



Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para a recolocación e a estabilización dos investigadores afectados pola finalización do programa María Zambrano

[56215](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

15670 (12/POC-002382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Insua Lema, Óscar

Sobre determinadas cuestións en relación coa crise demográfica que atravesas as comarcas de Deza e de Tabeirós-Terra de Montes

[56217](#)

15676 (12/POC-002383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre determinadas cuestións respecto do protocolo vacinal da Xunta de Galicia contra a doenza da lingua azul, que afecta o gando ovino e bovino

[56220](#)

15680 (12/POC-002384)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Fernández Davila, María Cristina

Sobre determinadas cuestións con respecto á situación que atravesas o Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Vilaxoán, situado no concello de Vilagarcía

[56224](#)

15682 (12/POC-002385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre a posición do Goberno galego ante os compromisos adquiridos por Stellantis coa planta de Vigo e co futuro do sector

[56228](#)

15684 (12/POC-002386)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a valoración que a Xunta de Galicia realiza a respecto da posición e da fronte común das comunidades lobeiras ante a revisión do nivel de protección do lobo por parte do Goberno central

[56232](#)

15686 (12/POC-002387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a valoración que o Goberno galego realiza respecto da consecución do acordo co Goberno central para a transferencia en materia de xestión do litoral galego

[56235](#)



I 15689 (12/POC-002388)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, José Daniel e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia reforce o equipo docente especializado na atención de alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) e con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), e sobre outras cuestións que están a acontecer no Colexio de Educación Infantil e Primaria Bergantiños, situado no concello de Carballo

[56238](#)**I 15691 (12/POC-002389)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre o impulso de axudas por parte da Xunta de Galicia para promover a autonomía persoal e a accesibilidade á vivenda

[56242](#)**I 15693 (12/POC-002390)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e 2 máis**

Sobre a necesidade de a Xunta de Galicia mellorar a asistencia sanitaria que ofrece o hospital comarcal da Costa da Morte «Virxe da Xunqueira», localizado no concello de Cee

[56245](#)**I 15695 (12/POC-002391)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre determinadas cuestións en relación coa carga de nitratos nas augas superficiais e subterráneas da comarca de Deza

[56249](#)**I 15697 (12/POC-002392)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a devolución por parte da Xunta de Galicia de 22,3 millóns de euros de fondos europeos destinados a crear prazas públicas de educación infantil, así como sobre a cantidade de novas prazas públicas de educación infantil que o Goberno galego porá á disposición no curso 2025/2026, e tamén sobre o número total de prazas de educación infantil existentes en Galicia, incluíndo, así mesmo, as de carácter privado

[56253](#)**I 15699 (12/POC-002393)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 3 máis**

Sobre o mantemento das bonificacións no transporte de ría e sobre o camiño cara á titularidade pública deste servizo

[56256](#)**I 15701 (12/POC-002394)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a xestión levada a cabo pola Xunta de Galicia respecto das axudas para a adquisición de vivenda protexida nos anos 2023 e 2024

[56259](#)

I 15704 (12/POC-002395)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago**

Sobre os problemas de execución do Programa de avais para a mocidade

[56263](#)**I 15709 (12/POC-002396)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis**

Sobre a posible transferencia á Xunta de Galicia do Centro de atención ás persoas con discapacidade física e dependencia (CAMF) do concello de Ferrol, que actualmente depende da Rede do Inmerso

[56267](#)**I 15711 (12/POC-002397)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis**

Sobre a situación da estrada AC-861 e sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo nela

[56270](#)**I 15713 (12/POC-002398)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e Golpe Acuña, José Manuel**

Sobre a situación económica e demográfica do concello de San Sadurniño, así como sobre o proxecto do Concello para ampliar a superficie de usos industriais no lugar da Bidueda, mediante a creación dun polígono industrial coa posible colaboración da Xunta de Galicia

[56273](#)**I 15715 (12/POC-002399)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis**

Sobre o fomento das comunidades enerxéticas no medio rural

[56276](#)**I 15717 (12/POC-002400)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as razóns que levaron a Xunta de Galicia a aprobar o Grao de Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa (UIE)

[56280](#)**I 15719 (12/POC-002401)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre os compromisos do Goberno galego coa mellora das liñas de transporte metropolitano por autobús na comarca da Coruña

[56282](#)**I 15721 (12/POC-002402)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a valoración que o Goberno galego realiza en relación coa situación do Punto de Atención Continuada (PAC) de Santa Cruz, no concello de Oleiros, así como sobre a previsión que a Xunta de Galicia ten de incrementar a dotación de persoal sanitario neste mesmo punto [56286](#)

I 15723 (12/POC-002403)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre a falta de persoal médico no Hospital Comarcal de Valdeorras, situado no concello do Barco de Valdeorras, e tamén sobre as previsións que Goberno galego ten a este respecto [56288](#)

I 15725 (12/POC-002404)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a execución de investimentos para rehabilitar o Castelo de Monterrei, localizado no concello de Monterrei, ao abeiro do Plan Xacobeo Next Generation [56291](#)

I 15728 (12/POC-002406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a falta do Servizo de Traballo Social no Centro de Saúde de Quiroga, situado no concello de Quiroga [56294](#)

I 15730 (12/POC-002407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación dos accesos á residencia asistida de maiores de Oleiros (RAMO), situada no concello de Oleiros [56297](#)

I 15732 (12/POC-002408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as necesidades do Centro Público Integrado (CPI) de Atios, situado no concello de Valdoviño [56299](#)

I 15734 (12/POC-002409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a situación das persoas investigadoras que traballan baixo as convocatorias María Zambrano e Margarita Salas, e igualmente sobre a necesidade de a Xunta de Galicia darlles unha solución [56302](#)

I 15735 (12/POC-002410)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre o cobertura que a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) desenvolveu no día 25 de novembro de 2024, así como sobre a valoración que a Xunta de Galicia realiza respecto das accións da Corporación para conseguir a plena igualdade [56305](#)



I 15736 (12/POC-002411)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis**

Sobre o balance do traballo que está a desenvolver a Fundación Pública Artesanía de Galicia

[56308](#)**I 15737 (12/POC-002412)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 9 máis**

Sobre os compromisos do Goberno galego respecto da reactivación da Praza de Abastos nº1, de Ourense, e os próximos pasos cara ao obxectivo de retomar o seu funcionamento

[56310](#)**I 15738 (12/POC-002413)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis**

Sobre os resultados do proxecto piloto para desenvolver no sector do comercio un sistema de reclamación dixital a través dun código QR e as súas características

[56312](#)**I 15739 (12/POC-002414)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis**

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia coa iniciativa do sector artesanal plasmada no programa Novas artesanías para novas ecoloxías

[56315](#)**I 15740 (12/POC-002415)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis**

Sobre o balance das diferentes convocatorias do Bono Activa Comercio neste ano 2024

[56317](#)**I 15741 (12/POC-002416)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre as iniciativas da Xunta de Galicia no que atinxe a liñas de financiamento e préstamos para apoiar os proxectos das empresas e dos autónomos galegos, así como o balance destas actuacións desde a súa posta en marcha

[56320](#)**I 15742 (12/POC-002417)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a adxudicación de contratos menores á empresa Dos Espacios Internet Consulting S. L. por parte da Axencia de Turismo de Galicia

[56322](#)**I 15744 (12/POC-002418)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar**

Sobre o conflito laboral das profesionais e dos profesionais da quenda de oficio e da xustiza gratuíta, a postura da Xunta de Galicia canto ao seu dereito á folga e as posibilidades de mellora das condicións destes colectivos a partir dos datos reflectidos no proxecto de orzamentos para 2025

[56325](#)

I 15746 (12/POC-002419)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre o estado en que está a elaboración do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia (Ridega) e as razóns de que aínda non estea publicado

[56328](#)**I 15747 (12/POC-002420)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 9 máis**

Sobre a situación en que se atopan as empresas de transformación de produtos do mar e as medidas que debería tomar o Goberno central orientadas a mellorar a súa liquidez e a manter a súa actividade e os postos de traballo

[56330](#)**I 15749 (12/POC-002421)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 6 máis**

Sobre as medidas que está a tomar a Xunta de Galicia ante a situación que acontece nas rías galegas como consecuencia da alta mortalidade de marisco

[56332](#)**I 15751 (12/POC-002422)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**

Sobre a situación da competencia empresarial no sector do transporte de viaxeiros por estrada e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de posibilitar a competitividade das pequenas e medianas empresas respecto das grandes concesionarias

[56334](#)**I 15752 (12/POC-002423)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa demanda de competencias, a creación de organismos e a planificación das políticas e estratexias en materia climática

[56337](#)**I 15753 (12/POC-002424)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o concepto de "refuxio climático", o seu uso na marca impulsada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático denominada Galicia Refuxio Climático e as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación nesta materia

[56346](#)**I 15755 (12/POC-002425)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, José Daniel e 3 máis**

Sobre as razóns da exclusión da AG-55 (A Coruña-Carballo) das autovías galegas que a Xunta de Galicia vai rescatar en 2025 e o impacto económico que isto supón para as comarcas de Bergantiños e da Costa da Morte

[56349](#)

I 15756 (12/POC-002426)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do Informe de fiscalización dos fondos europeos do exercicio de 2022, realizado polo Consello de Contas, e as rectificacións que vai impulsar para que Galicia non perda oportunidades de desenvolvemento económico

[56353](#)**I 15759 (12/POC-002427)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis**

Sobre a negociación da Xunta de Galicia co Goberno Central respecto da redución da débeda pública da Comunidade Autónoma

[56359](#)**I 15761 (12/POC-002428)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**

Sobre o eventual incremento da concentración de contaminantes nos moluscos da costa galega derivado da mingua de calidade das augas

[56363](#)**I 15764 (12/POC-002429)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis**

Sobre o funcionamento do proxecto piloto de reclamación dixital en materia de consumo a través dun código QR para desenvolver no sector do comercio

[56365](#)**I 15767 (12/POC-002430)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 8 máis**

Sobre as medidas que a Secretaría Xeral de Pesca debe adoptar para garantir que España teña datos que sustenten as decisións no que atinxe á repartición das cotas pesqueiras, así como sobre a estimación de que dispón a Xunta de Galicia acerca das perdas económicas que ocasionan os recortes no sector pesqueiro

[56367](#)**I 15773 (12/POC-002431)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e 8 máis**

Sobre a valoración que o Goberno galego realiza da primeira convocatoria do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)

[56370](#)**I 15775 (12/POC-002432)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Mouzo Mas, Paula e 8 máis**

Sobre a convocatoria publicada no DOG do 23 de xullo de 2024 de axudas destinadas a soste as entidades asociativas do sector do mar logo das perdas provocadas polos temporais de finais de 2023, o seu importe e a súa distribución

[56372](#)

I 15777 (12/POC-002433)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Mouzo Mas, Paula e 8 máis**

Sobre a contía total, o número de afectados e o perfil profesional dos beneficiarios das axudas convocadas o día 12 de agosto de 2024 destinadas ao marisqueo a pé sometido a paralizacións temporais en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia

[56374](#)**I 15780 (12/POC-002434)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a execución de investimentos no Castelo de Monterrei ao abeiro do Plan Xacobeo Next Generation

[56376](#)**I 15782 (12/POC-002435)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis**

Sobre os informes elaborados, en defensa dos intereses dos sectores implicados, respecto do impacto das artes de enmalle e de palangre nos fondos mariños vedados pola Comisión Europea

[56379](#)**I 15784 (12/POC-002436)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis**

Sobre a achega do Goberno galego ao programa de capacitación da Iniciativa Portos Azuis da FAO, orientada a promover nos países en vías de desenvolvemento prácticas de sustentabilidade ambiental e socioeconómica

[56382](#)**I 15786 (12/POC-002437)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis**

Sobre a finalidade das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para 2024-2025

[56384](#)**I 15788 (12/POC-002438)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis**

Sobre o alcance das axudas reguladas na Orde do 8 de maio de 2024 polas que se compensa os profesionais afectados pola veda temporal en determinados bancos marisqueiros das rías de Arousa, Pontevedra e Noia

[56386](#)**I 15790 (12/POC-002439)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis**

Sobre o investimento e os obxectivos correspondentes ao convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Moaña para levar a cabo o proxecto de reforma da nave de deportes náuticos do porto desta vila

[56388](#)

I 15792 (12/POC-002440)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel**

Sobre a forma de cobertura da dirección da Filmoteca de Galicia, a orientación que terá o funcionamento desta institución e o grao de compromiso do Goberno galego co reforzo do seu proxecto

[56390](#)**I 15793 (12/POC-002441)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a situación das instalacións do CEIP de Prácticas da Coruña e o grao de compromiso por parte do Goberno galego no cumprimento do convenio coa Universidade e co Concello da Coruña respecto do edificio que o alberga

[56393](#)**I 15795 (12/POC-002442)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis**

Sobre o orzamento destinado á contratación de dúas patrulleiras lixeiras para o Servizo de Gardacostas de Galicia e as características destas embarcacións

[56397](#)**I 15797 (12/POC-002443)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e 2 máis**

Sobre o modelo de dixitalización da aprendizaxe no ensino, o diálogo do Goberno galego coa comunidade educativa nesta materia e o balance do funcionamento do proxecto E-dixgal

[56399](#)**I 15799 (12/POC-002444)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a actividade actual do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia e a posibilidade de impulsar unha mellora desta ferramenta de participación da mocidade galega nas políticas que lle atinxen

[56405](#)**I 15800 (12/POC-002445)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis**

Sobre o orzamento para 2024 das axudas aprobadas en xullo para as pemes de transformación de produtos pesqueiros e de acuicultura ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura

[56408](#)**I 15802 (12/POC-002446)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 2 máis**

Sobre a política de prevención no ámbito da saúde visual da poboación menor de 18 anos e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

[56410](#)**I 15803 (12/POC-002447)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a venda do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, inmovible que posúe un valor histórico-patrimonial e que ten actualmente un uso socioasistencial

[56414](#)**I 15804 (12/POC-002448)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne a un eventual cambio da súa política asistencial no ámbito das residencias de maiores

[56420](#)**I 15806 (12/POC-002449)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre a participación do Intecmar nunha auditoría, xunto coa Comisión Europea e co Ministerio de Industrias Primarias neozelandés, aos sistemas de control da produción de moluscos bivalvos que exporta Nova Zelandia á Unión Europea

[56423](#)**I 15808 (12/POC-002450)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da mellora da dotación dos equipos de valoración e orientación da dependencia, o financiamento do Servizo de Atención no Fogar e o modelo de xestión das residencias construídas pola Fundación Amancio Ortega (FAO)

[56425](#)**I 15810 (12/POC-002451)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a situación actual do emprego xuvenil en Galicia e as medidas que pensa levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar neste ámbito os datos do desemprego, da fenda salarial entre menores e maiores de 35 anos e da terciarización

[56428](#)**I 15811 (12/POC-002452)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre o impacto no sector da automoción en Galicia dos cambios de paradigma na mobilidade, as previsións do Goberno galego nesta materia e os resultados das subvencións e das políticas públicas na creación de emprego neste ámbito da industria

[56431](#)**I 15813 (12/POC-002453)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre o alcance do programa do Bono Activa Comercio, as previsións do Goberno galego verbo dunha ampliación orzamentaria destinada a estas axudas e a valoración da inclusión do comercio ambulante

[56435](#)

I 15814 (12/POC-002454)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis**

Sobre os resultados do Informe, analizado polo Consello da Xunta, da cuadraxésima sexta reunión anual da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (NAFO), realizada entre o 23 e o 27 de setembro de 2024 en Halifax, Canadá, así como sobre a súa repercusión para a comunidade galega

[56439](#)**I 15816 (12/POC-002455)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis**

Sobre a sinistralidade laboral no estaleiro Blascar, situado na Graña, no concello de Ferrol, así como sobre a valoración que a Xunta de Galicia realiza do accidente mortal acontecido, no referido estaleiro, o 4 de outubro de 2024

[56442](#)**I 15818 (12/POC-002456)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis**

Sobre o estado de tramitación, os aspectos fundamentais e o cronograma previsto dos principais proxectos industriais e enerxéticos anunciados pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para o concello das Pontes

[56445](#)**I 15819 (12/POC-002457)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**

Sobre a contía total do convenio subscrito entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o estudo dos efectos da carga do cultivo de moluscos sobre as rías galegas, así como sobre as accións que se deben acometer derivadas da sinatura do referido convenio

[56449](#)**I 15821 (12/POC-002458)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis**

Sobre os recursos hídricos do río Eume e do lago das Pontes no que atinxe os usos industriais da auga, o estado da concesión de auga do río Eume á central termoeléctrica e as concesións de auga solicitadas e concedidas no concello das Pontes

[56451](#)**I 15823 (12/POC-002459)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**

Sobre a contía total das axudas reguladas na Orde do 8 de maio de 2024, que compensan as persoas afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros das rías de Arousa, de Pontevedra e de Noia, así como sobre o tipo de profesionais que se poden acoller a estas axudas

[56455](#)**I 15825 (12/POC-002460)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Fernández Fernández, Secundino e 6 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante das conclusións do informe do Consello da Cultura Galega verbo da instalación en Palas de Rei da planta de produción de celulosa da empresa Altri

[56457](#)**I 15826 (12/POC-002461)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a eventual existencia de estudos elaborados pola Xunta de Galicia respecto dos riscos laborais do sector agrogandeiro e a solicitude ao Goberno central da súa inclusión no cadro de enfermidades profesionais recollidas no Real decreto 1299/2006

[56463](#)**I 15827 (12/POC-002462)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía das axudas publicadas no DOG do 23 de xullo de 2024 destinadas a soste as entidades asociativas do sector do mar ante os estragos meteorolóxicos de outubro e novembro de 2023

[56467](#)**I 15829 (12/POC-002463)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía total e a tipoloxía de profesionais beneficiarios das axudas a proxectos de rexeneración dos bancos marisqueiros publicadas no DOG do 13 de agosto de 2024

[56469](#)**I 15831 (12/POC-002464)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o impulso do Centro de Investigacións Forestais de Lourizan, o estado en que está a tramitación da súa integración en Xera e a eventual creación en Pontevedra dun polo de investigación e desenvolvemento orientado ao sector agrario e forestal

[56471](#)**I 15833 (12/POC-002465)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 4 máis

Sobre o labor que está a levar a cabo o Goberno galego para reducir a saída de becerros galegos a outras comunidades, promover a transformación local da carne en Galicia e, consecuentemente, xerar un maior valor engadido no propio territorio e mellorar as rendas dos gandeiros

[56474](#)**I 15835 (12/POC-002466)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía total e o perfil dos beneficiarios da convocatoria de axudas publicada no DOG o 12 de xullo de 2024 dirixidas á restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños

[56478](#)**I 15837 (12/POC-002467)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana



Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as demandas dos mariscadores de Fisterra para incluír o mergullo con subministración de aire desde superficie como técnica autorizada na explotación dos moluscos bivalvos [56480](#)

I 15839 (12/POC-002468)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre os resultados dos estudos anunciados para resolver os problemas de seguridade e operatividade no porto de Malpica, as características e o estado de desenvolvemento do proxecto de mellora e os orzamentos destinados á obra para 2025 [56485](#)

I 15841 (12/POC-002469)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía total e os obxectivos do acordo asinado entre a Consellería do Mar e a confraría La Anunciada, de Baiona [56490](#)

I 15843 (12/POC-002470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o balance da execución dos fondos europeos para a pesca desde 2014 (FEMP), os informes do Consello de Contas nesta materia e o funcionamento das oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA [56492](#)

I 15845 (12/POC-002471)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a finalidade e o orzamento do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Goberno central mediante o que se aproba o Plan de actuación plurianual 2023-2026 do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación así como o do Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo [56497](#)

I 15847 (12/POC-002472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a escaseza de polbo nas rías galegas nos últimos anos e a redución de capturas na actual campaña, o grao de cumprimento por parte do Goberno dos acordos parlamentarios nesta materia e as investigacións que leva a cabo para determinar as razóns desta situación [56499](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

I Resolución do letrado oficial maior, do 9 de xaneiro de 2025, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia [56166](#)



Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 7 de xaneiro de 2025 en relación coas iniciativas parlamentarias que se citan

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 15669 (12/PNC-001531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Insua Lema, Óscar

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo respecto da crise demográfica que atravesas as comarcas de Deza e de Tabairós-Terra de Montes

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 15675 (12/PNC-001532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo a respecto da revacunación anual contra a doenza da lingua azul, que afecta o gando ovino e bovino

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15769 (12/PNC-001534)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo respecto da recente decisión da Unión Europea de non incluír Vigo como porto nodal na Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T)

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15771 (12/PNC-001535)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que se rectifiquen as decisións tomadas no ámbito comunitario e que comportan a redución das cotas pesqueiras

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15884 (12/PNC-001536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Ruanova Vilas-Boas, Brais e Ríos Santomé, Paulo
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo para mellorar o servizo de transporte público de persoas por estrada, xestionado pola unión temporal de empresas (UTE) Lugove, na comarca do Baixo Miño

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15889 (12/PNC-001537)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para realizar melloras no río Tamuxe, na parroquia de Loureza, situada no concello de Oia, así como tamén ao mesmo Concello de Oia, co fin de permitir que a veciñanza desta parroquia se abasteza de auga para o rego

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15898 (12/PNC-001538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe realizar para elaborar o Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e de discapacidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15937 (12/PNC-001539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre a demanda que o Goberno galego debe dirixir ao Consello Xeral do Poder Xudicial co fin de que realice un informe sobre o establecemento dun sistema de garda de 24 horas e rotación diaria nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e a Coruña

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 15945 (12/PNC-001540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que revise o protocolo educativo para a prevención, a detección e tratamento do acoso e do ciberacoso escolar

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15951 (12/PNC-001541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia verbo da utilización dos mesmos criterios para a autorización de novas titulacións nas universidades públicas e privadas do Sistema Universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15957 (12/PNC-001542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda de asignación dun novo coidador/a que debe atender a Xunta de Galicia no CEIP de Cernadas de Castro, de Lousame
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15962 (12/PNC-001543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración dunha convocatoria de axudas destinadas a compensar as perdas económicas derivadas do peche de bancos marisqueiros, a inclusión nas mesmas de criterios realistas e de procedementos de concesión áxiles
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15977 (12/PNC-001544)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Comesaña, Julio e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para a recolocación e a estabilización dos investigadores afectados pola finalización do programa María Zambrano
Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 15670 (12/POC-002382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Insua Lema, Óscar
Sobre determinadas cuestións en relación coa crise demográfica que atravesas as comarcas de Deza e de Tabeirós-Terra de Montes
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 15676 (12/POC-002383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 2 máis
Sobre determinadas cuestións respecto do protocolo vacinal da Xunta de Galicia contra a doenza da lingua azul, que afecta o gando ovino e bovino
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15680 (12/POC-002384)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Fernández Davila, María Cristina
Sobre determinadas cuestións con respecto á situación que atravesas o Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Vilaxoán, situado no concello de Vilagarcía
Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 15682 (12/POC-002385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre a posición do Goberno galego ante os compromisos adquiridos por Stellantis coa planta de Vigo e co futuro do sector

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15684 (12/POC-002386)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a valoración que a Xunta de Galicia realiza a respecto da posición e da fronte común das comunidades lobeiras ante a revisión do nivel de protección do lobo por parte do Goberno central

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15686 (12/POC-002387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a valoración que o Goberno galego realiza respecto da consecución do acordo co Goberno central para a transferencia en materia de xestión do litoral galego

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15689 (12/POC-002388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia reforce o equipo docente especializado na atención de alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) e con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), e sobre outras cuestións que están a acontecer no Colexio de Educación Infantil e Primaria Bergantiños, situado no concello de Carballo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15691 (12/POC-002389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o impulso de axudas por parte da Xunta de Galicia para promover a autonomía persoal e a accesibilidade á vivenda

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15693 (12/POC-002390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre a necesidade de a Xunta de Galicia mellorar a asistencia sanitaria que ofrece o hospital comarcal da Costa da Morte «Virxe da Xunqueira», localizado no concello de Cee

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15695 (12/POC-002391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández González, Ariadna e Valcárcel Armesto, Montserrat
Sobre determinadas cuestións en relación coa carga de nitratos nas augas superficiais e subterráneas da comarca de Deza
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15697 (12/POC-002392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a devolución por parte da Xunta de Galicia de 22,3 millóns de euros de fondos europeos destinados a crear prazas públicas de educación infantil, así como sobre a cantidade de novas prazas públicas de educación infantil que o Goberno galego porá á disposición no curso 2025/2026, e tamén sobre o número total de prazas de educación infantil existentes en Galicia, incluíndo, así mesmo, as de carácter privado
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15699 (12/POC-002393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 3 máis
Sobre o mantemento das bonificacións no transporte de ría e sobre o camiño cara á titularidade pública deste servizo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15701 (12/POC-002394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a xestión levada a cabo pola Xunta de Galicia respecto das axudas para a adquisición de vivenda protexida nos anos 2023 e 2024
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15704 (12/POC-002395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago
Sobre os problemas de execución do Programa de avais para a mocidade
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15709 (12/POC-002396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis
Sobre a posible transferencia á Xunta de Galicia do Centro de atención ás persoas con discapacidade física e dependencia (CAMF) do concello de Ferrol, que actualmente depende da Rede do Imsero
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15711 (12/POC-002397)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis



Sobre a situación da estrada AC-861 e sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo nela

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15713 (12/POC-002398)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e Golpe Acuña, José Manuel

Sobre a situación económica e demográfica do concello de San Sadurniño, así como sobre o proxecto do Concello para ampliar a superficie de usos industriais no lugar da Bidueda, mediante a creación dun polígono industrial coa posible colaboración da Xunta de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15715 (12/POC-002399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o fomento das comunidades enerxéticas no medio rural

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15717 (12/POC-002400)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as razóns que levaron a Xunta de Galicia a aprobar o Grao de Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa (UIE)

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15719 (12/POC-002401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre os compromisos do Goberno galego coa mellora das liñas de transporte metropolitano por autobús na comarca da Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15721 (12/POC-002402)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a valoración que o Goberno galego realiza en relación coa situación do Punto de Atención Continuada (PAC) de Santa Cruz, no concello de Oleiros, así como sobre a previsión que a Xunta de Galicia ten de incrementar a dotación de persoal sanitario neste mesmo punto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15723 (12/POC-002403)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre a falta de persoal médico no Hospital Comarcal de Valdeorras, situado no concello do Barco de Valdeorras, e tamén sobre as previsións que Goberno galego ten a este respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 15725 (12/POC-002404)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a execución de investimentos para rehabilitar o Castelo de Monterrei, localizado no concello de Monterrei, ao abeiro do Plan Xacobeo Next Generation

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15728 (12/POC-002406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a falta do Servizo de Traballo Social no Centro de Saúde de Quiroga, situado no concello de Quiroga

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15730 (12/POC-002407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación dos accesos á residencia asistida de maiores de Oleiros (RAMO), situada no concello de Oleiros

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15732 (12/POC-002408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as necesidades do Centro Público Integrado (CPI) de Atios, situado no concello de Valdoviño

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15734 (12/POC-002409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a situación das persoas investigadoras que traballan baixo as convocatorias María Zambrano e Margarita Salas, e igualmente sobre a necesidade de a Xunta de Galicia darlles unha solución

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15735 (12/POC-002410)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre o cobertura que a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) desenvolveu no día 25 de novembro de 2024, así como sobre a valoración que a Xunta de Galicia realiza respecto das accións da Corporación para conseguir a plena igualdade

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 15736 (12/POC-002411)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre o balance do traballo que está a desenvolver a Fundación Pública Artesanía de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



- 15737 (12/POC-002412)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 9 máis

Sobre os compromisos do Goberno galego respecto da reactivación da Praza de Abastos nº1, de Ourense, e os próximos pasos cara ao obxectivo de retomar o seu funcionamento

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15738 (12/POC-002413)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre os resultados do proxecto piloto para desenvolver no sector do comercio un sistema de reclamación dixital a través dun código QR e as súas características

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15739 (12/POC-002414)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia coa iniciativa do sector artesanal plasmada no programa Novas artesanías para novas ecoloxías

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15740 (12/POC-002415)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre o balance das diferentes convocatorias do Bono Activa Comercio neste ano 2024

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15741 (12/POC-002416)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as iniciativas da Xunta de Galicia no que atinxe a liñas de financiamento e préstamos para apoiar os proxectos das empresas e dos autónomos galegos, así como o balance destas actuacións desde a súa posta en marcha

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15742 (12/POC-002417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a adjudicación de contratos menores á empresa Dos Espacios Internet Consulting S. L. por parte da Axencia de Turismo de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 15744 (12/POC-002418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar



Sobre o conflito laboral das profesionais e dos profesionais da quenda de oficio e da xustiza gra-tuíta, a postura da Xunta de Galicia canto ao seu dereito á folga e as posibilidades de mellora das condicións destes colectivos a partir dos datos reflectidos no proxecto de orzamentos para 2025
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 15746 (12/POC-002419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o estado en que está a elaboración do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia (Ridega) e as razóns de que aínda non estea publicado

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 15747 (12/POC-002420)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 9 máis

Sobre a situación en que se atopan as empresas de transformación de produtos do mar e as me-didas que debería tomar o Goberno central orientadas a mellorar a súa liquidez e a manter a súa actividade e os postos de traballo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15749 (12/POC-002421)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 6 máis

Sobre as medidas que está a tomar a Xunta de Galicia ante a situación que acontece nas rías galegas como consecuencia da alta mortalidade de marisco

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15751 (12/POC-002422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a situación da competencia empresarial no sector do transporte de viaxeiros por estrada e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de posibilitar a competitividade das peque-nas e medianas empresas respecto das grandes concesionarias

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15752 (12/POC-002423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa demanda de competencias, a crea-ción de organismos e a planificación das políticas e estratexias en materia climática

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15753 (12/POC-002424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre o concepto de “refuxio climático”, o seu uso na marca impulsada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático denominada Galicia Refuxio Climático e as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación nesta materia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15755 (12/POC-002425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e 3 máis

Sobre as razóns da exclusión da AG-55 (A Coruña-Carballo) das autovías galegas que a Xunta de Galicia vai rescatar en 2025 e o impacto económico que isto supón para as comarcas de Bergantiños e da Costa da Morte

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15756 (12/POC-002426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do Informe de fiscalización dos fondos europeos do exercicio de 2022, realizado polo Consello de Contas, e as rectificacións que vai impulsar para que Galicia non perda oportunidades de desenvolvemento económico

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15759 (12/POC-002427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a negociación da Xunta de Galicia co Goberno Central respecto da redución da débeda pública da Comunidade Autónoma

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15761 (12/POC-002428)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre o eventual incremento da concentración de contaminantes nos moluscos da costa galega derivado da mingua de calidade das augas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15764 (12/POC-002429)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre o funcionamento do proxecto piloto de reclamación dixital en materia de consumo a través dun código QR para desenvolver no sector do comercio

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15767 (12/POC-002430)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis



Sobre as medidas que a Secretaría Xeral de Pesca debe adoptar para garantir que España teña datos que sustenten as decisións no que atinxe á repartición das cotas pesqueiras, así como sobre a estimación de que dispón a Xunta de Galicia acerca das perdas económicas que ocasionan os recortes no sector pesqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15773 (12/POC-002431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre a valoración que o Goberno galego realiza da primeira convocatoria do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15775 (12/POC-002432)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 8 máis

Sobre a convocatoria publicada no DOG do 23 de xullo de 2024 de axudas destinadas a soster as entidades asociativas do sector do mar logo das perdas provocadas polos temporais de finais de 2023, o seu importe e a súa distribución

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15777 (12/POC-002433)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 8 máis

Sobre a contía total, o número de afectados e o perfil profesional dos beneficiarios das axudas convocadas o día 12 de agosto de 2024 destinadas ao marisqueo a pé sometido a paralizacións temporais en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15780 (12/POC-002434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a execución de investimentos no Castelo de Monterrei ao abeiro do Plan Xacobeo Next Generation

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15782 (12/POC-002435)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre os informes elaborados, en defensa dos intereses dos sectores implicados, respecto do impacto das artes de enmalle e de palangre nos fondos mariños vedados pola Comisión Europea

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15784 (12/POC-002436)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre a achega do Goberno galego ao programa de capacitación da Iniciativa Portos Azuis da FAO, orientada a promover nos países en vías de desenvolvemento prácticas de sustentabilidade ambiental e socioeconómica

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15786 (12/POC-002437)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre a finalidade das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para 2024-2025

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15788 (12/POC-002438)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre o alcance das axudas reguladas na Orde do 8 de maio de 2024 polas que se compensa os profesionais afectados pola veda temporal en determinados bancos marisqueiros das rías de Arousa, Pontevedra e Noia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15790 (12/POC-002439)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre o investimento e os obxectivos correspondentes ao convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Moaña para levar a cabo o proxecto de reforma da nave de deportes náuticos do porto desta vila

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15792 (12/POC-002440)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a forma de cobertura da dirección da Fílmoteca de Galicia, a orientación que terá o funcionamento desta institución e o grao de compromiso do Goberno galego co reforzo do seu proxecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15793 (12/POC-002441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a situación das instalacións do CEIP de Prácticas da Coruña e o grao de compromiso por parte do Goberno galego no cumprimento do convenio coa Universidade e co Concello da Coruña respecto do edificio que o alberga

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15795 (12/POC-002442)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre o orzamento destinado á contratación de dúas patrulleiras lixeiras para o Servizo de Gardacostas de Galicia e as características destas embarcacións

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15797 (12/POC-002443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o modelo de dixitalización da aprendizaxe no ensino, o diálogo do Goberno galego coa comunidade educativa nesta materia e o balance do funcionamento do proxecto E-dixgal

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15799 (12/POC-002444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria

Sobre a actividade actual do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia e a posibilidade de impulsar unha mellora desta ferramenta de participación da mocidade galega nas políticas que lle atinxen

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15800 (12/POC-002445)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre o orzamento para 2024 das axudas aprobadas en xullo para as pemes de transformación de produtos pesqueiros e de acuicultura ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15802 (12/POC-002446)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a política de prevención no ámbito da saúde visual da poboación menor de 18 anos e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15803 (12/POC-002447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a venda do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, inmobile que posúe un valor histórico-patrimonial e que ten actualmente un uso socioasistencial

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15804 (12/POC-002448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna



Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne a un eventual cambio da súa política asistencial no ámbito das residencias de maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15806 (12/POC-002449)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre a participación do Intecmar nunha auditoría, xunto coa Comisión Europea e co Ministerio de Industrias Primarias neozelandés, aos sistemas de control da produción de moluscos bivalvos que exporta Nova Zelandia á Unión Europea

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15808 (12/POC-002450)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da mellora da dotación dos equipos de valoración e orientación da dependencia, o financiamento do Servizo de Atención no Fogar e o modelo de xestión das residencias construídas pola Fundación Amancio Ortega (FAO)

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15810 (12/POC-002451)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre a situación actual do emprego xuvenil en Galicia e as medidas que pensa levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar neste ámbito os datos do desemprego, da fenda salarial entre menores e maiores de 35 anos e da terciarización

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15811 (12/POC-002452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre o impacto no sector da automoción en Galicia dos cambios de paradigma na mobilidade, as previsións do Goberno galego nesta materia e os resultados das subvencións e das políticas públicas na creación de emprego neste ámbito da industria

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15813 (12/POC-002453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre o alcance do programa do Bono Activa Comercio, as previsións do Goberno galego verbo dunha ampliación orzamentaria destinada a estas axudas e a valoración da inclusión do comercio ambulante

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15814 (12/POC-002454)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre os resultados do Informe, analizado polo Consello da Xunta, da cuadraxésima sexta reunión anual da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (NAFO), realizada entre o 23 e o 27 de setembro de 2024 en Halifax, Canadá, así como sobre a súa repercusión para a comunidade galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15816 (12/POC-002455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a sinistralidade laboral no estaleiro Blascar, situado na Graña, no concello de Ferrol, así como sobre a valoración que a Xunta de Galicia realiza do accidente mortal acontecido, no referido estaleiro, o 4 de outubro de 2024

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15818 (12/POC-002456)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o estado de tramitación, os aspectos fundamentais e o cronograma previsto dos principais proxectos industriais e enerxéticos anunciados pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para o concello das Pontes

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15819 (12/POC-002457)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía total do convenio subscrito entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o estudo dos efectos da carga do cultivo de moluscos sobre as rías galegas, así como sobre as accións que se deben acometer derivadas da sinatura do referido convenio

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15821 (12/POC-002458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre os recursos hídricos do río Eume e do lago das Pontes no que atinxe os usos industriais da auga, o estado da concesión de auga do río Eume á central termoeléctrica e as concesións de auga solicitadas e concedidas no concello das Pontes

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15823 (12/POC-002459)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía total das axudas reguladas na Orde do 8 de maio de 2024, que compensan as persoas afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros das rías de



Arousa, de Pontevedra e de Noia, así como sobre o tipo de profesionais que se poden acoller a estas axudas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15825 (12/POC-002460)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 6 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante das conclusións do informe do Consello da Cultura Galega verbo da instalación en Palas de Rei da planta de produción de celulosa da empresa Altri

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15826 (12/POC-002461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a eventual existencia de estudos elaborados pola Xunta de Galicia respecto dos riscos laborais do sector agrogandeiro e a solicitude ao Goberno central da súa inclusión no cadro de enfermidades profesionais recollidas no Real decreto 1299/2006

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15827 (12/POC-002462)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía das axudas publicadas no DOG do 23 de xullo de 2024 destinadas a soste as entidades asociativas do sector do mar ante os estragos meteorolóxicos de outubro e novembro de 2023

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15829 (12/POC-002463)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía total e a tipoloxía de profesionais beneficiarios das axudas a proxectos de rexeneración dos bancos marisqueiros publicadas no DOG do 13 de agosto de 2024

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15831 (12/POC-002464)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o impulso do Centro de Investigacións Forestais de Lourizan, o estado en que está a tramitación da súa integración en Xera e a eventual creación en Pontevedra dun polo de investigación e desenvolvemento orientado ao sector agrario e forestal

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15833 (12/POC-002465)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 4 máis



Sobre o labor que está a levar a cabo o Goberno galego para reducir a saída de becerros galegos a outras comunidades, promover a transformación local da carne en Galicia e, consecuentemente, xerar un maior valor engadido no propio territorio e mellorar as rendas dos gandeiros
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15835 (12/POC-002466)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía total e o perfil dos beneficiarios da convocatoria de axudas publicada no DOG o 12 de xullo de 2024 dirixidas á restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15837 (12/POC-002467)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as demandas dos mariscadores de Fisterra para incluír o mergullo con subministración de aire desde superficie como técnica autorizada na explotación dos moluscos bivalvos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15839 (12/POC-002468)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre os resultados dos estudos anunciados para resolver os problemas de seguridade e operatividade no porto de Malpica, as características e o estado de desenvolvemento do proxecto de mellora e os orzamentos destinados á obra para 2025

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15841 (12/POC-002469)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía total e os obxectivos do acordo asinado entre a Consellería do Mar e a confraría La Anunciada, de Baiona

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15843 (12/POC-002470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o balance da execución dos fondos europeos para a pesca desde 2014 (FEMPA), os informes do Consello de Contas nesta materia e o funcionamento das oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15845 (12/POC-002471)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis



Sobre a finalidade e o orzamento do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Goberno central mediante o que se aproba o Plan de actuación plurianual 2023-2026 do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación así como o do Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15847 (12/POC-002472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a escaseza de polbo nas rías galegas nos últimos anos e a redución de capturas na actual campaña, o grao de cumprimento por parte do Goberno dos acordos parlamentarios nesta materia e as investigacións que leva a cabo para determinar as razóns desta situación

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Resolución do letrado oficial maior, do 9 de xaneiro de 2025, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 4 de novembro de 2024 (BOPG 116 do 14 de novembro e DOG 221 de 15 de novembro) aprobáronse as bases da convocatoria para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas todas elas, xunto coa documentación achegada, ao abeiro do establecido na base novena apartado 2 da referida convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación da causa de exclusión, que se inclúen nos cinco anexos desta resolución.

2. Publicar na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* a antedita lista provisional.

Se os supostos de exclusión se deben a que as solicitudes non reúnen os datos ou documentos esixidos, as persoas interesadas dispoñen dun prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para corrixiren a falta ou achegaren os documentos preceptivos. Se así non o fixeren, as súas peticións serán consideradas desistidas.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2025

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



ANEXO 1

CONVOCATORIA DE 2 BOLSAS DE FORMACIÓN EN COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL

(BOPG 116 do 14 de novembro e DOG 221 de 15 de novembro)

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
1	JORGE VIDAL	ANXELA	***7668**	--
2	KANEVSKA SUROVEN	OLESYA	***4468**	--
3	MUÑOZ VILARIÑO	ANA	***4468**	--
4	PEREZ AMOR	MARÍA	***6992**	--
5	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ	DAVID	***8788**	--
6	TORO PAZOS	MIRYAM	***4918**	--

* 1 Conforme o disposto na cláusula 9.4. das bases da convocatoria, ao longo procedemento poderase requirir á persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal, publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS(**)
1	BALLESTEROS PAMPIN	ALBERTO	***4983**	1
2	LOIRA FONTELA	AIDA	***9176**	1
3	MARTINEZ DE LA FUENTE	AITANA	***3275**	1,2
4	RODRIGUEZ CHIARRONI	CRISTINA	***1397**	1
5	VENTOSO CHAVES	CARLOS	***8853**	1

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal, publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

(**) SUPOSTOS DE EXCLUSIÓN:

(1) Non cumprir o requisito esixido no apartado b.1) (*titulación*) ou o c) da base cuarta (ano académico), ou o apartado c) da base sétima (certificado base 10) da convocatoria:

As titulacións deben corresponder coas indicadas nas bases. As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2017-2018 ou en anos posteriores. A nota media do expediente académico debe presentarse na escala numérica de 0 a 10.

(2) Non cumprir o requisito esixido no apartado d) da base cuarta e/ou do apartado b) da base sétima da convocatoria (*CELGA*).

(3) Non cumprir o requisito esixido no apartado 1) (modelo solicitude) ou 3) (prazo) da base sexta, ou a base sétima da convocatoria. Non especificar non modelo de solicitude a/s bolsa/s para a que se presenta.

(4) Non cumprir o requisito esixido no apartado a) (DNI) da base sétima da convocatoria.

(5) Por defecto de acreditación da documentación referida no apartado d) (méritos académicos) da base sétima da convocatoria, e a efectos de poder contabilizarse como méritos, presentación de documentos debidamente acreditados.

Conforme o disposto no apartado 3) e 4) da base novena da convocatoria, de se deber o suposto de exclusión a que a solicitude non reúne os requisitos, ou precisar achegar documentos complementarios (acreditacións da veracidade dos xa presentados), **a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos**, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.



ANEXO2

CONVOCATORIA DE 2 BOLSAS DE FORMACIÓN EN PUBLICACIÓN

(BOPG 116 do 14 de novembro e DOG 221 de 15 de novembro)

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS(**)
1	BARREIRO FUENTES	AINHOA	***8465**	--
2	FERNANDEZ JUSTO	MARTA	***3485**	--
3	FERNANDEZ SOUTO	RAQUEL	***7977**	--
4	GARCIA GONZALEZ	NOELIA	***1748**	--
5	MARTINEZ RODRIGUEZ	RUBÉN	***5019**	--
6	MOLDES CARBALLAL	ELENA	***8113**	--
7	OUTERO OUBIÑA	NATALIA	***8206**	--
8	REBOLO MAGARIÑOS	DAVID	***9402**	--
9	ROCA AGRA	INÉS	***0981**	--
10	VILLAR MARTÍNEZ	NATALIA	***6859**	--
11	VILLVERDE MUNIN	XIANA	***5517**	--

* 1 Conforme o disposto na cláusula 9.4. das bases da convocatoria, ao longo do procedemento poderase requirir á persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS(**)
1	NOIA VÁZQUEZ	ADRIÁN	***5467**	1
2	PORTAS IGLESIAS	NAIR	***1018**	1

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

(**) SUPOSTOS DE EXCLUSIÓN:

(1) Non cumprir o requisito esixido no apartado b.1) (*titulación*) ou o c) da base cuarta (ano académico), ou o apartado c) da base sétima (certificado base 10) da convocatoria:

As titulacións deben corresponder coas indicadas nas bases. As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2017-2018ou en anos posteriores. A nota media do expediente académico debe presentarse na escala numérica de 0 a 10.

(2) Non cumprir o requisito esixido no apartado d) da base cuarta e/ou do apartado b) da base sétima da convocatoria (*CELGA*).



(3) Non cumprir o requisito esixido no apartado 1) (modelo solicitude) ou 3) (prazo) da base sexta, ou a base sétima da convocatoria. Non especificar non modelo de solicitude a/s bolsa/s para a que se presenta.

(4) Non cumprir o requisito esixido no apartado a) (DNI) da base sétima da convocatoria.

(5) Por defecto de acreditación da documentación referida no apartado d) (méritos académicos) da base sétima da convocatoria, e a efectos de poder contabilizarse como méritos, presentación de documentos debidamente acreditados.

Conforme ao disposto no apartado 3) e 4) da base novena da convocatoria, de se deber o suposto de exclusión a que a solicitude non reúne os requisitos, ou precisar achegar documentos complementarios (acreditacións da veracidade dos xa presentados), **a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos**, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.



ANEXO 3

CONVOCATORIA DE 1 BOLSA DE FORMACIÓN EN RECURSOS HUMANOS E CONTRATACIÓN

(BOPG 116 do 14 de novembro e DOG 221 de 15 de novembro)

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS(**)
1	ACEIRO CASAL	JUAN	***7521**	--
2	ALMEDA OMIL	ADRIAN	***6283**	--
3	BARRAL GONZÁLEZ	ANTONIO	***5171**	--
4	FERNÁNDEZ FERRAS	UXIO	***9376**	--
5	FERNÁNDEZ GALLEGU	CARMELA	***6392**	--
6	GARCIA ENRIQUEZ	HUGO	***7991**	--
7	GARRIDO CID	MALCO	***9939**	--
8	IGLESIAS DIAZ	ANDREA	***4805**	--
9	MIRANDA RECAMAN	ALEJANDRO MANUEL	***9089**	--
10	PEREIRA OULAD-HAMMOUCH	JOSE	***2990**	--
11	PEREZ CASTRO	NATALIA	***6563**	--
12	RIOBÓ SÓÑORA	BRAIS	***1585**	--
13	ROSENDO SEGADE	ANTIA	***5415**	--

* 1 Conforme o disposto na cláusula 9.4. das bases da convocatoria, ao longo do procedemento poderase requirir á persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS(**)
1	BALLESTEROS PAMPIN	ALBERTO	***4983**	1
2	FELPETO RODRIGUEZ	BEATRIZ	***2537**	1
3	PARDO-CIORRAGA MOLINA	JORGE LUIS	***1220**	1
4	SUAREZ POSE	SERGIO	***9420**	1

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

(**) SUPOSTOS DE EXCLUSIÓN:

(1) Non cumprir o requisito esixido no apartado b.1) (*titulación*) ou o c) da base cuarta (ano académico), ou o apartado c) da base sétima (certificado base 10) da convocatoria:



As titulacións deben corresponder coas indicadas nas bases. As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2017-2018 ou en anos posteriores. A nota media do expediente académico debe presentarse na escala numérica de 0 a 10.

(2) Non cumprir o requisito esixido no apartado d) da base cuarta e/ou do apartado b) da base sétima da convocatoria (*CELGA*).

(3) Non cumprir o requisito esixido no apartado 1) (modelo solicitude) ou 3) (prazo) da base sexta, ou a base sétima da convocatoria. Non especificar non modelo de solicitude a/s bolsa/s para a que se presenta.

(4) Non cumprir o requisito esixido no apartado a) (DNI) da base sétima da convocatoria.

(5) Por defecto de acreditación da documentación referida no apartado d) (méritos académicos) da base sétima da convocatoria, e a efectos de poder contabilizarse como méritos, presentación de documentos debidamente acreditados.

Conforme ao disposto no apartado 3) e 4) da base novena da convocatoria, de se deber o suposto de exclusión a que a solicitude non reúne os requisitos, ou precisar achegar documentos complementarios (acreditacións da veracidade dos xa presentados), **a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos**, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.



ANEXO 4

CONVOCATORIA DE 1 BOLSA DE FORMACIÓN EN XESTIÓN PARLAMENTARIA

(BOPG 116 do 14 de novembro e DOG 221 de 15 de novembro)

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS(**)
1	ACEIRO CASAL	JUAN	***7521**	--
2	ALMEDA OMIL	ADRIAN	***6283**	--
3	BARRAL GONZÁLEZ	ANTONIO	***5171**	--
4	BLANCO GARCIA	EVA MARÍA	***2308**	--
5	CADAHIA VEIRA	PABLO	***0383**	--
6	CARLÍN ROMERO	MANUEL	***5221**	--
7	FERNÁNDEZ FERRAS	UXIO	***9376**	--
8	FERNANDEZ FOLEY	MARTÍN	***5994**	--
9	GARCIA ENRIQUEZ	HUGO	***7991**	--
10	GARRIDO CID	MALCO	***9939**	--
11	GONZALEZ FERNANDEZ	ALBERTO	***5464**	--
12	IGLESIAS DIAZ	ANDREA	***4805**	--
13	MIRANDA RECAMAN	ALEJANDRO MANUEL	***9089**	--
14	PEREZ CASTRO	NATALIA	***6563**	--
15	RIOBÓ SÓÑORA	BRAIS	***1585**	--
16	SERANTES GARCIA	ANGELICA	***3779**	--

* 1 Conforme o disposto na cláusula 9.4. das bases da convocatoria, ao longo do procedemento poderase requirir á persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS(**)
1	BALLESTEROS PAMPIN	ALBERTO	***4983**	1
2	COLLAZO PEREZ	BEATRIZ	***6216**	1,2
3	FELPETO RODRIGUEZ	BEATRIZ	***2537**	1
4	GONZALEZ BARREIROS	CARLA	***4685**	1
5	SUAREZ POSE	SERGIO	***9420**	1

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.



() SUPOSTOS DE EXCLUSIÓN:**

(1) Non cumprir o requisito esixido no apartado b.1) (*titulación*) ou o c) da base cuarta (ano académico), ou o apartado c) da base sétima (certificado base 10) da convocatoria:

As titulacións deben corresponder coas indicadas nas bases. As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2017-2018 ou en anos posteriores. A nota media do expediente académico debe presentarse na escala numérica de 0 a 10.

(2) Non cumprir o requisito esixido no apartado d) da base cuarta e/ou do apartado b) da base sétima da convocatoria (*CELGA*).

(3) Non cumprir o requisito esixido no apartado 1) (modelo solicitude) ou 3) (prazo) da base sexta, ou a base sétima da convocatoria. Non especificar non modelo de solicitude a/s bolsa/s para a que se presenta.

(4) Non cumprir o requisito esixido no apartado a) (DNI) da base sétima da convocatoria.

(5) Por defecto de acreditación da documentación referida no apartado d) (méritos académicos) da base sétima da convocatoria, e a efectos de poder contabilizarse como méritos, presentación de documentos debidamente acreditados.

Conforme ao disposto no apartado 3) e 4) da base novena da convocatoria, de se deber o suposto de exclusión a que a solicitude non reúne os requisitos, ou precisar achegar documentos complementarios (acreditacións da veracidade dos xa presentados), **a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos**, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.



ANEXO 5

CONVOCATORIA DE 1 BOLSA DE FORMACIÓN RESERVADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 % NAS ÁREAS DE ASISTENCIA XERAL E ADMINISTRATIVAS

(BOPG 116 do 14 de novembro e DOG 221 de 15 de novembro)

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS(**)
1	CONDE FIGUEROA	REBECA	***7239**	--
2	DURO CASTRO	SHARAY	***0853**	--
3	GONZÁLEZ COLLAZO	ANDREA	***8602**	--
4	HERVÉS GONZÁLEZ	CAROLINA	***5237**	--
5	OTERO ALVAREZ	IRIA	***9298**	--
6	PEREZ INSUA	ALBERTO	***8243**	--
7	QUINTELA QUINTELA	PABLO	***2882**	--
8	REIGIA POSE	ANDREA	***7413**	--

* 1 Conforme o disposto na cláusula 9.4. das bases da convocatoria, ao longo do procedemento poderase requirir á persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS(**)
1	PARDO PENSADO	FERNANDO	***8309**	1
2	VAAMONDE MIRAZ	ALFONSO	***5589**	1
3	VALENCIA AGRA	SANTIAGO	***5469**	1

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

(**) SUPOSTOS DE EXCLUSIÓN:

(1) Non cumprir o requisito esixido no apartado c) (*titulación*, ano académico) da base quinta, ou o apartado b) da base oitava (*titulación*) da convocatoria:

As titulacións deben corresponder coas indicadas nas bases. As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2017-2018 ou en anos posteriores.

(2) Non cumprir o requisito esixido no apartado b) da base quinta e/ou do apartado c) da base oitava da convocatoria (informe discapacidade).

(3) Non cumprir o requisito esixido no apartado 1) (modelo solicitude) ou 3) (prazo) da base sexta, ou a base oitava da convocatoria.

(4) Non cumprir o requisito esixido no apartado a) (DNI) da base oitava da convocatoria.



(5) Por defecto de acreditación da documentación referida no apartado e) (méritos académicos) da base oitava da convocatoria, e a efectos de poder contabilizarse como méritos, presentación de documentos debidamente acreditados.

(6) Non cumprir o requisito esixido no apartado d) (informe vida laboral actualizado) da base oitava da convocatoria.

Conforme ao disposto no apartado 3) e 4) da base novena da convocatoria, de se deber o suposto de exclusión a que a solicitude non reúne os requisitos, ou precisar achegar documentos complementarios (acreditacións da veracidade dos xa presentados), **a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos**, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González** e do deputado **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a crise demográfica na comarca Deza-Tabeirós e Terra de Montes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise demográfica é unha realidade galega que os propios datos amosan anos tras ano, onde as defuncións superan os nacementos no noso país de xeito rutineiro segundo o INE, aínda que o desequilibrio territorial nesta cuestión é manifesto. A media de perda de habitantes entre o 2010 e o 2022 chegou ao 20,85% nos concellos de menos de 5000 habitantes, en comparanza co promedio nacional, que queda nunha cifra moito menor, achegándose ao 4% segundo datos recentes, o que explicita que se precisan políticas públicas que valoren as especificidades de cada zona en particular para paliar o problema.

É dese xeito como concellos rurais e de pequeno tamaño galegos, están nunha situación de declive poboacional que arrastran dende hai décadas, sendo máis grave na provincia de Lugo e Ourense, pero que tamén afecta xa, con datos preocupantes, ás zonas do interior de Pontevedra. É nesa área, onde se sitúa a comarca do Deza, Tebeirós- Terra de Montes que conta na actualidade con 68.662 habitantes, amosando un previsible decrecemento con respecto ao ano anterior.

A densidade de poboación é de 41 habitantes/km² no Deza e de 52 en Tebeirós- Terra de Montes, a pesares de contar coa presenza de dúas grandes vilas que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

manteñen por enriba dos 20.000. Os datos do Instituto Nacional de Estadística e do padrón municipal a 1 de xaneiro de 2024, aválannos para confirmar que nesta área se localizan os 4 concellos con menos habitantes por quilómetro cadrado da Provincia, cun grave descenso en número e un acusado envellecemento poboacional. Entre eles atópanse Dozón (16 hab/km²), Agolada (18 hab/km²), Rodeiro (20 hab/km²) e Forcarei (21 hab/km²), os dous primeiros os únicos da provincia que baixan dos vinte habitantes/km² e que de seguir así será xeneralizado, xa que todos teñen arredor do 40% da súa poboación cunha idade superior a 64 anos.

Os concellos máis necesitados de medidas urxentes reúnen catro características comúns: son municipios de menos de 5.000 habitantes, cun crecemento vexetativo menor ao 10% e unha taxa de variación da poboación entre 2016 a 2021 do 0%, a maiores dunha densidade do 20% ou inferior. Na devandita comarca, o consello de contas, pon o foco da despoboación nos concellos anteriormente nomeados tres dos cales, a excepción de Agolada que tivo un lixeiro crecemento poboacional de 28 persoas, perden habitantes, especialmente Dozón e Forcarei, cunha baixada de 3,2 e un 1,9 puntos porcentuais respectivamente, que pon en perigo a súa pervivencia no tempo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo un estudo detallado sobre o problema do despoboamento na comarca de Deza- Tabeirós/Terra de Montes, para coñecer datos sobre a evolución da poboación na comarca, valorando as medidas tomadas e o seu efecto en todos os concellos desta, con especial énfase nos citados (Dozón, Rodeiro, Agolada e Forcarei).

2. Fornecer de servizos públicos os concellos rurais anteriormente nomeados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Crear unha rede de transporte público que garanta este servizo nos concellos rurais, asegurando un servizo mínimo que favoreza o uso deste e que permita unha maior autonomía dos cidadáns nestes concellos de menos de 5.000 habitantes.

4. Favorecer a dixitalización dos concellos da comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes, en especial daqueles con menos de 5.000 habitantes, para que as condicións sexan de igualdade cos habitantes dos máis poboados.”

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Oscar Insua Lema

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2024 10:29:54

Ariadna Fernández González na data 23/12/2024 10:31:07

Óscar Insua Lema na data 23/12/2024 10:37:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a revacunación anual da lingua azul.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de marzo de 2023 deuse comezo á vacinación obrigatoria da Lingua Azul en Galiza, levada a cabo por persoal dependente da Xunta tras a declaración de catro focos da enfermidade no noso país e coa previsión de vacinar 265.000 bovinos e 87000 ovinos dentro das zonas declaradas coma restrinxidas naquel momento e que logo foron avanzando até estenderse por todo o país.

A pesares de que a intención era que a vacinación se realizase de xeito gratuíto, isto non foi posible na súa totalidade, xa que moitos gandeiros e gandeiras tiveron que botar man de profesionais veterinarios privados que, unha vez o solicitaron, foron autorizados pola Xunta de Galiza para levar a cabo o acto clínico en cuestión, dado que o persoal dependente da Consellería, tanto o propio coma o de TRAGSA, non tiña capacidade de levar a cabo a campaña en tempo e forma, atrasando ou impedindo en moitos casos, o movemento de animais habitual no noso país, tanto a matadoiro coma con destino de vida.

A extensión da zona de movementos restrinxida dentro do país non axudou a que a vacinación se levase de xeito ordenado, atrasando incluso, a habitual campaña de saneamento que se leva a cabo dende hai anos en Galiza co agravante de que a tónica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguiu a ser a mesma o ano seguinte, no 2024, no que os gandeiros e gandeiras seguiron a ter que pagar en moitos casos a veterinarios privados para axilizar os trámites e as pautas vacinais e continuar a levar a cabo os movementos habituais das explotacións gandeiras, dos que depende en grande medida o resultado económico final de ditas empresas.

Malia que os problemas se sucederon a Xunta de Galiza, a través da Consellería de Medio Rural, fixo caso omiso as peticións de profesionais veterinarios e propietarios/as de explotacións, tanto de ovino coma de bovino no senso de levar a cabo o procedemento de xeito máis ordenado e eficaz para que ninguén tivese que sufrir os efectos da mala xestión sobre a vacinación da Lingua Azul, mais non obtiveron como resposta un comportamento diferente, nin unha maneira de actuar distinta. A realidade é que moitos gandeiros e gandeiras teñen que comezar de novo a pauta na actualidade dende o principio, é dicir, volver aplicar dúas doses a cada animal, debido a que en moitos casos non se cumpre coa pauta vacinal axeitada por tardanzas indebidas do persoal dependente da Xunta de Galiza, o que ocasiona graves problemas de manexo para os gandeiros e da lugar a un gasto indebido en doses que non se precisarían se o persoal que está a levar a campaña de vacinación a cabo fose o axeitado. Moitos propietarios prefiren actualmente, levar a cabo o procedemento de xeito privado e pagar polos servizos prestados que agardar pola Consellería de Medio Rural, xa que caen no risco de ter que volver comezar a pauta vacinal nos seus animais no canto de ter unha soa dose de recordo para que estes manteñan a inmunización de xeito correcto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Dotar de persoal abondo aos servizos veterinarios dependentes da Xunta de Galiza para que se leve a cabo de xeito ordenado a campaña de vacinación e se trate dun proceso 100% gratuíto.

2. Garantir que as revacunacións anuais se levan a cabo en tempo e forma, de xeito que non haxa que comezar pautas de vacinación dende cero en ningún caso por responsabilidade da mala xestión da Administración.

3. Elaborar un informe que amose os datos dos animais vacinados de xeito privado no noso país a través dos datos proporcionados pola aplicación (FICADI), achando a contía media de gasto que a Xunta de Galiza aforrou nesta campaña vacinal durante o 2023 e o 2024.”

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 23/12/2024 10:52:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sonia Vidal Lamas na data 23/12/2024 11:01:00

Secundino Fernández Fernández na data 23/12/2024 11:01:40

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2024 11:02:06



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O Porto de Vigo, recoñecido como o maior porto pesqueiro de Europa e un dos principais polos de actividade comercial do Atlántico, conta cunha importancia estratéxica innegable tanto para Galicia como para o conxunto de España e da Unión Europea. A súa posición privilexiada, as infraestruturas de alta capacidade e a súa relevancia internacional como punto de conexión coas principais rutas marítimas deberían convertelo nun elemento esencial da Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T).

Porén, a recente decisión da Unión Europea de non incluír Vigo como porto nodal dentro desta rede supón unha discriminación manifesta cara a Galicia. Esta exclusión implica:

1. Limitación do acceso a fondos europeos destinados á mellora das infraestruturas e a loxística portuaria.
2. Prexuízos económicos para o tecido industrial e comercial galego, especialmente para as empresas que dependen das exportacións e importacións marítimas.
3. Unha perda de oportunidades de desenvolvemento rexional, afectando negativamente a competitividade da comunidade autónoma e a súa integración nas cadeas de subministración europeas e internacionais.

O Porto de Vigo cumpre cos requisitos para ser considerado nodal: liderado mundial no sector pesqueiro, infraestruturas de referencia e unha posición estratéxica que conecta Europa coas rutas de América, África e Asia. Non obstante, a Unión Europea continúa priorizando outros portos menos relevantes, perpetuando un trato discriminatorio que lastra o desenvolvemento do noroeste peninsular.





A Xunta de Galicia e os representantes do sector marítimo-industrial denuncian esta decisión como un exemplo máis de discriminación contra Galicia dentro das políticas europeas. Reiteran que o porto de Vigo é esencial para o desenvolvemento do noroeste peninsular e para a cohesión económica e territorial da Unión Europea.

O Conselleiro do Mar xa advertía que “non recoñecer a importancia de Vigo é ignorar a realidade dun porto que lidera non só en pesca, senón tamén en actividade comercial e conexións estratéxicas. É unha decisión inxusta que prexudica a toda Galicia e que debe ser revisada con urxencia”.

Vigo e Galicia non poden ser excluídas dunha decisión tan fundamental para o futuro do transporte marítimo e a cohesión territorial da Unión Europea. Garantir a inclusión do porto de Vigo na rede nodal é defender o interese xeral da comunidade e da economía galega.

Por todos os motivos expostos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1. Intensificar as accións diplomáticas ante a Unión Europea para reclamar a inclusión do porto de Vigo como porto nodal na Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T).
2. Requirir á Comisión Europea unha revisión inmediata da Regulamento vixente, solicitando o establecemento de criterios obxectivos, que non se limiten ao número de toneladas e que demostren a importancia estratéxica, económica, loxística e sostible do porto de Vigo, así como de outros portos europeos de similares características.
3. Solicitar o respaldo do Parlamento Europeo e dos eurodeputados galegos para visibilizar a inxustiza desta decisión e traballar conxuntamente na súa reversión”.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Alberto Pazos Couñago na data 26/12/2024 11:48:41

Patricia García González na data 26/12/2024 11:48:57

María Deza Martínez na data 26/12/2024 11:49:11

Jesús María Fernández Rosende na data 26/12/2024 11:49:23

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 11:49:32

Dolores Hermelo Piñeiro na data 26/12/2024 11:49:46

Paula Mouzo Mas na data 26/12/2024 11:50:00

Pablo Prieto Perille na data 26/12/2024 11:50:19

Raúl Santamaría González na data 26/12/2024 11:50:28

Manuel Santos Costa na data 26/12/2024 11:50:42



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O 2 de decembro de 2024, no Consello Consultivo de Políticas Agrícolas e Pesqueiras para Asuntos Comunitarios, o conselleiro do Mar, Alfonso Villares, presentaba un informe do Goberno galego que alertaba dun impacto significativo na proposta de recorte da captura de pescada no Gran Sol. Segundo este informe, o impacto demoledor no sector pesqueiro era evidente: diminución do 28% sobre a cota actual; redución acumulada de 4.287 toneladas; 74 millóns de euros de merma na economía galega.

A expectativa coa que se abordaba a reunión do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea os días 9 e 10 de decembro deste ano 2024, na que se debateu as Totales Admisibles de Capturas (TAC) e cotas para 2025 e 2026 no Atlántico para as poboacións de peixes que son competencia exclusiva da UE, atendíase con preocupación máis cando se constataba a redución do 20% na captura de pescada no Atlántico Norte no acordo adoptado co Reino Unido.

Estas accións son imprescindibles para evitar un golpe irreparable a un sector estratéxico para Galicia que representa aproximadamente o 5% do PIB galego e arredor de 50.000 empregos que dependen directa ou indirectamente da pesca. O Goberno galego considera que as decisións comunitarias deben adaptarse á realidade das rexións pesqueiras e esixe un compromiso firme por parte do Estado español na defensa dos intereses do sector galego.

Ante esta situación, o Goberno galego reitera a súa preocupación polos efectos desproporcionados destas reducións sobre o sector pesqueiro de Galicia, por todo elo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para:





- 1.- Demandar que se rectifiquen estas decisións no ámbito comunitario e insistir na necesidade de:
 - Revisar os criterios de reparto das cotas de Gran Sol, priorizando unha distribución máis equitativa.
 - Apostar por melloras nos sistemas de avaliación científica, incorporando datos máis precisos sobre os stocks de pesqueiras en zonas como o Atlántico Norte, baseándose en índices que reflectan as condicións reais das augas galegas”.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 26/12/2024 11:54:06

Patricia García González na data 26/12/2024 11:54:22

María Deza Martínez na data 26/12/2024 11:54:34

Jesús María Fernández Rosende na data 26/12/2024 11:54:45

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 11:54:54

Dolores Hermelo Piñeiro na data 26/12/2024 11:55:05

Paula Mouzo Mas na data 26/12/2024 11:55:18

Pablo Prieto Perille na data 26/12/2024 11:55:30

Raúl Santamaría González na data 26/12/2024 11:55:40

Manuel Santos Costa na data 26/12/2024 11:55:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a mellora do transporte terrestre de persoas na comarca do Baixo Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde que a Unión Temporal de Empresarios (UTE) de Lugove foi adxudicada pola Xunta de Galiza para xestionar o servizo de transporte público na comarca do Baixo Miño, os problemas vinculados á calidade do servizo foron en aumento, xerando unha situación insostible para os usuarios e veciños de toda a comarca.

O transporte público, que debería desenvolver un papel fundamental na mobilidade da poboación, especialmente no rural, viu minguada a súa capacidade para cubrir as necesidades básicas dos cidadáns. Ao longo dos últimos meses confirmouse reiteradamente o incumprimento dos horarios oficiais por parte da empresa concesionaria, o que xerou graves molestias aos usuarios, que se ven obrigados a agardar durante longos períodos, sen ter certeza da hora de chegada dos autobuses. Esta falta de fiabilidade nos tempos de tránsito non só crea incomodidade, senón que tamén afecta á planificación diaria das persoas, sobre todo das que dependen do transporte público para desprazarse aos seus lugares de estudo ou traballo.

A esta situación de incumprimento dos horarios súmase o problema da sobrecarga dos pasaxeiros nos autobuses. En numerosas ocasións os vehículos están





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

totalmente cheos, o que obriga a moitos usuarios a permanecer nas paradas sen poder acceder ao servizo. O servizo non só non responde á demanda existente, senón que tamén está saturado, evitando que as persoas cheguen a tempo aos seus destinos, afectando tanto á súa vida persoal como profesional.

Outro aspecto alarmante é a redución da oferta nos horarios máis concorridos, sobre todo a primeira hora da mañá ou ao mediodía, o que está afectando especialmente aos que se desprazan ao campus universitario de Vigo (CUVI), aos centros educativos e aos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro. Ademais, o tempo de percorrido das liñas prolongouse considerablemente, con traxectos que duran moito máis do previsto, o que indica unha falta de planificación eficiente e unha inadecuada adaptación do servizo ás necesidades reais dos usuarios.

A pesar das reiteradas queixas e demandas presentadas polos afectados, polos colectivos sociais e veciñais, e polos grupos municipais do BNG nos diferentes concellos da comarca, a Xunta de Galicia amosou unha actitude de desatención absoluta, facendo caso omiso das propostas e solucións que se trasladaron dende diversas instancias. Esta falta de resposta institucional non fai máis que afondar na sensación de abandono que sente a poboación afectada, que observa como un servizo esencial como é o transporte público, lonxe de mellorar, vaise deteriorando progresivamente.

Un exemplo, son as diversas alegacións feitas ao anteproxecto XG883 (Comarca Baixo Miño) polo grupo municipal do BNG no Rosal, das que, so se tivo en consideración unha, que foi a de reforzar a liña das alumnas e alumnos que estudan no IES A Sagriña. Servizo, que actualmente esta sobrepasado, quedando algunhas usuarias na propia parada por non dispoñer de praza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O transporte público nos diferentes concellos da Comarca non só é unha necesidade básica, senón que ten un papel estratéxico na mobilidade da poboación. Neste contexto, resulta incomprensible que se xestione tan mal un servizo desta relevancia. A situación actual non só afecta aos cidadáns na súa vida diaria, senón que ten implicacións máis amplas para o conxunto da comarca.

O transporte público ineficaz contribúe á desigualdade territorial, dificultando o acceso aos servizos básicos e ás oportunidades laborais e educativas para quen non dispón doutro medio de transporte. É imprescindible, polo tanto, que se tomen medidas inmediatas para corrixir esta situación antes de que as consecuencias sexan aínda máis graves para os veciños e veciñas das localidades do Baixo Miño.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento Galego insta ao Goberno Galego a revisar e mellorar de xeito inmediato o servizo de transporte público xestionado pola UTE Lugove na comarca do Baixo Miño, cumprindo nun prazo máximo de seis meses os seguintes puntos mínimos:

1. Esixir que se cumpran estritamente os horarios establecidos e que se incrementen as frecuencias nas horas clave, especialmente pola mañá.
2. Garantir que os autobuses teñan a capacidade suficiente para evitar que as persoas queden sen poder acceder ao servizo.
3. Revisar os tempos de viaxe e axusta as liñas para reducir os tempos de viaxe e facelos máis eficientes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Esixir a implantación de novas liñas e aumento de frecuencias co Hospital Álvaro Cunqueiro, incluíndo liñas directas.

5. Esixir a Implantación de novas liñas e aumento de frecuencias ao CUVI (servizo deficiente, como por exemplo no concello de Tui, ou mesmo inexistente nalgúns concellos da comarca)

6. Solicitar unha nova liña de conexión directa entre os concellos de Oia, Tomiño e Tui, mellorando así a mobilidade na propia comarca.”

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/01/2025 10:04:00

Paulo Ríos Santomé na data 02/01/2025 10:04:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 02/01/2025 10:04:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as peticións que a Xunta de Galiza debe facer á Confederación Hidrográfica Miño-Sil coa intención de realizar melloras no río Tamuxe na parroquia de Loureza (Concello de Oia).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Loureza, pertencente ao Concello de Oia, é unha parroquia con carácter rural, na que a actividade agraria e gandeira desenvólvese de xeito continuado dende hai xeracións. A súa situación xeográfica na parte baixa do val creado polo río Tamuxe, aflúente do río Miño, faina unha zona con alto valor ambiental e de biodiversidade.

Así e todo, nesta parroquia sitúanse as pozas de Loureza e da Bugalleira, así como as fervezas de Loureza, espazos naturais no río Tamuxe que son un atractivo turístico para o Concello de Oia.

No ano 2013 realizáronse unhas obras de levantamento dunha presa de terra e pedras e de arranxo dun rego innominado con formigón que servía historicamente para o abastecemento de auga de rego para as veciñas e veciños da parroquia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas obras resultaron nun expediente sancionador por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e a apertura dun proceso contencioso administrativo entre o Concello de Oia e dita Confederación que resultou nunha resolución negativa para o concello no ano 2017, coa conseguinte imposición dunha sanción en concepto de multa polo valor máximo para infraccións leves de 10.000€.

Paralelamente, como xeito de xustificar as obras como servizo de augas e rego ao conxunto da veciñanza da parroquia, o propio Concello de Oia no 2016 intentaba constituír a comunidade de regantes do Folón, mais segundo a propia resolución da Confederación Hidrográfica esta documentación nunca foi entregada a este organismo.

Con todo, a situación actual da zona desta presa do río Tamuxe atópase nun estado deplorable, debido, en parte, a que se substituíu a barreira de terra e pedras, pola cal se interpuxo a sanción, por terra, troncos de árbores e material plástico.

Cómpre realizar unha actuación de mellora nesta zona do río Tamuxe e dar unha solución á comunidade de regantes que demandan un uso da auga para o rego.

Actuacións deste tipo non son alleas no noso territorio como é o caso, na actualidade, da restauración do caneiro de Acea de Olga, no Concello de Lugo. Onde se desviará o curso do río Miño para solucionar o mal estado deste caneiro que xa acumula 10 anos nesa situación.

No entanto, vese preciso que a administración galega estableza un diálogo e demande á Confederación Hidrográfica os permisos necesarios para realizar as actuacións precisas para a mellora da actual presa tendo como criterios imprescindíbeis o respecto ambiental do medio e a seguridade para as persoas usuarias do río Tamuxe, xa que a actual “presa” é usada como zona de paso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a tomar os seguintes acordos:

1. Demandar da Confederación Hidrográfica Miño-Sil os permisos e os informes necesarios para a realización das actuacións precisas nas coordenadas ETRS89: X=515499 Y=4648661, co fin de mellorar a actual presa priorizando criterios ambientais e de seguridade para as persoas usuarias.

2. Establecer o diálogo co Concello de Oia e coas veciñas e veciños de Loureza co fin de legalizar a comunidade de regantes do Folón, que permita á veciñanza desta parroquia abastecerse de auga para o rego.”

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 02/01/2025 10:31:45

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/01/2025 10:31:49

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/01/2025 10:32:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o Plan de choque anunciado pola Xunta de Galiza para cumprir os prazos legais en materia de dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último consello da Xunta de 2024 a Consellaría de Política Social anunciou un Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade destinado a cumprir os prazos legais establecidos en materia de dependencia desde hai dezaoito anos.

Neste senso, anunciouse a bombo e prato unha batería de medidas encamiñadas a garantir que as valoracións de dependencia se realizarán nun período máximo de 6 meses, algo que fixa a Lei de dependencia desde 2006.

Entre as medidas anunciadas pola Xunta atópanse moitas que xa estaban previstas ou en aplicación, como a redución burocrática incluída no Decreto 142/2023 e a tramitación conxunta de dependencia e discapacidade prevista na Lei de acompañamento aos Orzamentos de 2025. Alén doutras que existen desde hai xa 18 anos como a creación dunha prestación económica vinculada á adquisición de servizos para aquelas persoas que se atopan no denominado limbo da dependencia, é dicir, persoas con grao recoñecido e dereito a servizo mais sen acceso a el por falta de prazos públicos dispoñíbeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, a Xunta de Galiza non prevé actuacións de ningún tipo en dous ámbitos esenciais para garantir os dereitos das persoas dependentes e/ou con discapacidade, isto é: máis centros e prazas públicas nin máis persoal nas Equipas de Valoración e Orientación que unicamente manterán até 2027 o reforzo financiado con cargo aos fondos europeos PO FSE+ GALICIA.

Cómpre lembrar que Galiza é a cuarta comunidade autónoma con maior tempo de agarda na tramitación da dependencia. Neste senso, en abril de 2024 o tempo medio de resolución era de 371 días sendo Galiza o territorio onde máis se incrementara a demora. A finais deste ano 2024 o tempo medio situábase aínda máis lonxe, en 387 días.

Segundo o Observatorio Estatal da Dependencia, desde 2017 faleceran no noso País 6.500 persoas agardando pola tramitación das súas solicitudes, máis de dúas persoas ao día, a maior parte delas estaban á espera de acceder ao servizo ao que tiñan recoñecido dereito por lei.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar un Plan de reforzo e ampliación da rede de servizos públicos de atención e axuda á dependencia debidamente orzado e calendarizado así como a ampliación das Equipas de Valoración e Orientación da dependencia e discapacidade obxectivo de garantir que as persoas solicitantes teñen acceso en tempo e forma aos seus dereitos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Cámara insta o Goberno galego a remitir o devandito plan ao Consello galego de benestar e ao Parlamento antes da súa aprobación definitiva para consensuar coas entidades e organizacións sociais e profesionais así como cos grupos parlamentarios as medidas previstas nel.”

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2025 10:59:35

Ariadna Fernández González na data 02/01/2025 10:59:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Brais Ruanova Vilas-Boas, Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a solicitude de informe ao Consello Xeral do Poder Xudicial sobre o establecemento dun sistema de garda de 24 horas nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A organización do sistema de garda dos xulgados de instrución dos diferentes partidos xudiciais do estado está regulado no Acordo de 15 de setembro de 2005, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo que se aproba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais.

No Regulamento establécese un sistema de funcionamento do servizo de garda dos xulgados de instrución en función do número de xulgados cos que conte cada partido, tomando como referencia contar con 45, 13, 10, 8 ou máis xulgados de instrución, ou un número menor, ou que as unidades coas que conte o partido sexan de carácter mixto.

O art. 59 do devandito Regulamento establece que para a garda ordinaria os partidos xudiciais que contén con 8 ou máis xulgados de instrución e menos de 10,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contarán cun xulgado de garda cada semana, sendo o seu horario en xornada partida de 9 a 14 horas e de 17 a 20 de luns a sábado, e de 10 a 14 os domingos e festivos.

A propia normativa establece a posibilidade de que o sistema xenericamente asignado poda ser modificado por acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial previo informe do Ministerio de Xustiza e da Comunidade Autónoma con competencias transferidas, podendo pasarse nos partidos que contén cun mínimo de 8 xulgados de instrución a un servizo de garda de 24 horas e de rotación diaria.

Actualmente os partidos xudiciais de Vigo e A Coruña son os únicos de todo o Estado que, contando con máis de 8 xulgados de instrución, non contan cun sistema de garda de 24 horas os 7 días da semanas, rotándose diariamente o xulgado que asume as funcións de garda.

Dende hai anos as Xuntas de Xuíces/zas de instrución dos partidos de Vigo e A Coruña, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a práctica totalidade dos operadores xurídicos, organizacións sociais e sindicais e os Plenos dos Concellos de Vigo e A Coruña veñen demandado a mellora da prestación do funcionamento da Administración de Xustiza nestes partidos e, entre outras medidas, modificar o sistema de gardas equiparándoo ao de partidos xudiciais análogos. Unicamente é a radical e contumaz oposición do Partido Popular a que está impedindo que os partidos de Vigo e A Coruña contén cunha organización do sistema de garda que melloraría á atención á cidadanía e axilizaría a resposta xudicial e a tramitación dos procedementos que se substancian nestes órganos.

Distintas iniciativas formuladas polo BNG conseguiron que o Ministerio de Xustiza se comprometera a asumir o incremento orzamentar que a implantación de tal sistema puidera implicar no ámbito das súas competencias e responsabilidades actuais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo que unicamente seguen a ser os impedimentos da Xunta de Galiza o que impiden a mellora do servizo.

Mais debido a evidente mellora que implicaría no funcionamento da Administración de Xustiza e a fin de comprobar se os cambios normativos recentemente aprobados ou a evolución da actividade nestes partidos xudiciais alteraron a procedencia da medida que se solicita; dende o Grupo Parlamentar do BNG vimos presentar a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a solicitar do Consello Xeral do Poder Xudicial un informe sobre a posibilidade e comenencia de establecer un sistema de garda de 24 horas e rotación diaria nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña.”

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Brais Ruanova Vilas-Boas

Mercedes Queixas Zas

Iria Taibo Corsanego

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2025 12:38:24

Alexandra Fernández Gómez na data 02/01/2025 12:38:27

Mercedes Queixas Zas na data 02/01/2025 12:38:37

Iria Taibo Corsanego na data 02/01/2025 12:38:45

Carmela González Iglesias na data 02/01/2025 12:38:54

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/01/2025 12:39:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/01/2025 12:39:12





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado decembro, organizado por CONFAPA Galicia, realizouse un coloquio-debate sobre acoso escolar, co obxectivo de visibilizar a terrible problemática do acoso escolar que acontece de soterrada no contexto das nosas aulas, contando cunha participación moi activa do alumnado.

Saíron a relucir algunhas cuestións nas que a Administración educativa debería reflexionar. Unha das máis relevantes foi a inadecuación dos protocolos de acoso á realidade dun alumnado con diferentes niveis de madurez e de capacidade para a xestión dunha incidencia de acoso escolar.

En moitas ocasións a perspectiva das persoas adultas respecto ao acoso impide a comprensión da percepción real das persoas implicadas nun caso de acoso escolar, en calquera dos roles posibles. Cousas tan básicas como que o funcionamento dos puntos laranxas, a estrutura e organización das charlas sobre acoso, a resolución de conflitos que iguala ao acosador co acosado, a problemática das distintas formas de acoso nos centros ou a actuación dos claustros na posta en marcha dos protocolos, foron postas de relevo ao longo do debate.

A principal conclusión á que se chegou por parte das asociacións de Pais e Nais, representadas por CONFAPA Galicia, foi a necesidade de establecer o





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:01:19
Nº Rexistro: 15945
Data envío: 02/01/2025 13:01:19.823

acoso escolar como un dos problema do sistema educativo, e establecer as estratexias, protocolos e procedementos reais e efectivos para loitar contra el.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar o protocolo educativo para a prevención, a detección e tratamento do acoso e do ciberacoso escolar conxuntamente cos representantes do profesorado e as asociacións de pais e nais así como coa participación e propostas do alumnado.
2. Introducir a figura do/a psicólogo/a independente no protocolo para a resolución dos procedementos de acoso que xorden nos centros educativos.

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:50:08

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2025 12:50:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/01/2025 12:50:23

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56205

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de decembro a Consellería informou no Consello Galego de Universidades (CGU) do informe previo favorable da Secretaría de Universidades para a autorización do seu envío a verificación á ACSUG do grao de Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa (UIE), para autorizar a súa implantación, unha vez sometido ao proceso de verificación, o próximo curso académico 2025-2026 e incorporación á oferta académica da Facultade de Administración de Empresas e Dereito da UIE, xunto co grao en Administración e Dirección de Empresas e o grao en Negocios Dixitais.

UIE imparte actualmente outro cinco graos, simultaneamente nos seus campus da Coruña e Vigo: entre os que se atopan Enxeñaría en Sistemas Intelixentes (unha especialidade de Enxeñaría Informática), Administración e Dirección de Empresas e Psicoloxía, que xa se imparten en todas, ou algunha como Psicoloxía, universidades públicas do SUG.

A estas titulacións únese agora Dereito que xa se imparte nas tres universidades públicas de Galicia e en 4 dos sete campus públicos da nosa comunidade.

Está claro que para a autorización das titulacións desta universidade privada non se seguen os mesmos criterios de complementariedade, titulacións non





existentes e non duplicación que se esixen ás propostas de titulacións das universidades públicas, tendo en conta que o informe previo de envío a verificación é potestade exclusiva da Consellería, que unicamente informa ao CGU do resultado. Esta situación é máis contraditoria cando ás universidades públicas non se lles autoriza incorporar estas titulacións e mesmo se lles impide incrementar as prazas nas titulacións de alta demanda xa implantadas que non cobren as necesidades da sociedade. Como denunciaron as universidades públicas no momento da autorización da universidade privada non se están utilizando os mesmos criterios de xestión e de calidade dentro do SUG o que dificulta o funcionamento e sustentabilidade do noso sistema público favorecendo á universidade privada.

O diferente trato do sistema universitario público e privado do SUG por parte da Consellería queda patente cando vemos que a UIE xa ten na súa páxina web o plan de estudos e xa se pode iniciar o proceso de inscrición cando aínda non está realizada a verificación, cuestión que non poden realizar as universidades públicas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Utilizar os mesmos criterios no informe previo de autorización de envío a verificación de novas titulacións nas universidades públicas e privadas do sistema. Mantemento dos criterios de complementariedade, non duplicación e consenso entre as institucións, públicas e privadas, do SUG.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:02:31
Nº Rexistro: 15951
Data envío: 02/01/2025 13:02:31.386

2. Non autorizar a duplicación na universidade privada de titulacións que son impartidas no sistema universitario público de Galicia.

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:52:43

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2025 12:52:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/01/2025 12:53:00

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56208

@PSdeG



CSV: BDRSDRBD37J56M1F66V0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No comezo do curso a situación do CEIP de Cernadas de Castro de Lousame, o único centro de primaria e ESO do concello, era altamente preocupante pola supresión de unha praza de especialista de Audición e Linguaxe e de un coidador dos dous asinados no curso 2023/2024.

Esta situación corrixiuse en parte pola incorporación aos centro do especialista en AL, pero non do coidador.

Neste CEIP de Cernadas de Castro están actualmente escolarizados 3 rapaces, un cunha enfermidade rara e dous con síndrome autista, cun alto grao de dependencia.

O curso pasado o centro dispoñía de dúas persoas coidadoras para os tres rapaces e neste curso solo hai un.

Está claro que un único coidador é totalmente insuficiente xa que os tres rapaces están escolarizados en distintos cursos e non coinciden nin na aula nin nos horarios escolares, o que supón unha deficiente asistencia aos rapaces e unha sobrecarga de traballo mais alá do esixible do único coidador/a.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:03:41
Nº Rexistro: 15957
Data envío: 02/01/2025 13:03:41.402

Este problema non é un caso puntual e que xa máis centros fixeron as súas queixas e varias asociacións de nais e pais veñen queixándose da precariedade de recursos asinados, e incluso suprimidos, cara este alumnado con NEAE tanto de especialistas (PT e AL) como de cuidadores. Aínda máis dolorosa esta situación cando a Consellería publicita día tras día que o noso é un sistema educativo que ten unha maior taxa de nenos con necesidades especiais escolarizados do estado español o que require, polo tanto, un maior esforzo, mais alá das ratios, por parte de administración educativa para que a escolarización destes nenos se realice en condicións adecuadas de cada caso e non sexa mais que un slogan.

Por iso, o centro CEIP de Cernadas de Castro de Lousame precisa doutro cuidador/a co fin de proporcionar unha atención de calidade ao alumnado do centro con alto nivel de dependencia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar a asignación inmediata no CEIP de Cernadas de Castro de Lousame dun novo cuidador/a. Este persoal é esencial para atender as necesidades educativas do alumnado matriculado no centro e cumprir cos estándares que a propia Consellería di cumprir de educación inclusiva e con equidade.

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:54:59

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56210

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:03:41
Nº Rexistro: 15957
Data envío: 02/01/2025 13:03:41.402

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2025 12:55:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/01/2025 12:55:16

CSV: B0PISDRECC7F50M4GRUW0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

56211

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:04:44
Nº Rexistro: 15962
Data envío: 02/01/2025 13:04:44.480

marisqueiros no ano 2024 con cargo ao fondo axudas estables ás persoas traballadoras dos mar afectados, coa cofinanciación do FEMPA, pola paralización de actividade como consecuencias da baixa produtividade dos bancos marisqueiros.

2. Solicitar a aplicación de criterios realistas, negociados co sector, así como una xestión burocrática áxil para acceder a solicitude e concesión da axuda.

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:57:29

Carlos López Font na data 02/01/2025 12:57:37

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/01/2025 12:57:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56214

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Julio García Comesaña, Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Exposición de Motivos

No ano 2021, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o programa de axudas María Zambrano para a recualificación do persoal docente procedente do estranxeiro e a súa incorporación ao sistema universitario español.

O que no seu momento parecía unha oportunidade para apoiar o talento investigador en España é hoxe un problema para os máis de 700 investigadores que foron contratados a través deste programa e que, en moitos casos, deixaron os seus postos de traballo en institucións internacionais para volver a España.

Debido á falta de planificación do Goberno central, estes investigadores enfróntanse a un futuro incerto diante da inminente finalización dos seus contratos. O programa María Zambrano remata en 2024 e a maioría dos investigadores non teñen opcións de continuidade nin acceso a outras vías de estabilización que lles permita continuar a súa labor en España.

Esta situación afecta gravemente aos participantes do programa –no caso de Galicia máis de 20— pero tamén supón un retroceso para o ecosistema investigador que é sinónimo de benestar e xeración de riqueza.

Desde o Grupo Popular consideremos que o talento altamente cualificado que chegou a España mediante o programa María Zambrano non pode ser desbotado sen máis pola falta de planificación do Ministerio que encabeza Diana Morant e a ausencia de mecanismos reais para a súa recolocación.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades que habilite, de xeito urgente, un plan específico que permita a recolocación e a estabilización dos investigadores afectados pola finalización do programa María Zambrano.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 02/01/2025 13:25:30

Alberto Pazos Couñago na data 02/01/2025 13:25:48

Cecilia Vázquez Suárez na data 02/01/2025 13:26:13

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/01/2025 13:26:17

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/01/2025 13:26:55

Víctor Baladrón Lamas na data 02/01/2025 13:27:04

José Luis Ferro Iglesias na data 02/01/2025 13:27:39

Patricia García González na data 02/01/2025 13:27:42

Carmen Pomar Tojo na data 02/01/2025 13:28:18

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 13:28:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Oscar Insua Lema, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a crise demográfica na comarca Deza-Tabeirós e Terra de Montes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise demográfica é unha realidade galega que os propios datos amosan anos tras ano, onde as defuncións superan os nacementos no noso país de xeito rutineiro segundo o INE, aínda que o desequilibrio territorial nesta cuestión é manifesto. A media de perda de habitantes entre o 2010 e o 2022 chegou ao 20,85% nos concellos de menos de 5000 habitantes, en comparanza co promedio nacional, que queda nunha cifra moito menor, achegándose ao 4% segundo datos recentes, o que explicita que se precisan políticas públicas que valoren as especificidades de cada zona en particular para paliar o problema.

É dese xeito como concellos rurais e de pequeno tamaño galegos, están nunha situación de declive poboacional que arrastran dende hai décadas, sendo máis grave na provincia de Lugo e Ourense, pero que tamén afecta xa, con datos preocupantes, ás zonas do interior de Pontevedra. É nesa área, onde se sitúa a comarca do Deza, Tabeirós- Terra de Montes que conta na actualidade con 68.662 habitantes, amosando un previsible decrecemento con respecto ao ano anterior.

A densidade de poboación é de 41 habitantes/km2 no Deza e de 52 en Tabeirós-Terra de Montes, a pesares de contar coa presenza de dúas grandes vilas que se manteñen por enriba dos 20.000. Os datos do Instituto Nacional de Estadística e do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

padrón municipal a 1 de xaneiro de 2024, aválannos para confirmar que nesta área se localizan os 4 concellos con menos habitantes por quilómetro cadrado da Provincia, cun grave descenso en número e un acusado envellecemento poboacional. Entre eles atópanse Dozón (16 hab/km²), Agolada (18 hab/km²), Rodeiro (20 hab/km²) e Forcarei (21 hab/km²), os dous primeiros os únicos da provincia que baixan dos vinte habitantes/km² e que de seguir así será xeneralizado, xa que todos teñen arredor do 40% da súa poboación cunha idade superior a 64 anos.

Os concellos máis necesitados de medidas urxentes reúnen catro características comúns: son municipios de menos de 5.000 habitantes, cun crecemento vexetativo menor ao 10% e unha taxa de variación da poboación entre 2016 a 2021 do 0%, a maiores dunha densidade do 20% ou inferior. Na devandita comarca, o consello de contas, pon o foco da despoboación nos concellos anteriormente nomeados tres dos cales, a excepción de Agolada que tivo un lixeiro crecemento poboacional de 28 persoas, perden habitantes, especialmente Dozón e Forcarei, cunha baixada de 3,2 e un 1,9 puntos porcentuais respectivamente, que pon en perigo a súa pervivencia no tempo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Que medidas concretas se está a tomar nos concellos de Deza-Tabeirós/Terra de Montes para frear o acelerado ritmo de despoboación que afecta ao interior da provincia de Pontevedra e especialmente aos concellos con menos de 5.000 habitantes?

. Están os concellos anteriormente nomeados formando parte do grupo dos municipios en risco de despoboamento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Estanse a valorar os datos concretos destes concellos para coñecer os efectos das medidas tomadas ate o de agora para frear o despoboamento e modificalas no caso de ser necesario?

. Cre a Xunta de Galiza que está relacionado o problema do despoboamento destes catro concellos coa falla de servizos públicos básicos que sofren en todos os casos?

. Plantéxase restablecer os servizos sanitarios mínimos que foron minguando para combater a crise demográfica?

. Que tipo de medidas relacionadas co transporte público se están a tomar para garantir este servizo nestes concellos?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Oscar Insua Lema

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 23/12/2024 10:33:54

Óscar Insua Lema na data 23/12/2024 10:37:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Frenández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a revacunación anual da lingua azul.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de marzo de 2023 deuse comezo á vacinación obrigatoria da Lingua Azul en Galiza, levada a cabo por persoal dependente da Xunta tras a declaración de catro focos da enfermidade no noso país e coa previsión de vacinar 265.000 bovinos e 87000 ovinos dentro das zonas declaradas coma restrinxidas naquel momento e que logo foron avanzando até estenderse por todo o país.

A pesares de que a intención era que a vacinación se realizase de xeito gratuíto, isto non foi posible na súa totalidade, xa que moitos gandeiros e gandeiras tiveron que botar man de profesionais veterinarios privados que, unha vez o solicitaron, foron autorizados pola Xunta de Galiza para levar a cabo o acto clínico en cuestión, dado que o persoal dependente da Consellería, tanto o propio coma o de TRAGSA, non tiña capacidade de levar a cabo a campaña en tempo e forma, atrasando ou impedindo en moitos casos, o movemento de animais habitual no noso país, tanto a matadoiro coma con destino de vida.

A extensión da zona de movementos restrinxida dentro do país non axudou a que a vacinación se levase de xeito ordenado, atrasando incluso, a habitual campaña de saneamento que se leva a cabo dende hai anos en Galiza co agravante de que a tónica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguiu a ser a mesma o ano seguinte, no 2024, no que os gandeiros e gandeiras seguiron a ter que pagar en moitos casos a veterinarios privados para axilizar os trámites e as pautas vacinais e continuar a levar a cabo os movementos habituais das explotacións gandeiras, dos que depende en grande medida o resultado económico final de ditas empresas.

Malia que os problemas se sucederon a Xunta de Galiza, a través da Consellería de Medio Rural, fixo caso omiso as peticións de profesionais veterinarios e propietarios/as de explotacións, tanto de ovino coma de bovino no senso de levar a cabo o procedemento de xeito máis ordenado e eficaz para que ninguén tivese que sufrir os efectos da mala xestión sobre a vacinación da Lingua Azul, mais non obtiveron como resposta un comportamento diferente, nin unha maneira de actuar distinta. A realidade é que moitos gandeiros e gandeiras teñen que comezar de novo a pauta na actualidade dende o principio, é dicir, volver aplicar dúas doses a cada animal, debido a que en moitos casos non se cumpre coa pauta vacinal axeitada por tardanzas indebidas do persoal dependente da Xunta de Galiza, o que ocasiona graves problemas de manexo para os gandeiros e da lugar a un gasto indebido en doses que non se precisarían se o persoal que está a levar a campaña de vacinación a cabo fose o axeitado. Moitos propietarios prefiren actualmente, levar a cabo o procedemento de xeito privado e pagar polos servizos prestados que agardar pola Consellería de Medio Rural, xa que caen no risco de ter que volver comezar a pauta vacinal nos seus animais no canto de ter unha soa dose de recordo para que estes manteñan a inmunización de xeito correcto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. É coñecedora a Xunta de Galiza de que o protocolo vacinal da Lingua Azul continúa a ter graves eivas na súa aplicación dous anos despois de comezar coa súa implantación?

. Que medidas está a tomar a Xunta de Galiza para que os gandeiros/as non precisen facerse cargo economicamente do protocolo vacinal da Lingua Azul debido a falla de coordinación e a escaseza de persoal facultativo que o leve a cabo dende a Consellería?

. Prevé a Xunta de Galiza facerlle fronte aos gastos ocasionados pola súa mala xestión desta campaña vacinal no caso dos gandeiros/as que teñen que optar polo servizo privado por mor das esperas?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 23/12/2024 10:54:57

Sonia Vidal Lamas na data 23/12/2024 11:00:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández na data 23/12/2024 11:01:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación que se vive no CEIP Plurilingüe Vilaxoán, no concello de Vilagarcía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alumnado CEIP Plurilingüe de Vilaxoán, veuse incrementado o último curso, sen que non só non se fixese o incremento correspondente nin de profesorado nin de persoas coidadoras, senón que, pola contra, este viuse reducido a dous únicos especialistas, xa que o centro foi excluído do Programa PROA+ a pesar de cumprir cos requisitos de selección e contar cunha aula de atención preferente.

O CEIP de Vilaxoán acolle a 206 alumnos e alumnas, dos cales un 31%, cuxo seguimento é realizado pola docente do Departamento de Orientación, precisa dun xeito ou outro unha atención educativa especial, sexa polas necesidades de reforzo, discapacidade ou algún tipo de trastorno.

Ademais, existe un número importante de alumnado que aínda está en proceso de valoración polo Equipo de Orientación Específico da Consellería de Educación, o que pode incrementar as necesidades de atención educativa cando se resolvan os informes psicopedagóxicos.

Todo isto provoca que a atención nestas condicións seca moi deficitaria, xa que dito alumnado precisa un tratamento educativo especial. Ademais, a situación vese agravada co feito de que só contan con dúas persoas coidadoras, superándose a rateo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

establecida pola normativa vixente. Mentres que esta indica que corresponde unha persoa por cada 6 nenos e nenas, no CEIP de Vilaxoán están atendendo cada unha a 9 alumnas e alumnos. Isto provoca que haxa alumnado que ao longo do día se vexa obrigado a quedar sen acompañamento.

En consecuencia, hai unha sobrecarga do traballo do profesorado que atende simultaneamente a ese alumnado con necesidades educativas especiais e ao resto

Falamos dun centro que conta con alumnado con TEA, trastornos de conduta, trastorno xeneralizado do desenvolvemento, grandes dependentes e nenos e nenas con altas necesidades.

Teñen claro que dispor dunha profesional Especialista e dunha persoa coidadora máis non soluciona a súa situación, pero sería o que por lei lles corresponde e, cando menos, aliviaría o cadro existente.

A maiores da falta de profesorado especializado, as poucas sesións que lle corresponden a cada alumno non son suficientes, provocando que nenas e nenos nin aprendan nin socialicen. Se a xornada escolar son 25 horas semanais, a lei limita as sesións a 7 horas semanais. Isto xa é de por si escaso, máis no caso do centro que nos ocupa, é imposible que alumnas e alumnos avancen xa que ningún chega a ter esas 7 horas de apoio e o resto do tempo pásano con profesorado sen formación específica.

O número de escolares con NEAE non fai máis que aumentar. A atención á diversidade e a inclusión non é un capricho, é un dereito, e a obriga da Xunta é garantilo. Escolarizar a un neno ou nena con NEAE nun centro ordinario sen apoios non é inclusión, é exclusión.

Ante esta situación e ante a pasividade da Xunta de Galiza, logo de reiteradas peticións de apoio á Inspección Educativa, a directiva do centro tomou a decisión de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentar a súa dimisión, que non foi aceptada pola Consellaría de Educación alegando que o ían resolver, mais sen ningunha concreción de recursos nen data.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai a Xunta de Galiza atender as demandas da comunidade educativa do CEIP Plurilingüe de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía, de aumento de profesorado especialista e persoal coidador, para garantir que a atención á diversidade sexa unha realidade e non unha declaración?

Considera a Xunta de Galiza que co cadro de persoal existente no CEIP Plurilingüe de Vilaxoán, o alumnado do mesmo recibe unha asistencia de calidade?

Considera que escolarizar a un neno ou nena con NEAE nun centro ordinario sen apoios é inclusión ou fomenta a exclusión?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/12/2024 11:10:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 23/12/2024 11:10:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonso, Carmela González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre posición do Goberno Galego ante os compromisos de Stellantis coa planta de Vigo e o futuro do sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días coñeceuse a saída do CEO de Stellantis, o señor Carlos Tavares, esta nova supuxo un terremoto mediático no sector, así como en diferentes estados nos cales Stellantis ten unha presenza salientable na industria do motor.

Esta nova non é allea a Galiza pois, como xa se ten trasladado no propio Parlamento Galego, o sector da automoción na economía galega supón un importante factor, tanto na xeración de emprego potencial como no aumento do peso do PIB industrial e as exportacións.

Con todo, nos últimos tempos viviuse unha voráxine de novas, anuncios e reaxustes por parte do sector e das propias administracións galega e estatal, que lonxe de despejar as dúbidas sobre como vai ser o futuro deste sector no país, non concretaron no como vai afectar ao emprego e á carga de traballo no conxunto do sector a descarbonización da mobilidade.

O pasado mes de novembro o propio Tavares reuníase co presidente do Goberno central, o señor Sánchez, onde se expresaron certos compromisos a futuro das distintas plantas que Stellantis ten no estado, mais excluindo mencionar ningún compromiso para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o plan industrial do futuro da súa planta en Balaídos, cómpre dicir, a máis productiva do xigante da automoción.

Esta falta de concreción en cal vai ser o plan de futuro para a planta de Balaídos deixa no aire certas cuestións como a posta en marcha da plataforma STLA Small, para a cal se están a adaptar as industrias auxiliares co fin de garantir a súa presenza como fornecedoras de compoñentes.

Por outra banda está o compromiso da chegada da alta tensión a Vigo a través do proxecto Novo Vigo 220kV, que alén do propio beneficio para a estabilidade da planta de produción de Stellantis, servirá tamén para o mellor funcionamento da rede da propia cidade.

Cómpre salientar que entre os compromisos coa automoción galega debe priorizarse que estas estean encamiñadas no establecemento dun plan industrial a longo prazo, de medidas que garantan a carga de traballo nomeadamente nas auxiliares, a garantía do emprego de calidade e de longa duración, a aposta por atraer novos actores industriais que diminúan a dependencia dun único gran fabricante e a fabricación dos compoñentes de maior valor engadido no sector e, por último, a loita contra a deslocalización de actividades.

Polo tanto referido ao plan industrial para o futuro, faise necesario o diálogo cos sectores sociais, sindicais e formativos para que o tan anunciado plan director non sexa un documento de boas intencións que esqueza á clase traballadora no sector.

O goberno galego debe asumir como unha responsabilidade propia a atracción de novos fabricantes e da instalación de centros de fabricación dos compoñentes do coche do futuro sen necesidade de intermediarios.

No tocante ao emprego a prioridade debe ser a de garantir unhas condicións de traballo dignas que abandone o modelo de precarización, de redución de dereitos, de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desregularización da xornada laboral, de incompatibilidade da vida laboral coa persoal e da aplicación indiscriminada de ERTES que en moitos casos son fraudulentos.

Polo tanto é preciso que o Goberno Galego exerza as súas competencias en materia industrial e que defenda, en primeiro lugar, que se cumpran en prazos razoables os compromisos adquiridos por Stellantis coa planta de Vigo e, en segundo lugar, que se exerza a forza precisa ante quen faga falta para garantir que Galiza se converta nun polo de desenvolvemento da automoción coa prioridade de xerar e garantir emprego de calidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Que accións está levando a cabo o Goberno Galego para garantir que se cumpran os compromisos adquiridos por Stellantis para a a planta de Balaídos?

- Pensa o Goberno Galego colaborar, se for preciso, con outras administracións para garantir a conexión de Stellantis á moi alta tensión?

- De que xeito está traballando o Goberno Galego para atraer novos actores de fabricación de vehículos a Galiza?

- De que xeito está traballando o Goberno Galego para atraer novos actores de fabricación dos compoñentes de maior valor engadido en Galiza?

- Que pensa facer o Goberno Galego para revertir a situación de precariedade da clase traballadora no sector?

- Que pensa o Goberno Galego sobre a aplicación indiscriminada e fraudulenta de ERTES no sector? Pensa facer algo co fin de corrixir esta situación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas está despregando o Goberno Galego para evitar procesos de deslocalización?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/12/2024 11:18:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/12/2024 11:18:46

Carmela González Iglesias na data 23/12/2024 11:19:08

Alexandra Fernández Gómez na data 23/12/2024 11:19:09



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Katherinie Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O pasado 19 de decembro, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático Ángeles Vázquez Mejuto, tivo a oportunidade de intervir na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado para solicitar, unha vez máis, ao Goberno Central que revise o nivel de protección do lobo.

Por certo, que o BNG non estivo presente nun tema tan primordial para Galicia, e no que hai un fronte común de todas as comunidades lobeiras ao norte do río Douro (Asturias, Cantabria e Castela e León, ademais de Galicia) contra a inclusión do lobo no Lesrpe.

Os conselleiros responsables deste asunto en Castela e León, Galicia, Cantabria e A Ríoxa, xunto con outros altos cargos de Aragón, Murcia, Extremadura e Madrid, reprocharon de xeito conxunto no Senado a imposición por parte do Goberno Central de incluír esta especie no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (Lesrpe), unha decisión que adoptou en 2021 baseada en cuestións ideolóxicas e culturais, pero non científicas, e que se está a demostrar con datos rigorosos que vai en contra do medio rural.

O posicionamento de Galicia neste asunto está avalado, ademais, pola UE que o pasado 3 de decembro, no comité permanente do Convenio de Berna, que é o órgano encargado de xestionar as modificacións da lista de especies protexidas, aprobou o cambio do status internacional do lobo en Europa de estritamente protexido a protexido.

É un posicionamento que defenden non só todas as comunidades lobeiras ao norte do río Douro, senón tamén as organizacións e cooperativas agrarias.

E, como se dicía anteriormente, é un posicionamento que está avalado por datos: en Galicia hai 93 mandas de lobos cunha distribución ampla polo territorio, abarcando entorno ao 91%, e que o seu estado de conservación é favorable ao norte do río Douro.





Así mesmo, desde a inclusión do lobo na LESRPE, o sector alerta dun aumento da presión e dos ataques ao gando en Galicia, a pesar do reforzo das medidas de prevención que se están a acometer (mastíns, peches fixos e móbiles, etc.), cun incremento dos avisos, un 72% máis desde 2021, o que supón un 57% máis de reses afectadas, e este crecemento sigue unha tendencia exponencial.

Ademais, o importe dos investimentos para indemnizar aos gandeiros galegos aumentou en case un 154% nos últimos 9 anos (desde 2016).

A situación para o mundo rural é insostible, xa que o sector gandeiro ten que soportar día tras días os ataques aos seus animais, facendo xa, en algúns casos, inviables, desde o punto de vista económico, as súas explotacións.

Máis aló de cores políticos, é preciso cambiar o rumbo neste asunto. Nestes intres, co aval dos datos e co cambio de status de protección na UE, non hai xustificación algunha para negarse a retirar ao lobo do Lesrpe.

Tamén estamos de acordo coa petición da Xunta de Galicia de poder realizar accións de control puntual sobre a especie, sempre que se dean motivos debidamente acreditados. É a única maneira de que a fauna e o ganado poidan coexistir.

En definitiva, esta decisión do Goberno central está a dificultar o equilibrio entre a especie e o sector primario no medio rural cun aumento dos avisos e do número de reses afectadas, e, como acaba de determinar o comité permanente do Convenio de Berna, as autoridades europeas dannos a razón.

A Xunta de Galicia non se opón á conservación da especie, pero si á desprotección do rural e ás medidas que está a tomar o Goberno Central sen motivo xustificado.

Por todo o exposto, Os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte pregunta oral:

-Como valora o Goberno galego o posicionamento e o fronte común das comunidades lobeiras ante o ataque do Goberno Central á nosa gandería e o noso medio rural?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024.





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 23/12/2024 11:18:15

Carmen Pomar Tojo na data 23/12/2024 11:18:34

Roberto Rodríguez Martínez na data 23/12/2024 11:18:50

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/12/2024 11:19:02

Katherinie Varela Fernández na data 23/12/2024 11:19:20

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/12/2024 11:19:30

José Luis Ferro Iglesias na data 23/12/2024 11:19:47

Cristina Campero Dorado na data 23/12/2024 11:20:49

María Deza Martínez na data 23/12/2024 11:21:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Katherinie Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Galicia por fin poderá xestionar o seu litoral, despois de que a Xunta, tras largos meses de intenso traballo e grazas á constancia do Goberno galego neste asunto prioritario para a nosa comunidade autónoma, conseguira que o Estado transfira as competencias. O martes 17 de decembre, o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, confirmaba o acordo pechado, un punto ao que non foi doado chegar pola oposición do Goberno de Pedro Sánchez. A Xunta tivo que sufrir o paso de pelota deste asunto entre ministerios e a falta dunha resposta clara, pero o Goberno galego está xa acostumado ao non polo non.

A primeira vez que o presidente da Xunta reclamou a transferencia a Sánchez do litoral foi en xullo do 2022, quen rexeitou tal cesión. Ante tal negativa, Galicia non se deu por vencido e en xullo de 2023, o Parlamento galego aprobou a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga), unha norma que converteu a Galicia na primeira comunidade española que regulaba mediante lei o seu litoral en toda a súa extensión. É dicir, tanto mar dentro como terra dentro.

En Galicia, polo tanto, somos líderes na xestión integral da nosa costa grazas ao deseño e aprobación desta Lei.

A costa galega ordenouse desde un triplo perspectiva tal como establece a Unión Europea, é dicir, desde unha perspectiva social, económica e medioambiental.

Foi unha normativa que naceu do profundo convencemento de que o Estatuto de Autonomía outorgaba á nosa Comunidade Autónoma a competencia para legislar sobre o noso litoral, sen necesidade de modificar o Estatuto.

Tras a súa aprobación no Parlamento de Galicia, sen un só voto en contra, foi recorrida de inconstitucionalidade polo Goberno Central, pero o Tribunal Constitucional declarou constitucionais 70 dos 72 preceptos recorridos.





É xa o momento de que se poña en práctica na súa totalidade e, por iso, tras pecharse o acordo para a transferencia das competencias, Galicia precisa agora que se convoque canto antes a Comisión Mixta de Transferencias para ratificar o pacto e que se traspasen canto antes os medios materiais e humanos precisos para exercer esta competencia -insistimos- clave para a nosa comunidade.

Temos constancia de que chegar a este fito responde única e exclusivamente a un completo traballo desenvolvido polo Goberno galego en defensa dos lexítimos intereses de Galicia e ao obxectivo que se marcou a Xunta hai meses: ordenar de forma integrada a costa, ofrecendo seguridade xurídica a todos os que viven nela. Garantindo, desta forma, a función social da costa galega. E consolidando o futuro do noso litoral, dos seus valores naturais, patrimoniais, paisaxísticos e económicos.

Por todo o exposto, Os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte pregunta oral:

-Que valoración fai o Goberno galego sobre este fito clave conseguido para Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 23/12/2024 11:36:44

Carmen Pomar Tojo na data 23/12/2024 11:37:11

Roberto Rodríguez Martínez na data 23/12/2024 11:37:23

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/12/2024 11:37:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Katherinie Varela Fernández na data 23/12/2024 11:38:16

Cristina Campero Dorado na data 23/12/2024 11:38:26

José Luis Ferro Iglesias na data 23/12/2024 11:38:35

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/12/2024 11:38:46

María Deza Martínez na data 23/12/2024 11:39:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0P5DTRB0Cz7z15p4t4p0x0-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as necesidades do CEIP Bergantiños (Carballo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao tempo de rexistrar esta iniciativa, dous meses despois do inicio do curso escolar 2024-2025, segue a se evidenciar unha realidade incontestable: a atención á diversidade no ámbito educativo non é prioritaria para a Consellería de Educación da Xunta de Galiza.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ten dereito a unha educación inclusiva e de calidade, tal e como se recolle na Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, publicado no Diario Oficial de Galiza o 26 de outubro de 2021. O que obriga á Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en materia educativa, a dotar aos centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para atender ao alumnado con necesidades especiais.

Mais o Goberno galego incumpe esa obriga legal. E non é esta unha afirmación teórica, senón unha realidade, como dicimos, evidente e incuestionable. Evidente porque son moitos os centros de ensino e as comunidades educativas que seguen a denunciar de xeito público que a Xunta está a vulnerar de xeito reiterado os dereitos das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

crianzas con necesidades específicas de apoio educativo. Incuestionable, porque do que estamos a falar é de crianzas, con nome e apelidos, con necesidades específicas de apoio educativo constatadas polos equipos de orientación. Alumnos e alumnas que precisan dunha atención (á que teñen dereito por lei) que só se pode prestar con mestras e mestres especializados. Con equipos de atención a diversidade ben dotados, con especialistas en Audición e Linguaxe, en Pedagogía Terapéutica, coidadores e profesorado de apoio en número suficiente para atender a este alumnado. Mais, como dicimos, a atención á diversidade non é prioritaria para a Consellería de Educación da Xunta de Galiza.

Só na comarca de Bergantiños, e circunscribíndonos ao presente curso escolar, atopamos casos que xustifican esta afirmación. Carencias na atención á diversidade afloraron no CEIP Canosa-Rus (Coristanco), no Agra de Leborís (A Laracha) ou no Centro Público Integrado Cabo da Area (Laxe). Mais tamén no CEIP Bergantiños.

O CEIP Bergantiños sitúase no concello de Carballo e conta con 575 alumnos e alumnas. Desde a dirección do centro, mais tamén desde a ANPA, comunicáronlle á Consellería de Educación que neste centro 20 destas crianzas están recoñecidas como alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE), ao tempo que 180 teñen certificación como alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). Constitúen, polo tanto, un 35% do total. Desde a comunidade educativa denuncian que estas crianzas non están a recibir a atención á que teñen dereito por lei ante a insuficiencia do persoal docente e especialista. Situación agravada polo feito que neste momento hai 50 alumnos pendentes de valoración por parte da única orientadora do centro, que certo elevarán a porcentaxe de alumnado con necesidade de apoio certificado. Existe neste centro un nutrido grupo de alumnado sen competencia en lingua galega ou castelán, que fai tamén necesario dotar a este centro dun Grupo de Adquisición de Linguas, dotado de profesorado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, é necesario e urxente que a Consellería se reúna coas familias e equipo directivo do centro e atenda a súas xustas demandas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Considera o Goberno galego que o CEIP Bergantiños conta cun equipo docente especializado suficiente para atender ao alumnado con NEE e NEAE?

- Considera que o alumnado con NEE do CEIP Bergantiños ten garantida atención e o ensino que precisan e ao que teñen dereito?

- Considera o Goberno galego que é necesario o reforzo de profesorado de apoio neste centro atendendo ás necesidades do alumnado?

- Considera o goberno galego que o número actual de orientadores cos que conta este centro, permite que o alumnado que precise apoio educativo pode ser valorado en tempo e forma para non ver vulnerado o seu dereito a unha educación inclusiva e de calidade?

- Coñece a Xunta de Galiza que neste centro existe un nutrido grupo de alumnado sen competencia en lingua galega ou castelán? Que medidas ten pensado adoptar para garantir unha educación de calidade para estas crianzas?

- Considera necesario dotar a este centro dun Grupo de Adquisición de Linguas, dotado de profesorado?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 23/12/2024 12:32:07

Cristina Fernández Davila na data 23/12/2024 12:32:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a promoción da autonomía persoal e a accesibilidade dos fogares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos publicados recentemente no VIII Informe de situación 2024: Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galiza elaborado pola Rede galega contra a pobreza, un 37,7% de fogares galegos declara que o edificio no que se situaba a súa vivenda principal non era de fácil acceso.

Os problemas de accesibilidade, sinala o informe de EAPN-Galiza, incrementáanse a medida que diminúe o nivel de ingresos do fogar, sendo os fogares con menos accesibilidade os que teñen rendas mensuais inferiores a 1000 euros, é dicir, aqueles que están en pobreza relativa ou severa.

Actualmente as axudas da Xunta para acometer medidas de adaptación e supresión de barreiras arquitectónicas xestiónaas a Consellaría de Vivenda e distribúense non en función da necesidade das persoas solicitantes senón pola súa rapidez (concorrenza non competitiva) e iso fai que moita xente que o precisa non consigan acceder a elas.

Para o G.P. do Bloque Nacionalista Galego, poder adaptar a túa casa non pode depender de ter mellor conexión a internet ou maior axilidade á hora de cubrir unha solicitude senón que deben ter en conta as necesidades e situación socioeconómica das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas que as solicitan. Así mesmo, é necesario habilitar liñas de axuda encamiñadas a facilitar o acceso da poboación a a adquisición de órteses, próteses e axudas técnicas que non estean recollidas no sistema sanitario así como outras axudas técnicas que non sexan cubertas polo sistema sanitario.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai impulsar a Xunta de Galiza axudas para promover a accesibilidade e a autonomía persoal?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Ariadna Fernández González
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/12/2024 12:35:51

Ariadna Fernández González na data 23/12/2024 12:35:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 23/12/2024 12:36:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de mellorar a asistencia sanitaria no Hospital comarcal da Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital da Costa da Morte “Virxe da Xunqueira” leva 27 anos prestando servizos sanitarios para a toda a comarca, mais sen incrementar, neste lustro, a oferta asistencial. No último ano, o investimento realizado no centro centrouse na ampliación das instalacións do servizo de urxencias, despois de anos sen melloras no centro sanitario, e na compra dun electrocardiografo e dun ecocardiografo.

Son varios os servizos sanitarios que precisan mellorar neste hospital, comezando polo servizo de otorrinolaringoloxía, que ten as dúas prazas existentes vacantes, sen cubrir, e a día de hoxe non temos otorrinos, e o SERGAS parece que non ten capacidade para contratar estes médicos especialistas, polo que descoñecemos que medidas está a adoptar a dirección do centro e o SERGAS para solucionar e cubrir con personal especialista e cualificado as dúas únicas prazas existentes no hospital.

A isto súmase que algúns outros servizos que se prestan seguen sendo deficitarios, como ocorre coa Hospitalización a Domicilio-Coidados Paliativos, servizo que efectuaba hai tempo con dúas unidades, composta cada unha delas dun profesional médic@ e dous enfermeir@s. Dende hai máis dun ano, este servizo de hospitalización a domicilio estase ofrecendo malamente, cunha soa unidade, na que a médica non ten





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adicación completa da xornada neste servizo, polo que na práctica non se está realizando un servizo diario completo con todo o persoal requirido, que é esencial para que os enfermos crónicos poidan recibir coidados de rango hospitalario no seu domicilio de xeito efectivo e seguro no lugar máis próximo e amable para eles, que non é outro que o seu propio domicilio.

En Marzo deste ano, a consellería anunciou que poñía en marcha unha consulta de cardioloxía de alta resolución para realizar os estudos iniciais da especialidade, así como a consulta médica ou probas funcionais como a electrocardiografía e a ecocardiografía. O certo é que este servizo só se presta o mércores de mañá e de tarde para realizar esas probas, para o resto de probas e consultas os 50.000 usuarios do centro hospitalario teñen que seguir desprazándose a Coruña. A comarca precisa que exista un verdadeiro servizo de cardioloxía a tempo completo durante todo o ano, para dar unha cobertura plena e evitar ter que desprazarse á Coruña, e que en todo caso mentres non se implante este, o SERGAS debe formular unha proposta para que teña que ser o personal desa especialidade os que se despracen ao hospital, dende A Coruña a Cee, como ocorre noutros hospitais doutras áreas sanitarias, como a do Salnés ou do Barbanza.

Outro servizo que se presta de forma precaria é o servizo de psiquiatría, un servizo que se ofrece a tempo completo durante 3 días á semana, e no que os seguimentos dos doentes teñen moita demora. As listas de espera nesta especialidade non reflexan a realidade, e van en aumento, a pesar de que grazas a que se fan revisións de descompensación dende a enfermería, revisados e reaxustados polo médico ata que lles toca a consulta, os usuarios van capeando as súas necesidades. Este servizo médico de ningunha maneira se pode desempeñar deste xeito, polo que é necesario e urxente que se dote ao hospital dun segundo médico de psiquiatría, porque existe demanda, porque hai moita tardanza en atender a estes doentes e porque ademais é un servizo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fundamental para enfermos crónicos que non poden demorar os tempos de espera que hoxe hai.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que medidas vai adoptar o goberno galego de forma inmediata para solucionar os problemas de cobertura das prazas de otorrinolarongoloxía? Como se está executando este servizo? Están ralentizándose as consultas pola falta de solución neste servizo?

- Sabe o goberno galego da situación de precaridade na que se atopa o servizo de hospitalización a domicilio pola falla de persoal para ter dúas unidades completas neste hospital? Ten pensado a dirección do hospital solucionar e poñer a funcionar de forma normal este servizo tan necesario para os enfermos de paliativos?

-Que accións ten pensado realizar a consellería para reducir a lista de espera en psiquiatría no hospital? Vai a modificar o cadro de persoal para que o centro hospitalario conte con dúas prazas de médico de psiquiatría?

- Cal é a razón pola que os médicos de cardioloxía da área Coruña-Cee non se desprazan todos os días da semana ao hospital comarcal en Cee, como se fai noutras áreas sanitarias, como a de Pontevedra ou a de Santiago? Que vai facer o goberno galego para evitar os desprazamentos de toda a comarca aos centros da Coruña para ser atendidos polo servizo de cardioloxía? Existe ou non intención da consellería de sanidade de dotar ao hospital comarcal dun auténtico e completo servizo de cardioloxía?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 23/12/2024 12:41:56

Iria Carreira Pazos na data 23/12/2024 12:42:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, en novembro deste 2024, deuse a coñecer o informe sobre a análise da carga de nitratos nas augas superficiais da comarca do Deza, para o cal se recibiu financiamento por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

De acordo cos niveis expostos na Directiva 91/676/CEE do Consello do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e gandería intensiva, o 40% das augas do estado fican contaminadas. En Galiza un 5,6% das análises en augas superficiais superan os valores permitidos de nitratos de acordo co RD 47/2022 do 18 de xaneiro sobre protección de augas contra a contaminación difusa producida por nitratos.

É a través deste Real Decreto como se consideran, as augas afectadas por nitratos aquelas que presenten ou poidan chegar a presentar unha concentración superior a 25mg/l no caso das superficiais, ou aquelas cuxa concentración en nitratos sexa superior a 37,5 mg/l no caso das subterráneas. Nestas concentracións de nitratos os factores máis determinantes son a precipitación, a superficie de conca e a presenza de agricultura e gandería intensiva e debemos lembrar que a OMS establece un límite máximo de nitratos para o consumo de auga de 50mg/l, aínda que aclara que unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concentración maior a 10mg/l sería indicativo de contaminación de tipo industrial, gandeiro e por aplicación de fertilizantes por rega en saba. Esta recomendación débese á toxicidade dos nitritos e compostos nitrosos que poden estar presentes na auga de bebida e que afectarían de diversas maneiras á nosa saúde, incluso sendo factor favorecedor nalgúns tipos de cancro.

A comarca do Deza, que supera levemente os 40.000 habitantes conta cunha superficie de arredor de 1000 quilómetros cadrados alberga un gran concentración de explotacións gandeiras con todo tipo de producións, entre as que destacan as de porcino, 375.000 cabezas, as de bovino, con arredor de 70.000 ou as avícolas, que chegan aos 3 millóns e medio de animais, constituíndo a actividade agrogandeira un pilar básico na economía dezá.

Esta cantidade de explotacións, en moitos casos de gandería intensiva, foron o motivo de que se escollera a comarca do Deza para a elaboración do informe, tomándose un total de 80 mostras nun radio de 70 quilómetros cadrados durante tres meses deste ano 2024 (agosto, setembro e outubro), onde a pluviosidade e o tipo de cultivos variaron. Ditas mostras foron recollidas en distintos puntos xeográficos da comarca e onde tan só o 19% das augas poden considerarse fóra de risco, mentres o resto ven afectada a súa calidade, aumentando os procesos de eutrofización, que xa ten causado en moitas ocasións en áreas da comarca coma pode ser o encoro de Portodemouros, conlevando un aumento da vexetación excesiva e unha actividade bacteriana maior, que causan a asfixia de moitos microorganismos.

No caso das mostras hídricas recollidas, un 40,47% amosou concentracións superiores aos límites permitidos e o outro 40,47% restante acadou niveis preocupantes de residuos nitroxenados, sendo preciso que a Xunta de Galiza tome partido neste caso e garanta que se cumpren as directivas europeas, protexendo á poboación e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

simultaneamente as Zonas de Especial Conservación (ZEC) e os hábitats prioritarios para avifauna.

Na comarca do Deza, Tabeirós e Terra de Montes temos 4 das 13 Reservas Naturais Fluviais que se recollen na orde do 10 de febreiro de 2023 por a que se dispón a publicación do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa aprobado polo RD 48/2023 do 24 de xaneiro. Estas tres zonas están situadas no Río Ulla-Deza e os tramos de interese con especies ameazadas están localizados no río do Candán, no río Grobas e no Río Asneiro, onde existen hábitats naturais e de fauna e flora silvestre de elevado interese, cunha elevada naturalidade e unha moi escasa intervención humana. A elevada exposición a nitratos no caso do río Asneiro deriva en que ditas ZEC se verían tamén gravemente afectadas pola contaminación que denuncia o informe de Ecoloxistas en Acción, polo que é indispensable a súa protección urxente por parte da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Existen estudos por parte da Xunta de Galiza sobre a concentración de nitratos nas augas superficiais da comarca do Deza? Se non existen tales estudos concretos desta comarca, pretenden levarse a cabo de xeito prioritario tras os resultados obtidos no recente informe e como se valoran os resultados do recente informe de análise de carga de nitratos?

. Que medidas correctivas se van tomar tras publicarse os resultados do informe en relación á contaminación de nitróxenos que sitúa as augas superficiais da comarca nun estado de incumprimento coa normativa europea actual?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que datos manexa Augas de Galicia sobre a problemática de nitratos nas augas superficiais e subterráneas da comarca do Deza?

. Que medidas está adoptando ou pretende adoptar a Xunta de Galiza de xeito especial para a reserva natural fluvial Río Ulla-Deza tras darse a coñecer o informe recente de análise de carga de nitratos?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 23/12/2024 12:44:55

Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/12/2024 12:44:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a devolución por parte da Xunta de Galiza de 22,3 millóns de euros de fondos europeos destinados á creación de prazas públicas de educación infantil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza existen máis de 550 escolas infantís, sumando as escolas públicas, privadas e de iniciativa social, que fornecen ao noso país con 32.100 prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos. A realidade é que non son abundas para ofertar, coma se leva facendo dende a Consellería de Política Social, unha gratuidade universal neste servizo que non ten unha base realista, debido a que só temos cobertura de prazas para o 70% das crianzas galegas. As listas de agarda para ser admitidas en escolas infantís son moi numerosas e cada ano, crianzas galegas quedan fóra da dita gratuidade, comprometendo o tan limitado servizo de conciliación co que contamos os galegos e galegas.

Outro aspecto a puntualizar é que máis de 13.000 desas prazas ofertadas son de carácter privado, prazas que nos custan mensualmente por crianza importes moito máis elevados que no resto dos casos e que aumentan no importe orzamentario anualmente. É preciso, por este motivo, que dispoñamos dun maior número de prazas de carácter público coas que facerlle fronte á demanda do servizo para as familias galegas, sen favorecer por esta limitación a privatización, coma se está a facer na actualidade.

A través da distribución de fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o noso país recibiu, no intervalo entre o 2021 e o 2023 a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contía de 34,85 millóns de euros repartidos en tres anualidades (10,80 millóns o primeiro ano, 17,30 o segundo e o restante no pasado 2023) destinados á creación en Galiza, de algo máis de 3.400 prazas públicas de escola infantil. Malia ser evidente que non se está a ofertar a cantidade de prazas públicas abondas, recentemente a Consellería de Política Social anunciou que devolverá 22,3 millóns dos que estaban destinados ao noso país, facendo uso de menos da metade, prevéndose gastar 12,54 millóns de euros dos asignados para tal fin, a pesares de que poderían continuar executando dita contía durante o 2025.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Cal é o motivo de que se reintegren 22 millóns de euros procedentes de fondos europeos destinados á creación de prazas públicas por parte da Consellería de Política Social?

. Que cantidade de novas prazas de escola infantil públicas se poñerán a disposición no curso 25/26?

. Cal é o número actual de prazas de escola infantil no noso país? Cantas delas son de carácter privado?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 19/12/2024 16:05:57

Olalla Rodil Fernández na data 19/12/2024 16:08:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Brais Ruanova Vilas-Boas e Carmela González Iglesias, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o mantemento das bonificacións no transporte de ría e camiñar cara a titularidade pública deste servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Neste sentido, o transporte de ría tórnase central nas vilas e comarcas que dispoñen del, sendo unha modalidade de transporte máis áxil e que permite albergar un maior número de usuarios e usuarias por viaxe que o transporte por estrada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Exemplo disto son os datos que proporciona a Dirección Xeral de Mobilidade, que cifra nunhas 900.000 viaxes no transporte de ría entre Vigo e o Morrazo neste último ano.

Desde a posta en marcha das diferentes bonificacións no transporte público impulsadas polo goberno do estado e pola Xunta de Galiza, o transporte de ría vía reducido o seu billete nun 50%, cuestión que fixo desta modalidade unha das máis atractivas e accesibles.

É necesario que a Xunta de Galiza, que di apostar polo transporte público, manteña unhas bonificacións que asumiu de xeito individual no pasado e que virían a complementar outras bonificacións xa publicitadas como poden ser a Tarxeta Xente Nova ou a Tarxeta 65+.

Ante o carácter estratéxico deste servizo é necesario, alén de bonificar os billetes, camiñar cara a titularidade pública do transporte de ría e equiparala con outras modalidades de transporte interurbano, hoxe en mans da Xunta de Galiza no caso do transporte interurbano por estrada ou o transporte ferroviario en mans do estado español.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Como valora a Xunta de Galiza a calidade do servizo de transporte marítimo na Ría de Vigo?

A Xunta de Galiza entende que un servizo esencial non pode depender unicamente dos intereses das operadoras privadas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vanse levar a cabo medidas para restituír o carácter público do servizo de transporte de ría entre O Morrazo e Vigo?

. Valórase positivamente o impacto conseguido polas bonificacións nos billetes?

. Vai a Xunta de Galiza a manter as bonificacións do 50% nos billetes do transporte de ría?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 09/12/2024 11:59:55

Alexandra Fernández Gómez na data 09/12/2024 12:03:23

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/12/2024 12:04:02

Carmela González Iglesias na data 09/12/2024 12:04:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a xestión da Xunta de Galiza das axudas á adquisición de vivenda protexida nos anos 2023 e 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No marco do Pacto da vivenda de Galicia 2021-2025 a Xunta de Galiza anunciou axudas á adquisición de vivenda protexida, procedentes de nova construción ou de rehabilitación. Segundo a *RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición de vivendas protexidas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento VI420C)*, poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas maiores de idade que cumpran os seguintes requisitos:

- a) *Posuír a nacionalidade española ou, no caso de seren estranxeiras, ter a residencia legal en España.*
- b) *Ser adquirente ou adxudicataria, en primeira transmisión, dunha vivenda protexida, nos termos que determine a correspondente convocatoria.*
- c) *Ter subscrito no período sinalado na correspondente convocatoria un contrato privado de compravenda visado pola área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda ou, de ser o caso, unha escritura pública de compravenda que conteña as cláusulas obrigatorias derivadas da cualificación definitiva da vivenda.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- d) *Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non teñan pendente ningunha outra débeda, por ningún outro concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.*
- e) *Que nin a persoa solicitante nin as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.*

Á vista dos requisitos que deben cumprir enténdese que a maioría de persoas que sexan adquirintes ou adxudicatarias dunha vivenda protexida en primeira transmisión, poderán optar a esta axuda.

Na convocatoria de 2023 o prazo de adquisición, mediante contrato privado de compravenda, para poder concorrer ás axudas era con posterioridade ao 30 de setembro de 2022 e o prazo para presentar solicitude abriuse o 27 de xuño de 2023 e finalizou o 2 de outubro de 2023.

A previsión orzamentaria para esta axuda por parte da Xunta de Galiza para o exercicio 2023 foi de 780.900€. A esta convocatoria podían optar tamén todas aquelas solicitudes da convocatoria do ano anterior que fosen denegadas por esgotamento de crédito. Porén a execución final foi de 128.000€, apenas o 16,4%. O número total de concesións foi de apenas 10 persoas en 4 concellos do país.

Á vista destes datos cabe preguntarse sobre o número total de primeiras transmisións de vivendas protexidas, para valorar cal é o número total de posibles beneficiarios e se o problema reside na falla de adxudicación de vivenda protexida en primeiras transmisións, ou pola contra se reside nalgún problema na difusión e tramitación da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para alén dos malos datos do anterior exercicio tamén é preciso sinalar que para o ano 2024 estaba previsto nos orzamentos unha partida co código 680.04 do programa de 451B de Acceso á vivenda, por valor de 1.050.000€. Estando a piques de finalizar o ano a devandita axuda nin tan sequera foi convocada, sen que se teña dado ningunha explicación por parte do executivo galego.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora o desempeño desta axuda no ano 2023?
- Cantas vivendas protexidas foron adxudicadas en primeira transmisión no ano 2023?
- Cantas vivendas protexidas foron adxudicadas en primeira transmisión dende o 30 de setembro de 2022 e o 2 de outubro de 2023?
- Cantas solicitudes foron denegadas en 2022 por esgotamento de crédito?
- Cal era o número total de potenciais beneficiarios desta axuda, tendo en conta o total de vivendas adxudicadas?
- Por que só se outorgaron 10 axudas?
- Por que a Xunta de Galiza non realizou a convocatoria desta axuda para o ano 2024?
- Tomou a decisión a Xunta de Galiza de retirar dita axuda?
- Por que mantén no orzamento de 2025 dita axuda, cando non a convocou no 2024?
- Considera a Xunta de Galiza que a prioridade para garantir a accesibilidade consiste na financiación da adquisición de vivenda protexida?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 23/12/2024 12:50:55

Luis Bará Torres na data 23/12/2024 12:51:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Iago Suárez Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os problemas de execución do programa de avais para a mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno de Alfonso Rueda anunciou en abril de 2023 avais públicos para a adquisición de vivenda a menores de 36 anos, como medida estrela para abordar o problema da emancipación da mocidade.

Dende o Bloque Nacionalista Galego vimos insistindo no erro que supón centrar o investimento público en materia de vivenda na promoción da adquisición, mentres que non hai suficientes recursos para abordar o acceso á vivenda en réxime de aluguer.

Primeiro porque as persoas que están nunha situación de maior vulnerabilidade e de precariedade económica teñen como única porta de acceso á vivenda o réxime de aluguer. Por tanto se están desatendendo aos sectores da poboación máis vulnerables.

Segundo, porque a resposta non se adecúa á realidade e a demanda social, en que unha maioría de mozos e mozas menores de 36 anos, pola situación de precariedade laboral e polos altos prezos da vivenda, non teñen opción á adquisición, nin tan sequera con este tipo de axudas. É unha axuda deseñada para dar unha resposta moi limitada, precisamente a aqueles que – aínda que con límites- si teñen certa capacidade de aforro e endebemento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Terceiro, porque o investimento que se precisa para promover cada unha destas adquisicións e facilitar, así, acceder en propiedade a unha vivenda, é moi superior ao que representan outras opcións, como por exemplo, as axudas ao aluguer. Se na primeira modalidade a Xunta pode chegar a destinar máis de 20.000€ por solicitante, no caso do aluguer o montante total que poden percibir é de 6.000€ como máximo. Igualmente, se o comparamos con outras políticas de carácter estrutural e permanente, como é a promoción de vivenda pública, se demostran moito máis ineficientes.

A pesar de todo isto, a Xunta de Galiza seguiu insistindo en que a medida estrela para a emancipación ía consistir neste programa cuxo prazo de presentación de solicitudes durou dende o 28 de abril até o 30 de novembro. En total estaba previsto destinar 5M€ e incluso o presidente da Xunta anunciou a posibilidade de realizar unha ampliación de crédito se había demanda. Mais unha vez concluída a primeira anualidade o total do importe concedido foi de 1.823.163€, o que supón apenas o 36,5% do total orzamentado inicialmente.

A avalancha que prevía a Xunta de Galiza apenas atendeu 99 solicitudes, deixando máis de 3M€ sen executar por falta de solicitantes. Mentres tanto as solicitudes das axudas ao aluguer para a emancipación tiveron milleiros de solicitantes que non se atenderon por falla de investimento.

Todos estes datos veñen corroborar a necesidade dun cambio de políticas para fomentar a emancipación en liña co que apuntamos dende o Bloque Nacionalista Galego: unha combinación de medidas de emerxencia que actúen no curto prazo, especialmente en sectores máis vulnerables mediante a ampliación das axudas ao aluguer xunto con políticas de carácter estrutural, como son a ampliación do parque público de vivenda.

Todo isto sen desatender a necesidade de modificar de raíz os factores que condicionan a actual situación, como son a crise de prezos do mercado libre ou a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

precariedade e inestabilidade laboral da mocidade. Cuestións ante as que a Xunta de Galiza pode tomar medidas como, por exemplo, a declaración de mercados tensionados ou a limitación das VUT para frear a escalada de prezos.

Ante os malos resultados obtidos en 2023 cuestionamos ao goberno galego sobre cal foi a evolución neste 2024 e a valoración e conclusión do executivo antes estes datos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como xustifica o executivo galego que se outorgasen menos de 100 avais no ano 2023?
- Contempla a Xunta de Galiza modificar algo respecto a esa convocatoria?
- Como valora os resultados obtidos?
- Vai modificar a súa estratexia para abordar a situación da emancipación á vista dos malos datos obtidos?
- Considera a Xunta de Galiza que se poden deixar de investir máis de 3M€ cando as solicitudes para axudas ao aluguer están colapsadas?
- Cantas solicitudes se concederon en 2024?
- Cal foi o importe total concedido?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 11/12/2024 13:05:33

Iago Suárez Fernández na data 23/12/2024 12:58:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Xosé Manuel Golpe Acuña e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a transferencia do CAMF do Concello de Ferrol á Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de atención a persoas con discapacidade física CAMF de Ferrol é un centro pertencente á rede do IMSERSO.

A situación do centro é desastrosa desde hai moito tempo, tanto o estado das súas infraestruturas, algunhas básicas como tellado, cociña ou ascensores, como a súa organización e dirección, desde o discutido cesamento do director Fernando López no ano 2022, até a dimisión en febreiro do 2024 do novo director Alberto Lago ante a imposibilidade de configurar un equipo directivo.

Esta situación no momento no que se redacta esta iniciativa non ten mellorado substancialmente.

Hai un novo director que aínda non conta con equipo, e as obras máis importantes están aínda en fase de redacción do proxecto. Por non falar do modelo e do exceso de contratación eventual e das condicións de traballo do persoal do CAMF, que teñen provocado en última instancia a fuxida do persoal de enfermería cara outras administracións e mesmo cara a empresas privadas que ofrecen non só mellores retribucións senón tamén máis estabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto xurde o debate da transferencia deste centro, agora titularidade do IMSERSO e polo tanto do Ministerio de asuntos sociais, consumo e axenda 2030, á Xunta de Galiza. Unha posibilidade que cando menos publicamente lanza o ministro e da que descoñecemos o detalle da cuestión ou a posición da Xunta de Galiza.

É obvio que na situación actual do centro os detalles cobran a máxima importancia, sobre todo o nivel de recursos que debe acompañar esta transferencia, co duplo obxectivo de garantir unha atención de calidade ás persoas usuarias e mais o de non significar unha carga indebida para os orzamentos da Xunta.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1 En que foro e en que data foi comunicada a intención do Ministerio de asuntos sociais de efectuar a transferencia do CAMF de Ferrol á Xunta de Galiza?

2 En cantas reunións posteriores se ten falado desta transferencia?

3 Que volume de recursos públicos acompañaría a transferencia deste centro?

4 Cal é a posición da Xunta de Galiza?

5 Que opina a Xunta de Galiza da situación das instalacións e do servizo no CAMF de Ferrol?

5 Que opina a Xunta de Galiza de que o número actual de persoas usuarias do CAMF de Ferrol sexa practicamente a metade do que potencialmente podería ser?

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Olalla Rodil Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 18/12/2024 12:32:00

José Manuel Golpe Acuña na data 18/12/2024 12:35:08

Olalla Rodil Fernández na data 18/12/2024 12:35:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/12/2024 12:35:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza na estrada AC-861.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-861, titularidade da Xunta de Galiza, fai parte da vella estrada Ferrol-As Pontes e discorre, ademais de polo concello das Pontes, polos das Somozas e San Sadurniño.

É unha vía fundamental para os tres Concellos, e concretamente o tramo que vai desde Igrexafeita á Pena de Eiriz, unha vía moi transitada non só por veciños e veciñas da zona senón tamén por vehículos pesados que fan a rota Ferrol - As Pontes, ou As Somozas – Ferrol, e que debido á falta de áreas de servizo na AG-64 saen á “estrada vella” nesta zona para descansar ou xantar.

Este tramo da estrada non foi renovado nunca, atópase en mal estado e precisa dunha nova capa de rodadura que garanta unha circulación segura.

Temos que lembrar a respecto da seguridade viaria que o 70% dos accidentes prodúcense en vías alternativas ás autoestradas. Entre estes destacan ademais os accidentes que se producen en desprazamentos curtos, como os que se realizan no tramo da estrada que percorre os concellos de San Sadurniño e As Somozas, e que entre os riscos recoñecidos para o tráfico figuran a chuvia, habitual no noso país, e o mal estado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do firme, que obviamente é responsabilidade da administración titular da infraestrutura, neste caso a Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Cando foi a última vez que se renovou o firme da estrada AC-861?
2. Coñece a Xunta de Galiza o estado do firme da estrada AC-861?
3. Cando ten pensado a Xunta de Galiza renovar firme da estrada AC-861?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 19/12/2024 10:44:01

José Manuel Golpe Acuña na data 19/12/2024 10:44:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 19/12/2024 10:44:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza no Polígono da Bidueda do concello de San Sadurniño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

San Sadurniño é un concello da comarca de Ferrol que conta actualmente con 2.733 habitantes segundo datos do INE.

Situado a 20 quilómetros da cidade de Ferrol e a 27 da vila das Pontes, dous enclaves de marcado carácter industrial e dous casos exemplares de como as decisións políticas poden provocar graves crises industriais e con elas graves crises demográficas, o Concello de San Sadurniño non escapou dunha caída de poboación exactamente na mesma medida que Ferrol ou As Pontes, un 20% menos de poboación que no ano 2000.

Malia a súa lóxica dependencia tanto de Ferrol como das Pontes, San Sadurniño ten capacidade promover actividade económica e para xerar oportunidades de emprego.

Desenvolver o Polígono da zona da Bidueda é fundamental para o desenvolvemento do concello, mais as posibilidades dun concello pequeno son limitadas e precisan do apoio e dos recursos da Xunta de Galiza.

Este polígono é un vello proxecto do Concello de San Sadurniño que leva bloqueado na Xunta de Galiza desde que o 1º goberno de Feijoo tomara posesión no ano 2009.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase dunha zona de 700.000 m² na que se atopan empresas como INTASA, METALFRA ou FORESTAL CANDO, que xa conta con boa parte dos trámites urbanísticos e estudos técnicos necesarios, froito dun convenio con Xestur asinado no ano 2007, polo que o único que compre na actualidade é a vontade política da Xunta de Galiza e a correspondente consignación orzamentaria para poder executalo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6^a:

1. Coñece a Xunta de Galiza a situación económica e demográfica do Concello de San Sadurniño?
2. Coñece a Xunta de Galiza a dependencia de San Sadurniño da actividade industrial dos concellos de Ferrol e As Pontes?
3. Coñece a Xunta de Galiza o proxecto do Concello de San Sadurniño para ampliar a superficie de usos industriais na zona da Bidueda?
4. Por que este proxecto leva paralizado na Xunta de Galiza desde o primeiro goberno Feijoo?
5. Ten pensado a Xunta de Galiza colaborar co Concello de San Sadurniño para de-senvolver ese futuro polígono e impulsar a xeración de emprego?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 19/12/2024 12:27:37

José Manuel Golpe Acuña na data 19/12/2024 12:29:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ariadna Fernández González e Secundino Fernández Fenrández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o fomento das comunidades enerxéticas no medio rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29.12.2023 o presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (a partir de agora, a axencia), como órgano de contratación, acordou que se iniciase o expediente para contratar o servizo de desenvolvemento e implantación dunha solución innovadora integral para a xestión das comunidades enerxéticas nas aldeas modelo de Galicia.

Segundo se detalla na documentación da licitación, o obxectivo desta contratación era derivado da identificación por parte de AGADER da necesidade de ofrecer ás aldeas modelo un sistema enerxético innovador e integral, que dea paso a un modelo de comunidade enerxética local no contexto rural galego, que conforme unha garantía de subministración enerxética, que fomente a actividade en cada aldea a través da aparición de novos negocios e que constitúa un factor atractivo para residir nos núcleos rurais.

Este desenvolvemento debería estar fundamentado no uso de enerxías renovables, priorizando o emprego de biomasa e residuos da actividade agraria, co fin de potenciar a autosuficiencia enerxética e aproveitar sinerxias coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e cos produtores agrogandeiros que xestionan as terras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da aldea modelo.

Como resultado final do proceso, a AGADER pretendía implantar Comunidades Enerxéticas nas aldeas modelo que poidan xestionarse de maneira colaborativa para abaratar os custos enerxéticos, fundamentadas na autosuficiencia enerxética e que permitan minimizar as barreiras sociolóxicas vinculadas ao uso colectivo de bens comúns.

“A comunidade enerxética conformará unha garantía de subministración enerxética e mellorará a rede de distribución, buscando atraer novos residentes e actividade económica á aldea debido á aparición de novos negocios e ao fomento do turismo sustentable. As solucións de produción e distribución deberán ir dirixidas a satisfacer a enerxía requirida tanto da parte construída como das explotacións agrarias das aldeas, complementando as tecnoloxías xa existentes no mercado.” Se cita textualmente na documentación do contrato.

Como paso previo á implantación dun modelo modular de comunidade enerxética, a AGADER estima necesario iniciar un proceso de diálogo competitivo para os efectos de buscar a mellor solución.

Por tanto, mediante este contrato, AGADER pretende deseñar un modelo único, modular e configurable de comunidade enerxética, que poida implementarse en calquera aldea modelo de Galicia, para implementalo nunha fase piloto nun número de aldeas modelo de Galicia, nos termos establecidos no propio concurso.

O valor do concurso ascende a 975.000,00 sen IVE.

O 05.02.2024 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de licitación do expediente de contratación citado.

A mesa designada para asistir o procedemento de licitación sinalado reuniuse o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

18.04.2024, o 26.04.2024, o 02.05.2024 e o 08.05.2024 para abrir os sobres electrónicos A e examinar a documentación xeral e a documentación relativa aos criterios de selección dos candidatos para participar na fase de diálogo.

O 05.07.2024 a mesa solicitou un informe de valoración da solvencia técnica e dos criterios de selección puntuables para participar no diálogo recollidos no apartado 8.2.2 do documento descritivo.

O 28.11.2024 o subdirector de Promoción Internacional e Rural Intelixente emitiu un informe non que pon de manifesto as razóns de interese público que xustifican a decisión de non adxudicar o contrato. Nesta mesma data o Consello de Dirección da axencia aceptou por unanimidade o informe do 28.11.2024.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Cales son as verdadeiras causas da anulación do concurso “Servizo de desenvolvemento e implantación dunha solución innovadora inte-gral para a xestión das comunidades enerxéticas nas aldeas modelo de Galicia” publicado por Agader.
2. Como valora Agader a calidade das propostas recibidas polas empresas participantes no concurso?
3. Considera a Xunta de Galiza que pode haber diferenzas substanciais entre o sistema enerxético dunha aldea modelo, e dunha aldea “normal”?
4. Considera vostede que o proxecto das Aldeas Modelo cumpre cos obxectivos designados no seu deseño?
5. Como se proxectará agora o sistema enerxético nas aldeas modelo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Considera a Consellería de Medio Rural que o modelo de comunida-des enerxéticas ten encaixe no rural galego?

7. Que eivas detecta a Consellería no sistema enerxético actual das al-deas, tanto das modelo, coma do resto?

8. Considera a consellería adicar o orzamento deste concurso á promo-ción das comunidades enerxéticas no medio rural?

9. Ten constancia a Consellería dalgunha comunidade enerxética no medio rural na Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Ariadna Fernández González
Secundino Fernández Fernández
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 19/12/2024 12:02:19

Ariadna Fernández González na data 19/12/2024 12:06:07

Secundino Fernández Fernández na data 19/12/2024 12:06:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as razóns que levaron á Xunta de Galiza a dar o visto e prace ao Grao de Dereito na Universidade privada UIE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como xa ocorrera hai uns meses co Grao de Psicoloxía, a Xunta de Galiza volveu dar o seu visto e prace a que a Universidade Intercontinental de la Empresa, a Universidade Abanca, imparta un grao xa existente no Sistema Universitario Galego, é dicir, nas universidades públicas.

Deste xeito volveríase a contradicir a normativa que exige evitar duplicidades entre a universidade pública e a privada. Neste caso estamos a falar dun grao que se imparte nas tres universidades galegas, polo que a duplicidade é máis que obvia.

Alén disto, mentres os sindicatos están a denunciar o evidente incumprimento da Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galiza, a Xunta segue a facilitar a privatización do noso ensino universitario ao mesmo tempo que continúa a infrafinanciar ás universidades públicas que a duras penas son capaces de facer fronte ao gasto estrutural das mesmas.

Por último, son as propias universidades públicas galegas as que criticaron publicamente esta decisión, cualificándoa como inxusta e como un ataque contra a lexislación galega, o que evidencia de novo como o goberno do PP segue sen escoitar ás universidades públicas do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Cales son as razóns que levan á Xunta de Galiza a dar o seu visto e prace ao grao de dereito na Universidade Intercontinental de la Empresa (UIE)?
- Considera a Xunta de Galiza que este acordo incumpre a Lei do Sistema universitario de Galiza de 2013?
- Son suficientes para a Xunta de Galiza as tres universidades públicas nas que se oferta este grao no noso país?

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/12/2024 11:56:22

Mercedes Queixas Zas na data 20/12/2024 11:57:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os compromisos de melloras nas liñas de transporte metropolitano por autobús na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores 27 de novembro, os 17 concellos da área de transporte metropolitano da Coruña asinaron a prórroga do convenio do autobús para os próximos catro anos. O servizo vai custar 3,4 millóns anuais, dos que a Xunta de Galiza vai achegar 2,8 e os 17 concellos, 625.000 euros. Este acordo garante os descontos aos usuarios nos billetes e as bonificacións.

Nos últimos meses, seis concellos da comarca (Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Sada, Oleiros), anunciaron a súa oposición á sinatura da renovación, xa que consideraban que a Xunta debía comprometerse a mellorar as liñas e as frecuencias, mais finalmente aceptaron subscribir o convenio porque recibiron un compromiso do goberno galego para estudar as melloras que demandaban.

Os problemas do transporte metropolitano na área coruñesa que destacan tanto os e as rexedoras como as persoas usuarias mantéñense. Entre eles:

- Autobuses cheos en hora punta de saída e entrada dos empregos, que non recollen todas as persoas que agardan nas paradas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Falta de frecuencias suficientes para atender a demanda das usuarias, especialmente nos horarios e liñas con máis demanda.

- O intercambiador da Valexa non serve para resolver os problemas do servizo. A Valedora do Pobo remitiu á Consellaría de Presidencia unha carta indicando que, segundo a información desta propia Consellaría, os transbordos da Valexa incrementan un 22 % o tempo do traxecto, “nunha duración xa importante (54 minutos) tendo en conta que son 21 quilómetros”.

- Perda de frecuencias no corredor norte.

- Falta de coordinación horaria cando dúas liñas coinciden en puntos concretos.

- Falta de información actualizada e en tempo real sobre os servizos e atrasos.

- Modificacións dos horarios non comunicadas, o que representa un problema para poder usar o servizo de xeito rutineiro.

- Perigo de certos traxectos debido á gran cantidade de persoas que viaxan de pé.

- Ademais, é preciso facer unha revisión exhaustiva de todas as liñas e frecuencias, para adaptalas ás necesidades das usuarias actuais e incentivar que outras novas se incorporen ao uso do transporte público. Esta revisión debe ser flexíbel para adaptarse ás necesidades de cada tempada, e responder ás mudanzas da poboación, por exemplo.

- Non todas as liñas son igualmente rendíbeis, mais non se debe esquecer que estamos a falar dun servizo público, que debe pór en primeiro lugar as necesidades da cidadanía, e non as das empresas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Valedora do Pobo respondeu a unha queixa formulada pola Plataforma por un Transporte Digno en Sada, indicando que “hai que ter en conta que o transporte público cumpre unha dobre función: por unha banda unha función social para facilitar o transporte ás persoas traballadoras, estudantes, persoas maiores ou aquelas que contan con menos recursos e, por outra parte, na procura dunha mobilidade sostible diminuíndo a pegada de carbono. O funcionamento do transporte público é esencial para cumprir as funcións anteditas”. Neste documento, a Valedora do Pobo recomenda á Consellaría que avalíe a oferta e demanda existentes, ademais de avaliar o resultado dos últimos cambios realizados.

O goberno galego debe velar pola utilidade do transporte público, tanto pola mellora da mobilidade nunha das comarcas máis poboadas do país, e con serios problemas de desprazamentos entre a cidade da Coruña e o resto de localidades, nomeadamente por motivos laborais e formativos, como pola obvia cuestión ambiental.

O número actual de desprazamentos en vehículo privado non deixa de aumentar, e un servizo público de transporte que resulta claramente deficiente non cumpre co seu deber de desincentivar a utilización do vehículo particular, para o que tamén cómpre ter en conta os horarios e espazos de lecer, tanto habituais como puntuais.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- O goberno galego vai corrixir as eivas de liñas, horarios, frecuencias e información do transporte público metropolitano na área da Coruña?
- Cales son os compromisos que asume o goberno galego en relación coa mellora das liñas de transporte metropolitano por autobús na comarca da Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como ten previsto o goberno galego analiza, planificar, e avaliar os cambios precisos no transporte metropolitano por autobús na comarca da Coruña?
- O goberno galego vai ter en conta as recomendacións da Valedora do Pobo?
- En que prazo vai cumprir con estes compromisos o goberno galego?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 23/12/2024 13:43:26

Mercedes Queixas Zas na data 23/12/2024 13:45:22

Paulo Ríos Santomé na data 23/12/2024 13:45:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a dotación de persoal do Punto de Atención Continuada de Santa Cruz (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Oleiros ten unha poboación de case 38.000 habitantes. O Punto de Atención Continuada (PAC) de Santa Cruz é o único centro de urxencias do concello. Ademais das deficiencias materiais que xa denunciou o Bloque Nacionalista Galego en varias ocasións (como a mala situación da recepción), na actualidade este PAC está dotado dun só profesional en cada unha das quendas de urxencias. Isto provoca que quede totalmente desatendido se é preciso acudir a algunha urxencia médica fóra do centro, o que pode demorar un tempo, entre a atención e os desprazamentos.

Entendemos que un concello do tamaño de Oleiros debe ter unha atención de urxencias máis axeitada á realidade da súa poboación e ás súas necesidades, entre outros motivos, para facilitar que os a as doentes fagan un uso racional dos servizos e non se vexan obrigados a acudir a ás urxencias hospitalarias se non fose preciso.

O Bloque Nacionalista Galego demanda desde hai anos a adaptación da dotación sanitaria en Oleiros á realidade da poboación, xa que os centros de saúde actuais deben atender cotas moi elevadas, o que se ve incrementado co aumento da poboación nos meses do verán. Por outra banda, están previstas novas urbanizacións na zona norte do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello, o que fai preciso prever e planificar a ampliación dos servizos públicos básicos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora o goberno galego a situación da atención sanitaria no Punto de Atención continuada de Santa Cruz (Oleiros),
- O goberno galego ten previsto incrementar a dotación profesional do Punto de Atención Continuada de Santa Cruz (Oleiros)?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 23/12/2024 13:42:59

María Montserrat Prado Cores na data 23/12/2024 13:43:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a falla de persoal médico do Hospital de Valdeorras ante o traslado de numerosos especialistas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación sanitaria de Galiza é grave, e Valdeorras non é allea a esta situación, máis ben estamos peor. O Hospital de Valdeorras está nunha situación límite e a cidadanía ten que estar día si e día tamén manifestándose na súa defensa para evitar o seu desmantelamento. A esta situación engádese un problema grave de falla de comunicacións coa cidade de Ourense a que son derivados os usuarios da sanidade pública. Non fai falla que lles diga os km que hai dende calquera concello do distrito ou o tempo que leva ou a falla de transporte públicos.

A finais do pasado mes de novembro saltou aos medios de comunicación unha nova de grande transcendencia e que trouxo consigo unha grande preocupación aos usuarios do hospital de Valdeorras e tamén a todas veciñas e veciños da comarca Valdeorras e do distrito sanitario

Esta preocupación ven dada polo posíbel marcha de 16 facultativos nun procedemento de traslado do persoal; incluso algúns dos que quedan poderían trasladarse a outros hospitais dentro de tres meses

A Consellería de Sanidade indicou nos medios de comunicación que dos citados 16 profesionais, “10 deixarán de prestar servizo nese hospital”, en tanto que outros 5





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están afectados por el “deferimento do cese neste ciclo de 2024 do concurso de traslados do Servizo Galego de Saúde e un está de baixa

O que non indicou a Consellería de Sanidade e o SERGAS é como se ían substituír eses profesionais tan necesarios para dar unha atención pública e de calidade a poboación deste distrito sanitario e do hospital público do Barco de Valdeorras. Tampouco indicou o SERGAS e a consellería de Sanidade que medidas ten pensado para evitar a constante fuga de profesionais do hospital de referencia para esta comarca

Ao BNG parécenos realmente vergoñento que a Consellería de Sanidade dependente da Xunta gobernada polo PP deixe ao hospital de referencia desta importante comarca sen especialistas tan necesarios para unha adecuada asistencia sanitaria.

Ante este despropósito, e ante a fonda preocupación existente na veciñanza do distrito sanitario de Valdeorras, dende o Bloque Nacionalista Galego esiximos a Xunta de Galiza que se cubran dun xeito urxente todas as prazas de médicos especialistas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Cantas prazas de médicos existen no hospital público de Valdeorras?
2. Cantas prazas de médicos están vacantes no hospital público de Valdeorras?
3. Que explicación da a Consellería de Sanidade diante desta situación?
4. Teñen previsto algunha medida concreta para facer máis atractivas para os profesionais estas prazas no hospital e así evitar a constante fuga de profesionais?
5. Cando se vai solucionar a situación de falla de médicos especialistas no hospital de Valdeorras?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 23/12/2024 13:50:51

María Montserrat Prado Cores na data 23/12/2024 13:52:08

Iria Carreira Pazos na data 23/12/2024 13:52:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4^a**, sobre a execución de investimentos no Castelo de Monterrei ao abeiro do Plan Xacobeo Next Generation.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Castelo de Monterrei é a fortaleza máis grande e mellor conservada de Galiza. A historia da acrópole dá boa mostra do seu valor e constitúe unha dos maiores orgullos e riquezas da comarca de Verín. Data do século XII mais ocupaba xa o vello castro prerromano de Baroncelli, amplamente estudado polo ilustre verinense D. Xesús Taboada Chivite. Entre os seus fitos históricos está a impresión do primeiro libro publicado en Galiza no febreiro de 1494, o “Missale Auriense”, un incunable estampado coa primeira imprenta de tipos móbiles que hoxe se conserva na catedral de Ourense.

O Castelo de Monterrei foi declarado Monumento do Estado en 1931 e actualmente é Ben de Interese Cultural, con categoría de Monumento e fai parte do catálogo de Monumentos do patrimonio histórico do Estado.

O Castelo foi protagonista de intensas reivindicacións por parte da veciñanza da comarca a través da Plataforma Cidadá en Defensa do Castelo de Monterrei que reclamaba o uso público do castelo após un investimento público importante e que foi cedido a Paradores para a súa explotación hoteleira durante 75 anos. Cómpre lembrar que se trata dun ben publico pertencente ao Estado e que foi cedido á Xunta de Galiza,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coas condicións de uso público, isto previo á manobra feita polo Goberno do Estado ampliando os usos a hostaleiro con posterioridade ao comezo das obras e das reivindicacións veciñais e deixando en papel mollado as condicións anteriores de uso público de restauración, conservación e visitas culturais. A suma de despropósitos acontecidos con posterioridade a 2014 no relativo a usos, fondos, etc. constitúe un dos maiores despropósitos da xestión do PP na Xunta de Galiza coa Comarca de Verín.

No pasado 2023 o Presidente da Xunta anunciou a intención de levar a cabo un traballo dividido en dúas fases; a primeira, coa recuperación dos edificios do Cuartel de Infantería, o antigo Concello e o Colexio de San Xoán; e a segunda, con actuacións adicionais na Praza do Mercado e na Praza de Armas para poñer en valor os seus usos turísticos

O pasado 22 de decembro de 2023 foi adxudicada a UTE EXTRACOREGA_MONTERREI a Obra de rehabilitación do recinto fortificado de Monterrei no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (2023/090) en 13.948.115 €

Esta obra ten un prazo de execución de 24 meses, polo que quedan aproximadamente 12 meses para rematar o prazo de execución.

É preciso facer seguimento da planificación e execución orzamentaria deste Plan, e profundar na súa transparencia, pois a información accesible é limitada e reducida ás notas de prensa do goberno galego.

Polo exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cales son os elementos arquitectónicos nos que se están a executar obras neste momento?
2. A que edificios, instalacións ou restos afectan estas obras?
3. A que van ser destinados os elementos obxecto de rehabilitación?
4. Como está o estado de execución das obras previstas?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 23/12/2024 13:51:20

Mercedes Queixas Zas na data 23/12/2024 13:51:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª,** sobre a falta do servizo de traballo social no centro de saúde de Quiroga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O traballo social sanitario é parte da carteira de servizos que debe ofrecer o Servizo Galego de Saúde e ao ver do Grupo Parlamentar do BNG é fundamental para ofertar un servizo público de calidade dentro do Sergas. De estar integrado nos equipos de atención primaria podería servir para detectar situacións de necesidade e urxencia mais tamén ofrecer un servizo de traballo social moi necesario, especialmente no rural galego.

Nos concellos rurais, onde existe unha importante dispersión xeográfica e a media de idade é particularmente elevada, este servizo revélase fundamental entre outras cuestións, facer máis soportable a doenza para as persoas de maior idade así como a soidade que moitas destas persoas sofren.

Así, na actualidade o concello de Quiroga, cabeceira de comarca, non conta con esta praza de traballo social no seu centro de saúde polo que as persoas que habitan esta zona do país deben desprazarse até Monforte de Lemos para seren atendidos por este/a profesional. Deste modo, son cerca de 5.000 os habitantes dos tres concellos que conforman a comarca (Quiroga, Ribas de Sil e Folgoso do Courel) que se ven afectados por esta falta de servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É importante destacar que en certas zonas, nomeadamente no Courel, a distancia até Monforte supera a hora de traxecto en coche. É deber da Xunta de Galiza facilitar e mellorar a vida da poboación galega, tamén a que vive no rural.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Por que non dota o Goberno galego o Centro de Saúde de Quiroga dun/ha profesional en Traballo Social?
- Son conscientes desde a Xunta dos problemas que xera na poboación non contar con este servizo?
- Que lles parece no Goberno galego que os habitantes da comarca de Quiroga teñan que desprazarse máis dunha hora en coche até Monforte para recibiren o servizo de traballo social no Sergas?
- Como avalían desde a Xunta de Galiza a situación socio-sanitaria na comarca de Quiroga?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 26/12/2024 10:14:24

María Montserrat Prado Cores na data 26/12/2024 10:15:54

Olalla Rodil Fernández na data 26/12/2024 10:15:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a a situación dos accesos da RAMO (Residencia Asistida de Maiores de Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual acceso á residencia asistida de maiores de Oleiros faise por un único vial que resulta perigoso, tanto polo seu ancho como polo trazado, cunha curva de case 90 graos e outros atrancos. A isto súmase que os accesos e as saídas se fan pola mesma vía, a pesar de que non collen dous vehículos ao tempo en paralelo.

Todo isto provoca que, nunha posíbel emerxencia, a situación da evacuación dos e das residentes, ou o acceso e saída dos vehículos de emerxencias, resultarían verdadeiramente complicados. É preciso ter en conta que a RAMO conta con 280 residentes, moitos e moitas delas en situación de alto nivel de dependencia, e a cantidade de persoal coa que conta a residencia, especialmente en horario nocturno, non facilitaría unha posíbel evacuación.

O actual Plan Xeral de Ordenación Urbanística de Oleiros contempla unha posíbel solución, a través do desenvolvemento do sector SUD-18, para o que sería preciso chegar a un acordo entre os axentes implicados, concretamente, o Concello, a Xunta de Galiza e os e as propietarias dos terreos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- O goberno galego fai simulacros de emerxencias nas residencias públicas de maiores?
- O goberno galego é coñecedor da situación dos accesos á residencia asistida de maiores de Oleiros?
- O goberno galego vai inspeccionar a situación actual dos accesos á residencia asistida de maiores de Oleiros?
- En que prazo o vai facer?
- O goberno galego ten previsto tomar algunha medida para corrixir a situación dos accesos á residencia asistida de maiores de Oleiros?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/12/2024 10:18:44

Luis Bará Torres na data 26/12/2024 10:18:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Cristina Fernández Davila, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as necesidades do CPI ATIÓS do Concello de Valdoviño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA Beiramar do CPI Atios do Concello de Valdoviño leva desde comezo de curso protestando polos incumprimentos da Consellaría de educación co seu centro.

En primeiro lugar foron as inadmisións de solicitudes de matrícula, despois, e como solución improvisada e ruín ao anterior, un desdoblamento de aulas en infantil a conta das profesoras de apoio que da como resultado que a día de hoxe o centro teña 6 unidades e ningunha profesora de apoio, incumprindo a regulación da propia consellaría que establece 1 profesora de apoio por cada 3 unidades.

A isto hai que engadirlle que aínda está sen cubrir unha praza de catálogo de PT, cuxo titular se xubilou durante o curso pasado, e máis o feito, especialmente gravoso para as familias, de deixar 13 crianzas sen servizo de comedor.

Certo que a consellaría comunicou ao centro que a praza do PT se cubriría no segundo trimestre, compromiso que estaremos pendentes de verificar. Mais para todas as outras demandas/incumprimentos a consellaría non da solución ningunha.

Estamos a falar de asuntos de gran importancia para o día ao día das crianzas no centro, tanto o feito de contar con profes de apoio como o servizo de comedor, hoxe en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

día esencial para calquera centro de ensino, e máis aínda no rural, como é o caso deste centro.

En todo caso parece existir un común denominador detrás destes incumprimentos da Consellaría, o aforro en persoal, por máis que este persoal sexa esencial para garantir dereitos básicos das crianzas e das familias.

Non doutro xeito pode entenderse a resposta da Xunta sobre as necesidades de ampliar as prazas do servizo de comedor, xa que fisicamente non existe problema ningún polo sistema de quendas co que veñen funcionando, o que delata que as auténticas razóns da negativa son evitar ter que incrementar o persoal de cociña.

Do mesmo xeito que o desdoblamento “oficioso” das unidades de infantil a conta das profes de apoio significa tamén evitar ter que enviar máis persoal docente.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza da situación do CPI ATIOS?
2. Por que a Xunta de Galiza desatende as demandas da ANPA do Centro?
3. Por que non cubre as prazas de profesores/as de apoio?
4. Por que deixa sen atender solicitudes de comedor?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Xosé Manuel Golpe Acuña





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila

Deputados e deutada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 26/12/2024 10:21:24

José Manuel Golpe Acuña na data 26/12/2024 10:21:55

Cristina Fernández Davila na data 26/12/2024 10:21:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza dea unha solución ás e aos investigadores que traballan baixo as convocatorias María Zambrano e Margarita Salas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A investigación é un dos piares fundamentais para que as sociedades avancen tanto cientificamente como no seu nivel de benestar. Por esta razón, todos os gobernos deben facer unha aposta importante pola mesma, con grandes políticas públicas que favorezan o desenvolvemento da carreira investigadora no noso país e que eviten que os galegos e galegas máis e mellor formados teñan que marchar ao estranxeiro para seguir cos seus proxectos.

Desgraciadamente, a situación das e dos investigadores galegos cunha bolsa María Zambrano e Margarita Salas é de absoluta incerteza e indefensión. Todas estas persoas viron como os seus contratos rematan a finais de ano ou incluso antes, sen ter ningunha información de cal vai ser o seu futuro.

Aínda por riba, estamos a falar de profesionais que investigan en Galiza e para Galiza e que por se fose pouco non saber nada sobre o seu futuro, a Xunta de Galiza leva meses sen contestar ás chamadas e peticións de reunións do colectivo galego da María Zambrano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto está a ocorrer co silencio das administracións e cunha Xunta de Galiza que fuxe dos problemas e que é incapaz de darlle unha solución a toda esta xente, aínda por riba cando ten plenas competencias sobre as Universidades galegas.

Deste xeito vemos como o goberno do PP segue sen facer un mínimo esforzo por reter todo o talento que temos no país, deixando no esquecemento a toda esa xente que decidiu investigar e facelo en Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai realizar a Xunta de Galiza algún tipo de esforzo que garanta a continuidade no ano 2025 das convocatorias María Zambrano e Margarita Salas para as investigadoras e investigadores galegos?
- Cal é a razón que explica que a Xunta de Galiza non responda durante meses ás peticións de xuntanza por parte do colectivo galego das María Zambrano?
- Que medidas vai levar a cabo a Xunta de Galiza para evitar que toda esta xente quede na rúa sen un contrato para poder investigar?

Santiago de Compostela, de decembro de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/12/2024 10:25:06

Olalla Rodil Fernández na data 26/12/2024 10:25:10





A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Raquel Arias Rodríguez, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Víctor Baladrón Lamas, Juan Casares Gándara, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Zas e Ángel Rodríguez Conde ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Os medios de comunicación xogan un importante papel na sensibilización cidadá contra a violencia machista.

O compromiso coa plena igualdade e especificamente a concienciación social para loitar contra a violencia machista son unha constante nos medios públicos galegos.

O 25 de Novembro, día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, a CRTVG presta unha especial atención aos contidos vinculados a esta data.

Pero non só é a prioridade duns días concretos, senón que ao longo de todo o ano este papel sensibilizador plásmase nos seus informativos e nos seus programas.

Tamén a través de campañas específicas que promoven unha imaxe igualitaria entre homes e mulleres.

Este compromiso coa igualdade reflíctese de xeito transversal en toda a organización da CRTVG e visibilízase día a día nos contidos das súas programacións.





Ante a relevancia de este tema, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular formulamos as seguintes preguntas orais:

-Que balance fai das accións internas e externas da CRTVG para acadar a plena igualdade?

-Cal foi a cobertura da CRTVG do 25 de Novembro?

-E como se visibiliza este compromiso coa igualdade e coa loita contra a violencia machista día a día na programación?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 26/12/2024 11:39:48

Raquel Arias Rodríguez na data 26/12/2024 11:40:05

Enrique Barreiro Sánchez na data 26/12/2024 11:40:35

Cristina Campero Dorado na data 26/12/2024 11:41:07

Víctor Baladrón Lamas na data 26/12/2024 11:41:17

Jesús María Fernández Rosende na data 26/12/2024 11:41:26

Ángel Rodríguez Conde na data 26/12/2024 11:41:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Juan Manuel Casares Gándara na data 26/12/2024 11:42:03

Paula Mouzo Mas na data 26/12/2024 11:42:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0PISDR0CBYU3a074ldA60
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que se encarga de desenvolver as liñas de investigación destinadas a especializar e perfeccionar técnicas de elaboración que permitan mellorar a calidade dos produtos artesanais, ademais de optimizar o proceso produtivo, xa que a innovación, o deseño e a calidade, son as bases coas que conta a artesanía para sobrevivir.

A súa principal finalidade é dotar ao sector artesanal dunha infraestrutura especializada para que poida desenvolver programas de asistencia, formación, innovación, catalogación, promoción, comercialización e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais en Galicia. A marca Artesanía de Galicia foi iniciativa da Asociación Galega de Artesáns nos anos 90 e o modelo foi adoptado pola Xunta de Galicia dez anos despois, converténdose nunha marca oficial cun regulamento propio.

O seu obxectivo principal é servir de marca paraugas, ofrecendo unha imaxe común, armónica, coordinada e representativa dos produtos artesanais galegos, é dicir, un selo de prestixio que constituía un sinal de identidade propia e garantía de calidade para os consumidores. Ademais, é importante destacar o apoio destinado ao tradicional e contemporáneo, insistindo tamén na comercialización e apostando pola formación profesional continua para un sector sostible no tempo, cunha divulgación dos procesos e un valor da artesanía para todos os públicos, desde os máis novos ata a idade adulta.

Neste sentido, cabe destacar que a Xunta de Galicia facilita a adquisición e distribución do material de packaging da marca e un indicador personalizado aos talleres inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e puntos de venda autorizados.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

1. Que valoración fai do traballo que está a desenvolver a Fundación Pública Artesanía de Galicia?





Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/12/2024 11:54:01

María Deza Martínez na data 26/12/2024 11:54:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/12/2024 11:54:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/12/2024 11:54:55

Ángel Rodríguez Conde na data 26/12/2024 11:55:02

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 11:55:15

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 26/12/2024 11:55:29

Cristina Sanz Arias na data 26/12/2024 11:55:36

Borja Vereza Fraiz na data 26/12/2024 11:55:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereas Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Xunta de Galicia, o Concello de Ourense e a Compañía Mercantil de Comerciantes Asociados do Mercado de Abastos nº1 de Ourense, asinaron este mes de novembro o protocolo de colaboración para o traslado dos comerciantes á Praza de Abastos nº1 de Ourense, tras varios contactos e xuntanzas para pechar dito acordo.

O protocolo establece que o Goberno galego e o Concello cofinanciarán a reactivación deste edificio emblemático da cidade, acordando un máximo orzamentario para as actuacións consensuadas de 2 millóns de euros, para o cal, o Goberno galego xa consignou un millón de euros nas contas do vindeiro ano. Desta achega inicial, 800.000 euros serán destinados ás obras que se recollan no Plan funcional definitivo, sempre e cando atopen o consenso das tres partes para o seu financiamento.

Os 200.000 euros restantes que están en disposición de incrementar, no caso de que fose necesario, permitirán asumir as obras incluídas nese plan por ser definidas como necesarias pola administración autonómica e os praceiros, sen contar co respaldo a nivel económico do Concello de Ourense.

As obras versan sobre a mellora do circuíto de carga e descarga das mercancías ou, chegado o momento, a pasarela peonil que conecte a praza coa rúa Progreso, consideradas como fundamentais para garantir a eficiencia e a comodidade, tanto de comerciantes como de usuarios, e que foron incluídos no primeiro Plan funcional, un documento elaborado en verán atendendo as demandas dos praceiros e que agora, a través da firma do protocolo, será consensuado co Concello para alcanzar o Plan funcional definitivo.

A través deste compromiso, o Executivo galego busca facilitar o acordo e garantir a mellor praza posible. De feito, dito documento recolle o papel da administración autonómica na mediación entre o Concello e os comerciantes para desatascar e reconducir as negociacións.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





1. Que valoración fai o Goberno galego respecto do compromiso da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co traslado da actividade comercial desde a localización provisional na Alameda ata a súa sede orixinal?

2. Cales serán os próximos pasos pendentes das actuais obras de reforma do edificio rehabilitado?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/12/2024 11:56:32

María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/12/2024 11:56:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/12/2024 11:57:07

Cristina Sanz Arias na data 26/12/2024 11:57:19

Borja Vereza Fraiz na data 26/12/2024 11:57:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/12/2024 11:57:50

Ángel Rodríguez Conde na data 26/12/2024 11:57:58

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 11:58:36

María Deza Martínez na data 26/12/2024 11:58:44

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 26/12/2024 11:59:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A Xunta de Galicia puxo en marcha un novo sistema de reclamación dixital, a primeira vez que se leva a cabo un proxecto deste tipo co gallo de mellora o proceso de reclamación de consumo na Comunidade Autónoma, coincidindo co 30º aniversario de historia do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Este proxecto piloto en materia de consumo a través dun Código QR véñese de implantar en catro comercios, un por cada provincia, tras a súa primeira proba nun establecemento de Santiago de Compostela.

Nesta aposta do Goberno galego por seguir avanzando polo conxunto do territorio, unha vez sexa testado nos pequenos comercios, farase unha campaña de difusión masiva a todos eles, onde tamén se incluírán os supermercados.

A previsión é que o novo sistema chegue á subministración eléctrica e á telefonía o vindeiro ano 2025, xa que son os sectores máis numerosos en materia de reclamacións da cidadanía, aspirando acadar no conxunto do próximo exercicio, os 5.000 adheridos.

O obxectivo non é outro co de axilizar o proceso de reclamacións para garantir a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, como complemento das actuais follas de reclamacións existentes nos establecementos.

Así, preténdese mellorar os sistemas de reclamación en materia de consumo e simplificar o procedemento para a cidadanía, establecendo sinerxías con outros sectores competenciais para mellora a protección neste ámbito, ademais da seguridade dos produtos e o correcto funcionamento do mercado, poñendo en valor o Instituto Galego do Consumo e da





Competencia por parte da cidadanía, pola permanencia ao seu carón, a través de diferentes canles de resolución das máis diversas incidencias en materia de consumo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular formula as seguintes preguntas orais:

1. En que consiste o funcionamento do proxecto piloto de reclamación dixital en materia de comercio a través dun Código QR?
2. Cal foi a acollida que tivo entre os distintos establecementos adheridos a esta iniciativa?

Santiago de Compostela, 26 de decembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/12/2024 12:03:02

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/12/2024 12:03:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/12/2024 12:03:41

María Deza Martínez na data 26/12/2024 12:03:51

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 12:04:04

Ángel Rodríguez Conde na data 26/12/2024 12:04:14

Cristina Sanz Arias na data 26/12/2024 12:04:22

Borja Verea Fraiz na data 26/12/2024 12:04:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Miguel Ángel Viso Diéguez na data 26/12/2024 12:04:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: B0P5DR0C0M15aM14c0W-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O programa *Novas artesanías para novas ecoloxías* desenvolveuse en diferentes xornadas como unha oportunidade para coñecer, compartir e reflexionar sobre novas miradas, tanto establecidas como emerxentes, que xurdiron arredor da artesanía en territorio nacional e internacional.

Nestas xornadas reflexionouse sobre novas oportunidades de deseño a partir da exploración de propostas materiais máis sensibles coa complexidade ecolóxica que nos rodea, facendo fincapé no aproveitamento dos materiais da contorna desde a artesanía, a innovación e o pensamento ecolóxico.

Esta iniciativa supón o inicio dunha nova liña de traballo na folla de ruta da Artesanía de Galicia e da Xunta de Galicia no apoio aos oficios artesanais e a aquelas experiencias máis creativas, artísticas e transversais, que funcionen coas súas raíces postas nos oficios pero cunha mirada posta no presente e futuro dos novos materiais, os recursos locais as sinerxías entre disciplinas, ademais dunha forte aposta polo rural como fonte de recursos e creatividade.

Constitúe un formato inédito pola súa dinámica a nivel estatal, onde se lle da importancia á propia convivencia entre creadores, tanto poñentes como asistentes, ofrecendo un espazo e unha oportunidade de encontro, convivencia e confluencia que contribúe ao enriquecemento dos profesionais, podendo dar lugar a colaboracións futuras entre participantes.

O seu obxectivo consiste en buscar os futuros da artesanía desde un lugar intermedio entre a innovación, a tradición e o deseño contemporáneo.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia formulan seguinte pregunta oral:

Cal é o compromiso da Xunta de Galicia con esta iniciativa do sector artesanal a nivel nacional e internacional?

Santiago de Compostela, 26 de decembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/12/2024 12:08:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/12/2024 12:08:16

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 26/12/2024 12:08:22

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/12/2024 12:08:30

María Deza Martínez na data 26/12/2024 12:08:39

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 12:08:48

Ángel Rodríguez Conde na data 26/12/2024 12:09:02

Cristina Sanz Arias na data 26/12/2024 12:09:14

Borja Vereza Fraiz na data 26/12/2024 12:10:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Este ano 2024 concedéronse diferentes axudas no ámbito do comercio, como a orde dirixida á transformación dixital, innovación e modernización do sector comercial e artesanal, a orde dirixida ao impulso dunha rede de Mercados Excelentes ou o programa Bonos Activa Comercio.

O Bono Activa Comercio é unha das medidas para revitalizar o comercio de proximidade e súmase a outras actuacións destinadas a potenciar as prazas de abastos e os centros comerciais abertos que incrementen a competitividade deste sector e incentiven o consumo, así como a xeración de puntos de atracción comercial nas cidades e vilas galegas.

Nesta nova edición, destináronse 2,5 millóns de euros para dos orzamentos xerais deste ano da Comunidade Autónoma, así como unha cantidade engadida doutros 2,5 millóns de euros destinados á primeira edición de 2024 desta iniciativa.

A finalidade deste programa consiste en continuar estimulando a demanda das persoas consumidoras e incrementar o fortalecemento e a reactivación económica do comercio retalista, promovendo as compras de bens en comercios e paliando o impacto negativo derivado da crise económica, obxectivos que, no contexto da actual situación inflacionista, tamén terán un impacto positivo na economía das persoas consumidoras ao poder beneficiarse de descontos nas compras que realicen no seu comercio de proximidade.

Os bonos permitiron dinamizar o consumo e reforzar un sector clave para a xeración de riqueza e emprego na comunidade.





Por todo o exposto, Os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia formulan a seguinte pregunta oral:

Que valoración fai o Goberno galego das diferentes edicións do Bono Activa Comercio neste ano 2024?

Santiago de Compostela, 26 de decembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodriguez Carrera na data 26/12/2024 12:13:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/12/2024 12:13:32

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 26/12/2024 12:13:41

Ángel Rodríguez Conde na data 26/12/2024 12:13:48

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 12:13:58

María Deza Martínez na data 26/12/2024 12:14:08

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/12/2024 12:14:29

Borja Verea Fraiz na data 26/12/2024 12:14:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Cristina Sanz Arias na data 26/12/2024 12:14:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BDRSDRDCV8T6a0Aq6W+0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo, Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereá Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Na procura de promover a competitividade das empresas e dos autónomos galegos no actual contexto é importante ter instrumentos para o financiamento empresarial, co obxectivo de contribuír e impulsar o financiamento dos investimentos, circulante ou os proxectos estratéxicos e outras actuacións de interese para o tecido empresarial da Comunidade Autónoma. Historicamente, a Xunta, a través do Igape, puxo en marcha diversos programas de préstamos, con recursos do Banco Europeo de Investimentos, con fondos estruturais europeos, e con cargo aos seus orzamentos, tanto mediante liñas específicas para emprendedores, sector audiovisual, sector auxiliar do naval, Industria 4.0 e innovación, como con liñas horizontais para facilitar o investimento e o financiamento de circulante para o crecemento, demostrándose que estes programas constitúen unha ferramenta eficaz para favorecer o acceso ao crédito das empresas galegas, ao complementar o mercado bancario con produtos de financiamento público axeitados para as súas actuacións.

Neste contexto destacar que, precisamente, autónomos e pemes son os que sofren maiores dificultades para acceder ao financiamento adecuado ás súas necesidades, atopándose con maiores esixencias de garantías e maiores custos de financiamento que outras empresas de maior dimensión, polo que, de forma continuada, o Igape vén apoiando o acceso ao financiamento con axudas en forma de garantía e subvencións de gastos financeiros, promovendo diversas liñas para cubrir necesidades específicas. Por outra banda, contrastouse o bo funcionamento das liñas de préstamos directos para o financiamento empresarial, destinados a cubrir aquelas necesidades financeiras para a implantación e desenvolvemento de determinados proxectos empresariais de interese para Galicia, que queden fóra do ámbito de aplicación doutros programas de financiamento postos en marcha polo Igape.

Neste escenario cómpre poñer ao dispor de autónomos e de empresas os instrumentos financeiros adecuados que lles possibiliten o financiamento das súas necesidades de circulante e dos seus proxectos e investimentos, mellorando ou facilitando as condicións de acceso ao crédito, e buscando así promover a competitividade das empresas e dos autónomos galegos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





1.- Que iniciativas e liñas de financiamento e préstamos ten a Xunta para apoiar os proxectos de investimento e as necesidades de financiamento dos autónomos e das empresas galegas?

2.- Cal é o balance destas actuacións desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/12/2024 12:44:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/12/2024 12:45:14

María Deza Martínez na data 26/12/2024 12:45:21

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 12:45:35

María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/12/2024 12:45:49

Ángel Rodríguez Conde na data 26/12/2024 12:45:57

Cristina Sanz Arias na data 26/12/2024 12:46:05

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 26/12/2024 12:46:34

Borja Vereza Fraiz na data 26/12/2024 12:46:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a adxudicación de contratos menores pola Axencia de Turismo á empresa Dos Espacios Internet Consulting SL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A Axencia de Turismo de Galicia adxudicou 66 contratos menores por valor de 816.000 euros á empresa Dos Espacios Internet Consulting SL. Tanto os obxectos dos contratos como as contías e a duración dos mesmos teñen coincidencias que son chamativas e que fan que teñamos dúbidas sobre a efectiva realización dos traballos contratados.

Nalgúns casos estamos entre coincidencias no obxecto do contrato, noutros en aparentes fragmentacións dun mesmo obxecto e nalgún caso parece deducirse que a data de rexistro do contrato é posterior á realización do traballo.

Tamén chama poderosamente a atención a concentración de contratos nos días finais do ano, situación que se dá a finais de 2021 e de 2022, con obxectos de contrato que podemos considerar dubidosos.

É importante tamén sinalar que esta empresa ten outras adxudicacións de contratos menores por parte doutros departamentos do goberno galego, cuestión que será tamén obxecto da conseguinte solicitude de explicacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A partir de setembro de 2020 prodúcese un incremento moi significativo das contratacións con esta empresa, coincidindo coa chegada á Axencia de Turismo de Nava Castro (Directora) e de Emilio de la Iglesia Lema (xerente), persoas designadas polo máximo responsable político da Axencia e do departamento de turismo da Xunta.

Máis alá destas contratacións nas que existen moitos baleiros e moitas explicacións que dar, é relevante sinalar que cando Nava Castro asume a alcaldía de Pontearreas no ano 2023 volve contratar a esta empresa e entre outras irregularidades o concello de Pontearreas págalle a Dos Espacios unha factura de 10.000 euros pola organización dun evento de organización dun edificio que non se realizou.

Tamén facemos constar que un irmán de Nava Castro ten vínculos laborais e empresariais con Dos Espacios, o que incrementa a gravidade deste caso.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

-Por que motivo a Axencia de Turismo ten tal concentración de contratos mesma con unha mesma empresa?

-Considera a Xunta que estes contratos se adxudicaron e se executaron de maneira correcta?

-Como valora o goberno galego os vínculos entre esta empresa e a contorna familiar da ex directora da Axencia de Turismo de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Oscar Insua Lema
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/12/2024 13:00:07

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/12/2024 13:00:15

Óscar Insua Lema na data 26/12/2024 13:01:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o recoñecemento do exercicio do dereito de folga das profesionais da avogacía e procuradoría adscritas á quenda de oficio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Declaración Universal de Dereitos Humanos e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea recoñecen expresamente o dereitos de todas as persoas á defensa dos seus dereitos ante un xuíz imparcial, contemplando a propia Carta Europea que, para garantir a efectividade deste dereito, oes Estados deberán establecer un sistema de asistencia xurídica gratuita para todas as persoas que carezan de recursos abondos.

Actualmente este servizo estase a prestar polos Colexios Profesionais da Avogacía e da Procuradoría, tanto coa súa propia infraestrutura e organización, como por medio das profesionais que realizan os traballos de asesoramento, asistencia e representación.

Dende o mes de novembro de 2023 un bo número das avogadas e procuradoras que atenden a quenda de oficio e a asistencia xurídica gratuita están en folga indefinida pola defensa da dignificación do servizo e da mellora das condicións profesionais e sociais en que se presta. No anuncio da convocatoria de folga o sindicato convocante indicaba o servizos que, por considerarse esenciais, se seguirían atendendo, sen que conste a existencia de resposta por parte da autoridade laboral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O exercicio lexítimo do dereito de folga por parte destas profesionais, como anteriormente acontecera coa xudicatura, LAXs e tamén traballadoras dos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial, esta a provocar a suspensión dun número importante de xuízos, vistas e dilixencias de distinto carácter que adían a resolución dos procedementos.

Após máis de 11 meses de conflito a situación é que, o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, consellaría responsable da xestión da quenda de oficio e da asistencia xurídica gratuíta, aínda non se reuniu coa representación das traballadoras en folga; a Xunta de Galiza presentou uns orzamentos que non van permitir unha mellora significativa das condicións en que se presta o servizo; e a inasistencia a vistas ou xuízos como consecuencia do exercicio lexítimo do dereito de folga esta dando lugar apercibimentos e mesmo da incoación de procedementos sancionadores contra as profesionais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza que as traballadoras que prestan o servizo de xustiza gratuíta son titulares do dereito de folga?

Cantas actuacións xudiciais (xuízos, vistas, declaracións ...) suspendéronse como consecuencia da folga das profesionais da quenda de oficio?

Fixou a Xunta de Galiza, en canto responsable da xestión da quenda de oficio e da xustiza gratuíta, os servizos que por ter o carácter de esenciais deberían prestarse durante a folga?

Reuniuse a Xunta de Galiza coa representación das traballadoras en folga?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En cantas ocasións?

Considera a Xunta de Galiza que o proxecto de orzamentos para 2025 permitirá unha mellora substancial da quenda de oficio e das condicións das profesionais que prestan o servizo de xustiza gratuíta?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 26/12/2024 13:08:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/12/2024 13:08:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a non posta en marcha do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galiza (Ridega).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de dous anos, concretamente no DOG do 11 de maio de 2022, o Goberno galego anunciaba a creación e a regulación do Ridega, o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galiza. A través dun decreto, a Xunta “creaba” este Rexistro que visaba ser unha especie de censo de todas as infraestruturas para a práctica do deporte no país. Segundo se pode ler nese mesmo DOG, co Ridega búscase “dispoñer de información ao servizo das funcións de planificación, fomento e xestión de instalacións deportivas, e de apoio para o exercicio das demais competencias que, en materia deportiva, fosen atribuídas ás administracións públicas galegas”.

Pois ben, máis de dous anos despois nada se sabe desta promesa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galiza. A día de hoxe, o Ridega non está publicado e por tanto non se pode consultar. É por iso que desde o BNG reclamamos que o Ridega se elabore se non está feito e que unha vez finalizado se publique para poder ser consultado pola poboación galega.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que está sen publicar o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galiza (Ridega), publicado no DOG en maio de 2022?

- Está a Xunta a elaborar o Ridega?

- A que se debe o atraso na elaboración e/ou publicación do Ridega?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/12/2024 13:15:06

Iago Suárez Fernández na data 26/12/2024 13:15:10



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O incremento dos custos de produción, tales como a enerxía, os embalaxes ou o aceite, o encarecemento dos custos de persoal, e a forte caída do consumo, maior para peixe, conservas e produtos transformados do mar, provocaron que empresas do sector transformador amosen serios problemas de liquidez nos últimos tempos.

Esas circunstancias provocan altos volumes de existencias nas empresas, que unido á falta de vendas, e ás importacións libres de aranceis de terceiros países como Vietnam, China, Rusia, Tailandia ou Indonesia, impide recuperar o gasto na produción.

Para impulsar a demanda de produtos do mar, e polo tanto mellorar os ingresos e a liquidez nas empresas do sector, o Goberno de España debería tomar exemplo da Xunta de Galicia e poñer en marcha medidas e accións tales como as campañas para promover o consumo de peixe e conservas (como Galicia sabe a Mar) ou habilitar axudas á cadea mar- industria.

Por todo o exposto, os deputados e deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopan as empresas de transformación de produtos do mar?
- 2.- Que medidas cre que debería tomar o Goberno de España para que melloren a súa liquidez e poidan manter á actividade e os postos de traballo?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 13:11:04

María Deza Martínez na data 26/12/2024 13:11:17

Paula Mouzo Mas na data 26/12/2024 13:11:32

Manuel Santos Costa na data 26/12/2024 13:11:44

Pablo Prieto Perille na data 26/12/2024 13:11:51

Jesús María Fernández Rosende na data 26/12/2024 13:12:02

Dolores Hermelo Piñeiro na data 26/12/2024 13:12:47

Patricia García González na data 26/12/2024 13:13:01

Raúl Santamaría González na data 26/12/2024 13:14:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

A Xunta de Galicia formalizou a solicitude ao Goberno de España para que se declaren como “zona catastrófica” os bancos marisqueiros das rías galegas afectados polo alto índice de mortalidade de bivalvos. O baixo nivel de salinidade das augas causado polas fortes precipitacións do pasado outono provocou severas perdas nas poboacións de bivalvos de interese comercial das rías galegas.

A declaración destes espazos costeiros como zonas afectadas gravemente por unha situación de emerxencia -que é a denominación actual equivalente á de “zona catastrófica”- permitiría habilitar axudas extraordinarias para compensar de forma completa e áxil ao sector afectado polas perdas ocasionadas.

A pasividade do Executivo estatal contrasta co traballo realizado desde a Xunta da man do sector habilitando axudas directas para os profesionais e un conxunto de actuacións vinculadas ao Plan de Competitividade e Sostibilidade do Marisqueo en Galicia 2024- 2025.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:





1. Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia diante da situación que está a acontecer nas rías galegas como consecuencia da alta mortalidade de marisco?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 13:36:11

Paula Mouzo Mas na data 26/12/2024 13:36:34

Dolores Hermelo Piñeiro na data 26/12/2024 13:36:45

María Deza Martínez na data 26/12/2024 13:36:57

Raúl Santamaría González na data 26/12/2024 13:37:07

Patricia García González na data 26/12/2024 13:37:22

Manuel Santos Costa na data 26/12/2024 13:37:33

Jesús María Fernández Rosende na data 26/12/2024 13:37:40

Pablo Prieto Perille na data 26/12/2024 13:37:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luís Bará Torres e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás medidas a adoptar ante a situación que viven as pequenas e medianas empresas do transporte de viaxeiros por entrada en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a posta en funcionamento do Plan de Transporte de Galiza, o sector de transporte de viaxeiros por estrada sufriu unha modificación considerable, existindo un maior cambio no que ten que ver coa parte maioritaria do sector, as pequenas e medianas empresas.

É pois que as actuais concesionarias dos contratos no transporte público están formadas por UTEs, estando estas lideradas, nunha parte importante dos casos, polas principais empresas concesionarias do transporte público galego.

Como ven advertindo o Consello de Contas, a composición destas unións de empresas é en moitos casos desigual, consistindo a participación nunha dominación das grandes empresas sobre as pequenas ou medianas empresas do sector.

Nun sector que camiña cara o monopolio é fundamental reverter esta situación de desigualdade que actúa en detrimento das pequenas e medianas empresas do sector, que licitación tras licitación ven como as súas posibilidades de supervivencia minguando, chegando á situación actual no que moitas empresas apenas son quen de manterse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta realidade choca frontalmente coa función que debera xogar a fórmula da UTE, xa que mentres que debera servir para facilitar a participación e a unión de varias empresas para afrontar un contrato coa suficiente capacidade e suficiencia, está a ser utilizado en beneficio das grandes empresas do sector.

É necesario que a Xunta de Galiza rectifique e redeseñe este modelo, tratando de fomentar a participación en igualdade de condicións aos contratos públicos e favorecer o mantemento dun entorno económico e empresarial que posibilite o mantemento do emprego nas localidades e comarcas e que free a mingua de pequenas e medianas empresas galegas nun sector fundamental para o noso país.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Cal é a opinión da Xunta de Galiza en canto á saúde do sector do transporte de viaxeiros por estrada?
2. Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre a relación desigual entre pequenas e medianas empresas e as grandes empresas do sector do transporte público por estrada?
3. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para favorecer a supervivencia das pequenas e medianas empresas do sector?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/12/2024 14:39:34

Luis Bará Torres na data 26/12/2024 14:39:47

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/12/2024 14:39:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a emerxencia climática e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para combatela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos publicáronse estudos que advirten dos riscos relacionados coa emerxencia climática, o incremento de temperaturas e dos períodos de seca, a redución das precipitacións e a diminución das reservas de auga: é o caso do informes do Observatorio de la Sostenibilidad, da AEMET, da Comisión Europea, da Organización Meteorolóxica Mundial ou do Grupo Intergubernamental de Expertos dobre o Cambio Climático. Tamén existen informes da administración e do sistema universitario galego que alertan sobre as consecuencias da emerxencia ambiental e do cambio climático nas reservas e disponibilidad da auga, na biodiversidade e nas actividades económicas, entre outras materias.

Para o caso galego, contamos con estudos e análises da Axencia Española de Meteoroloxía e de expertos en investigación do clima como Dominic Royé e Alberto Martí. Nunhas declaracións ao medio Praza Pública estes autores sinalaban en 2022 que “En Galicia espéranse períodos de seca máis dilatados no tempo, vagas de calor máis longas e intensas, precipitacións concentradas en menos días ao ano e condicións máis favorables para os incendios”.






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un informe da Axencia Europea de Medio Ambiente do ano 2019 prevía que “na área mediterránea en particular, incluíndo a maior parte de Portugal, Galicia en España, o norte de Escandinavia e a Turquía mediterránea o incremento da severidade das secas será máis pronunciado”.

Segundo o medio GCiencia, que recollía datos da delegación en Galiza da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) do balance anual de 2022, “O ano 2022 está a resultar extremadamente cálido no conxunto de Galicia, cunha anomalía térmica de máis de 1,5 graos con respecto ao valor normal”.

O balance climatolóxico anual de MeteoGalicia sinala que 2023 foi o ano máis cálido en Galiza das últimas seis décadas. A temperatura media en Galicia nese ano foi de 14,9 graos, o que supón un incremento de **1,3 graos** a respecto dos valores esperados e a cifra máis elevada **desde 1961**. Isto despois que xa o 2022 fose o ano máis cálido da serie histórica.

Anomalía da temperatura media anual




Anomalía da temperatura media anual en 2023 CC-BY-SA MeteoGalicia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre ter en conta ademáis que as anomalías da temperatura teñen unha distribución diferente no noso país, e teñen un maior impacto nalgunhas zonas nas que o incremento supera os 2 graos nos meses de setembro-novembro.



Anomalía da temperatura media no período setembro-novembro. AEMET





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Categorización mensual segundo as anomalías de temperatura no ano 2023			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	normal	normal	normal
febreiro	moi frío	normal	moi cálido
marzo	moi cálido	moi cálido	cálido
abril	moi cálido	moi cálido	moi cálido
maio	moi cálido	moi cálido	moi cálido
xuño	extremadamente cálido	moi cálido	moi cálido
xullo	normal	normal	normal
agosto	moi cálido	moi cálido	moi cálido
setembro	moi cálido	moi cálido	cálido
outubro	extremadamente cálido	extremadamente cálido	moi cálido
novembro	moi cálido	moi cálido	cálido
decembro	cálido	cálido	normal

Táboa 2: Cualificación mensual en función das temperaturas mínima, media e máxima con respecto ao período de referencia 1981-2010

Categorización das temperaturas cada mes de 2023 a respecto dos valores normais CC-BY-SA MeteoGalicia

Polo que respecta ás precipitacións e á seca, no anos 2023 foi necesario adoptar medidas excepcionais, nun escenario de prealerta ou de alerta, co obxecto de reducir o consumo de auga e garantir as necesidades básicas relacionadas co abastecemento humano/urbano.

Este escenario de escaseza de auga non só ten incidencia no abastecemento á poboación. As consecuencias son moi evidentes tamén na produción agrogandeira, pola incidencia da baixada de precipitacións e do aumento da temperatura en ámbitos como a produción de forraxes e outras especies e, nun escenario a medio prazo, en cambios profundos na adaptación de especies forestais, froiteiras ou nas zonas vitivinícolas. Outra das consecuencias é a proliferación de pragas que teñen consecuencias devastadoras e tamén o incremento de especies invasoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais alá dos efectos sobre o medio terrestre, o cambio climático tamén está a ter un impacto directo nas augas do mar, con especial incidencia nas rías. Nos últimos anos semanas publicáronse informacións a respecto dos efectos da suba da temperatura da auga do mar na biodiversidade e na perda de produtividade no sector da pesca, marisqueiro e na acuicultura.

Outro aspecto a ter en conta é o impacto da emerxencia ambiental-climática na saúde, especialmente da proliferación das ondas de calor e do aumento da contaminación. Esta afección é moito máis directa no medio urbano, polos efectos da contaminación atmosférica e da illa de calor, o que obriga a facer un seguimento e a establecer estratexias ambiciosas de mitigación e de adaptación. E ademais sería necesario contar con estudos sobre a incidencia do cambio climático, e nomeadamente das ondas de calor, no incremento da mortalidade e na saúde en xeral.

Malia a enorme gravidade e complexidade destes procesos, non existe unha estratexia integral do goberno galego para facerlle fronte. Dáse o paradoxo de que a Xunta non ten plenas competencias en materia de clima e que segue pendente a transferencia das competencias no ámbito dos servizos meteorolóxicos. En relación coa planificación e xestión hidrolóxica, só ten competencias na bacía Galiza Costa, mentres que as demais bacías son de competencia estatal. Esta anomalía competencial e de xestión non permite facer unha observación, análise, seguimento e resposta en todo o territorio. Nin sequera existe un sistema de coordinación ou de gobernanza que permita avaliar e facer seguimento da evolución no conxunto do país.

A fragmentación das competencias, a falta de coordinación, a dispersión da información e a falta de planificación son obstáculos para dar resposta con garantías aos retos da emerxencia climática, da seca e dos riscos derivados. Nunha táctica que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mestura o escapismo, a propaganda e a cosmética, a Xunta fixo público en 2023 un anteproxecto de lei do clima xeralista, declarativo, pouco ambicioso e que non asume con rigor e cos medios necesarios os desafíos e os compromisos que temos que asumir en relación coa emerxencia ambiental e cos cambios do clima.

Máis alá do contexto inmediato, resulta imprescindible facer previsións e planificación de carácter estrutural, a medio e longo prazo, para facerlle fronte ás ameazas e retos relacionados coa emerxencia climática, cos seus impactos no medio e na saúde, así como ás necesidades relacionadas coa dispoñibilidade de auga para as actividades humanas e económicas esenciais. Fronte a estratexia reactiva que prevalece na actualidade, pensada só no curto prazo, débese asumir un enfoque de máis longo alcance, baseado na previsión, na proactividade e na prospectiva.

Polo tanto, a previsión e planificación en relación co clima e a auga debe atender unha serie de criterios fundamentais

a) Debe ser integral e transversal, contemplando todos os escenarios e todos os aspectos relacionados coa emerxencia climática e as súas repercusións na biodiversidade, na saúde e dispoñibilidade de auga para o abastecemento humano e para as actividades económicas esenciais.

b) Debe contar co aproveitamento e desenvolvemento de redes científicas de análise, observación e prospectiva, coordinando os medios xa existentes e estudando a creación dun Observatorio Galego do Clima que atenda a incidencia das modificacións climáticas na saúde, na biodiversidade (incluíndo pragas e especies invasoras), na conservación e protección dos recursos hídricos, na garantía do acceso á auga para o abastecemento humano e as actividades socioeconómicas, na incidencia territorial do cambio climático tanto no espazo terrestre como marítimo, na repercusión do cambio climático nos sectores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicos (sector primario, industria, sector servizos e nomeadamente sector do turismo), na xestión do territorio para a prevención de incendios, na relación entre cambio climático e o incremento das desigualdades, etc.

c) Debe garantir a gobernanza e a máxima capacidade de decisión das institucións galegas sobre todos os aspectos relacionados co clima, os servizos meteorolóxicos e os recursos hídricos.

Polo que atinxe á planificación, a Xunta recoñeceu a necesidade de actualizar a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía pola súa obsolescencia e outras carencias. No que ten a ver co “Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023”, o goberno galego presentou un informe de execución que é un exercicio de propaganda e autobombno, e que pon de relevo a falta de ambición, as limitacións do Plan, a falta de información, e unha preocupante distorsión da realidade.

Dentro das eivas das políticas do goberno galego en relación co clima, unha das principais é a que ten que ver coa debilidade do organigrama institucional e dos medios humanos e materiais en relación con esta importante materia. A propia Xunta recoñeceu nun documento que o departamento con competencias nesta materia só dispoñía dun funcionario e por iso era necesario contratar unha empresa privada para levar a cabo un proxecto denominado Galicia Resiliente valorado en 1.000.000 de euros.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai demandar a Xunta todas as competencias en materia de clima, meteoroloxía e xestión dos recursos hídricos, e, transitoriamente, garantir a máxima coordinación na avaliación, planificación e toma de decisións?

-Considera o goberno galego de interese a creación do Observatorio Galego do Cambio Climático entendido como rede especializada de información, seguimento, avaliación e previsión sobre os cambios no clima e os seus efectos sobre a saúde, as desigualdades, o medio, a biodiversidade, os recursos, a produción de alimentos e as actividades económicas?

-Contempla a Xunta a posibilidade de crear un organismo público que aglutine todas as competencias autonómicas en relación co clima, co obxecto de garantir unha actuación integral, transversal e coordinada nesta materia que comprometa a todos os departamentos do goberno galego?

-Prevé o goberno galego modificar o estatus e o peso político do departamento de cambio climático no organigrama da Xunta e incrementar os orzamentos destinados a esta materia?

-Considera de interese a Xunta encargar ao sistema universitario galego unha diagnose sobre os efectos do cambio climático no medio natural e a biodiversidade, nos ámbitos socioeconómicos, na produción de alimentos, nas infraestruturas, no transporte, na ocupación do territorio, na saúde, na equidade, e no medio físico?

-Considera necesario aprobar no prazo máximo de 6 meses, logo dun amplo proceso participativo, unha nova Estratexia 2050 de Cambio Climático e Enerxía e o Plan Integrado de Enerxía e Clima 2025-2030, con obxectivos e liñas de actuación ambiciosos, un cronograma realista de desenvolvemento, unha programación orzamentaria real e acorde coa dimensión deste reto, e un programa de avaliación e seguimento que conte coa participación do sistema universitario galego?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Prevé a Xunta enviar ao parlamento tanto a Estratexia como o Plan serán enviados ao parlamento para o debate e aprobación?

Considera de interese a Xunta a creación da Asemblea da Cidadanía Galega polo Clima como instrumento permanente de participación da sociedade galega na elaboración, planificación, avaliación e seguimento das políticas sobre o cambio climático?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/12/2024 14:44:13

Alexandra Fernández Gómez na data 26/12/2024 14:44:26

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/12/2024 14:44:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a utilización errónea e imprudente do eslogan “Galicia Refuxio Climático” pola consellaría de medio ambiente e cambio climático.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro da tendencia da Consellaría de Medio Ambiente á hipérbole e aos slogans baleiros, a última creación -desafortunada creación- é a marca “Galicia Refuxio Climático”. Desde o BNG consideramos que se trata dun erro porque a utilización deste termo xera confusión, xa que os refuxios climáticos son áreas naturais ou urbanas concretas que ofrecen unhas condicións favorábeis para protexerse dun contexto desfavorable como as ondas de calor, ondas de frío, secas ou en xeral fenómenos meteorolóxicos adversos. No canto desta utilización incorrecta, o goberno galego debería dialogar coas demais administracións para facer un estudo, diagnose e planificación de áreas e espazos que sirvan como refuxios climáticos ao longo da xeografía galega, nomeadamente nos espazos urbanos e de solos máis artificializados.

Por outra parte, a utilización deste termo para referirse ao conxunto do país contribúe a banalizar e trivializar un asunto moi serio -a emerxencia climática- que afecta ao país no seu conxunto e especialmente a algunhas zonas, e que ten impactos moi fortes na saúde, na economía, nas emerxencias, nos incendios, nas infraestruturas, na biodiversidade, ou no acceso igualitario á enerxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben pode ser entendible que a benignidade do clima de Galiza se aproveite como reclamo turístico ou mesmo laboral en contraposición con outras zonas sometidas a unha maior incidencia das ondas de calor, a utilización da marca “Galicia Refuxio Climático” é un exemplo clásico de substitución do todo pola parte, da categoría pola anécdota e da política seria polo eslogan baleiro.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é o custo da campaña “Galicia Refuxio Climático”?

Cales son as razóns e os obxectivos desta campaña?

É consciente o goberno galego da utilización incorrecta e da distorsión da expresión “refuxio climático”?

Pensa o goberno galego desbotar a utilización da marca “Galicia Refuxio Climático” por ser tecnicamente incorrecta e porque contribúe a banalizar e trivializar un asunto moi serio -a emerxencia climática- que afecta ao país no seu conxunto e que ten impactos moi fortes na saúde, na economía, nas emerxencias, nos incendios, nas infraestruturas, na biodiversidade, ou no acceso igualitario á enerxía e á auga?

Ten previsto a Xunta a realización dun estudo e dunha planificación para a creación de zonas ou espazos que sirvan como refuxio climático ao longo da xeografía galega?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/12/2024 14:47:03

Alexandra Fernández Gómez na data 26/12/2024 14:47:37

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/12/2024 14:48:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a necesidade do rescate da autovía autonómica AG 55 (Coruña- Carballo) e o impacto social e económico que ten, sobre as comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, a decisión de excluír esta vía do rescate anunciado pola Xunta de Galiza de outras catro vías para o 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 14 de outubro de 2024 o Consello da Xunta de Galiza acordou recuperar a concesión de catro autoestradas: a do Salnés, a de Barbanza, Ourense -Celanova e a de Santiago-Brión. Todas elas vías con “peaxe na sombra”.

Máis aló do debate que pode darse sobre a decisión do goberno galego de optar por este sistema de construción de infraestruturas (e a eficiencia do mesmo), no que afecta á comarca de Bergantiños, o foco hai que poñelo necesariamente no feito que a AG-55 foi excluída dese grupo de catro autovías que van ser rescatadas. Polo que as persoas usuarias, ademais de levar anos contribuíndo a aboar as “peaxes na sombra” das autovías citadas, seguirán a pagar todas e cada unha das veces que empregar esta infraestrutura.

A decisión anunciada no Consello da Xunta a respecto destas catro autovías constitúe pois, un agravio comparativo dobre coa nosa comarca. Porque excluír a AG-55 do rescate supón manter unha peaxe inxusta e inxustificada para as persoas usuarias. Mais tamén, ao tempo, lastra gravemente o desenvolvemento económico e social da nosa comarca e da veciña Costa da Morte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esa peaxe supón un sobrecusto para familias e empresas. Un auténtico lastre para a mobilidade, a conectividade e o desenvolvemento económico e social, así como para a competitividade do tecido empresarial desta zona, na que a citada autovía constitúe un arteria vital de comunicación para o eixo industrial constituído polos parques empresariais de Carballo, A Laracha e Arteixo e a conexión con Punta Langosteira.

Esa decisión unilateral da Xunta de Galiza de liberar unha serie de autovías, que sempre tiveron esa peaxe, é máis sorprendente se temos en conta un feito concreto: que se exclúe do rescate unha vía que non tivo peaxe até que se rematou o tramo de Lendo a Carballo. Até ese momento era gratuíta.

Ao retardo inexplicable no remate da autovía que vertebraría a Costa da Morte e Bergantiños, (potenciando o eixo industrial que constitúen os polígonos industrias de Carballo, A Laracha e Arteixo coa conexión coa Coruña e o Porto Exterior), hai que sumarlle agora esta decisión arbitraria da Xunta do Partido Popular de non incluír a vía no rescate anunciado.

Ademais, o mantemento destas peaxes ten como consecuencia derivada o elevado tráfico nas estradas convencionais, coas repercusións negativas que isto ten na seguridade viaria e na calidade de vida de zonas densamente poboadas.

En definitiva, son decisións do Goberno galego que penalizan dun xeito severo á area xeográfica da Costa da Morte e Bergantiños, e lousan o seu desenvolvemento económico e social.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- Cal é motivo polo que o Goberno galego excluíu a AG-55 do rescate anunciado de outras catro autovías para o 2025?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o Goberno galego que esta decisión contribúe a mellorar a competitividade das empresas asentadas na Costa da Morte e Bergantiños?

- Considera o Goberno galego que esta decisión de excluír a AG-55 do rescate anunciado servirá para potenciar o eixo industrial constituído polos parques empresariais de Carballo, A Laracha e Arteixo e a conexión con Punta Langosteira?

- Considera o Goberno galego que esta decisión contribúe a abaratar os custos de desprazamento das persoas autónomas da comarca de Bergantiños e Costa da Morte que se desprazan á Coruña a diario para desenvolver a súa actividade?

- Considera o Goberno galego que o feito de non rescatar a AG-55 e manter as peaxes nesta vía contribúe a frear a crise demográfica e perda constante de poboación que sofren desde fai anos a gran maioría dos concellos das comarcas da Costa da Morte e Bergantiños?

- Ten previsto o Goberno galego o rescate da AG-55? En que data?

Santiago de Compostela, 26 de decembro 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Oscar Insua Lema

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 26/12/2024 14:55:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/12/2024 14:56:11

Óscar Insua Lema na data 26/12/2024 14:56:21

Luis Bará Torres na data 26/12/2024 14:56:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte do goberno galego do *Informe de Fiscalización Fondos Europeos. Exercicio 2022* elaborado polo Consello de Contas e ás rectificacións que vai impulsar para que Galiza deixe de perder oportunidades de desenvolvemento económico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de setembro de 2022 o Pleno do Consello de Contas aprobaba o *Informe de Fiscalización Fondos Europeos. Exercicio 2022*, fiscalización ordinaria incluída no programa anual de traballo de 2023. Unha vez máis, podemos ler un informe demoledor sobre a falta de planificación e execución do goberno galego e o desaproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento económico e social de Galiza como son os europeos.

Este informe ten como finalidade proporcionar ao Parlamento Galego e á sociedade un informe no que se exprese o desenvolvemento da execución orzamentaria dos fondos por parte das entidades e organismos que dispoñen destes, a identificación dos Fondos Europeos percibidos polos organismos xestores e a execución dos orzamentos de ingresos, realizándose unha análise final dos diversos beneficiarios e receptores finais das distintas modalidades de Fondos Europeos identificadas. Cómpre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recordar, así mesmo, que este informe atópase encadrado no novo marco financeiro europeo 2021- 2027, o segundo deste marco, que xa comezou con importantes eivas froito do retraso na aprobación do novo regulamento do marco financeiro actual por mor das sucesivas crises: sanitaria, financeira e enerxética, tal como recolle o Consello. Así mesmo, é preciso sinalar que aínda hai execucións en marcha do período anterior.

Aínda que este informe presenta menos limitacións ao alcance do que outros recentes, como o do sobrecuste do Álvaro Cunqueiro, cómpre sinalar que o Consello observa diferentes deficiencias. Por exemplo, salienta que as entidades evidenciaron unha falta de protocolos documentais comúns que permitan unha análise comparativa e homoxénea da información facilitada por cada un deles; que A denominación das modalidades de financiamento de Fondos Europeos relacionadas na base de datos 2022, Contas da Administración Xeral, difire da recollida na táboa Xumco 2022; non existe un estado contable da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos e entes públicos que reflita de forma consolidada a execución ou que non existe un procedemento que permita á Xunta o seguimento da participación dos seus organismos ou entes en proxectos cofinanciados con fondos da Unión Europea cuxo orixe de transferencias sexa distinto do da propia Administración Autonómica.

O Consello de Contas conclúe un retraso considerable xeral na execución efectiva dos proxectos europeos do novo marco 2021-2027, o que comporta a necesidade de efectuar reasignacións financeiras dende o exercicio 2021 a exercicios posteriores. O Consello sinala un atraso global na planificación, que impide a nivel de toda a UE que as axudas estean chegando de maneira efectiva á economía real, o que certifica a lectura que no seu día fixo o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como uns fondos mal enfocados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda así, amosa marxe de mellora para o goberno galego. Cómpre destacar que, relacionando a execución dos Fondos Europeos coa execución xeral do orzamento da Comunidade, no exercicio 2022 mantense a tendencia histórica de diferenciais negativos; chegando neste exercicio a ser esta desfavorable para os Fondos Europeos en relación coa execución xeral en fase de obrigas de -43,44% e en fase de pagamentos de -49,27%. Por outra banda, a execución xeral da Comunidade Autónoma na fases “O” e “P” ambas as dúas sobre o crédito definitivo foi de 90,79% e 82,45% respectivamente, fronte ao 47,34% e 33,18% destes mesmos rateos nos fondos europeos.

Así, o Consello sinala literalmente que: Á vista dos datos cómpre adoptar as medidas necesarias para mellorar a execución dos fondos europeos co obxectivo de reverter a tendencia destes diferenciais negativos. O Informe tamén salienta que a execución do orzamento de ingresos do exercicio corrente mostra un distanciamento significativo entre as previsións definitivas e finalmente, canto a conclusións xerais, abonda no seguinte:

“Os índices de execución xeral avaliados amosan que cómpre adoptar medidas para axilizar con prontitude a xestión do novo marco 2021-2027. Deben terse en conta os retrasos xa acumulados, e que o financiamento europeo xestionado é o maior da serie histórica como consecuencia das crises económica, enerxética e sanitaria.

Estas medidas deberán ser adoptadas entre todos os axentes intervintes na execución dos proxectos, co obxectivo de que o financiamento europeo teña un impacto real na economía, a prol do tecido produtivo e da cidadanía que son os beneficiarios últimos dos recursos europeos.”

Este informe vén constatar o fracaso do goberno galego na xestión dos fondos europeos post covid, un contexto no que rexeitou, malia as demandas da primeira forza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da oposición e de distintos axentes da sociedade galega, un debate democrático sobre o destino, as prioridades e os procedementos a impulsar como país para un meirande aproveitamento. O resultado é, lamentablemente, máis profundo que unha evidente falta de execución, pois certifica a falta de transferencia ao tecido social e económico e a falta do impulso dunha verdadeira transformación económica e produtiva para atender os retos da transformación socioeconómica que vive o mundo e o noso país.

É preciso, polo tanto, que o goberno galego faga propósito de emenda e impulse as recomendacións do Consello e outras medidas para garantir que se corrixe a falta de planificación e execución do goberno galego e o desaproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento económico e social de Galiza como son os europeos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Que medidas vai impulsar o goberno galego para rectificar o seu fracaso na xestión dos fondos europeos que sinala o Consello de Contas?

Que medidas vai impulsar o goberno galego para adoptar as medidas necesarias para mellorar a execución dos fondos europeos co obxectivo de reverter a tendencia destes diferenciais negativos?

Como valora o Informe respecto do ano 2022 e as súas conclusións?

Asume que as súas normas de “axilización administrativa” foron un fracaso?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que vai facer o goberno galego ante a falta de protocolos documentais comúns que permitan unha análise comparativa e homoxénea da información facilitada polos distintos axentes?

Que vai facer o goberno galego ante a discordancia canto ás denominacións entre a base de datos de 2022 da Conta Xeral e Xumco?

Vai impulsar accións conducentes a que exista un estado contable da Xunta e os seus organismos autónomos e entes públicos que reflicta de forma consolidada a execución?

E algún procedemento que á Xunta o seguimento da participación dos seus organismos ou entes en proxectos cofinanciados con fondos da Unión Europea cuxo orixe de transferencias sexa distinto do da propia Administración galega?

Vai seguir sen abordar a falta de transferencia de fondos europeos aos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/12/2024 15:00:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/12/2024 15:00:51

Óscar Insua Lema na data 26/12/2024 15:01:11

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/12/2024 15:01:12

Rosana Pérez Fernández na data 26/12/2024 15:01:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Óscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ao endebedamento de Galiza e ás actuacións nas que debe colaborar o goberno galego para que o noso país poida paliar o seu impacto negociando unha quita.

Exposición de motivos.

Galiza ten na súa débeda pública un dos principais problemas económicos, froito tanto da deficiente xestión do Partido Popular na Xunta como da imposición das forzas estatais dun marco lesivo e centralista de reparto de déficit tanto na crise financeira como en momentos posteriores.

Así, segundo os últimos datos do Protocolo de Déficit Excesivo das Administracións Públicas que elabora periodicamente o Banco de España, o noso país ten unha débeda de 12.397 millóns de euros no I trimestre de 2024, a segunda cifra máis alta da historia. Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, que nos orzamentos para 2024 se sitúa en 1.906,3, o que nos dá unha cifra total de máis de catorce mil millóns de euros de débeda total nunha estimación conservadora.

Nun contexto onde se reabre o debate sobre o modelo de financiamento, está enriba da mesa tamén o debate sobre a renegociación da débeda no marco estatal. Cómpre recordar que, como dicimos máis arriba, o marco centralista do reparto do déficit e as medidas adoptadas coa coartada da crise financeira de 2009, derivou no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

endebedamento de moitas administracións para asumir as competencias estatutarias mentres o Estado acaparaba a meirande capacidade de gasto. Afortunadamente, malia o papel submiso do goberno da Xunta, o papel decisorio das forzas soberanistas no conxunto do Estado ten situado a necesidade de negociar a débeda no centro do debate.

Recentemente, no Debate sobre o Estado da Nación de 2023 os grupos parlamentarios dos Populares de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego chegaron a un acordo político a respecto das eivas do sistema de financiamento e da demanda dun trato xusto para Galiza na súa negociación e na negociación das débedas das comunidades de réxime común. Dito acordo, recollía os seguintes termos “O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno de España a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, onde se aborde a reforma do modelo de financiamento autonómico, no que Galicia traballará a prol de avanzar no autogoberno económico e financeiro para blindar o autogoberno e garantir uns servizos públicos de calidade e as necesidades de transformación económica, defendendo unha financiación xusta para Galicia, mellorando a proposta actual de poboación axustada e para defender a ponderación adecuada dos sobrecustes que a dispersión e o envellecemento implican na prestación dos servizos públicos galegos, así como doutros factores que condicionan o desenvolvemento socioeconómico galego. Así mesmo, defenderase a valoración un modelo xusto de Financiamento Local que supere a discriminación histórica dos concellos galegos e no caso de condonación ás comunidades que se adheriran ao FLA, se compense equitativamente ás comunidades que non o fixeron.”

Así, o nacionalismo galego, en coherencia coa súa defensa de Galiza, fixo valer esta cuestión na negociación do acordo de investidura e comprometeu ao novo goberno do Estado a que en caso de condonacións totais ou parciais da débeda adquirida por comunidades autónomas adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómica, estableceríanse medidas compensatorias análogas para a Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, recentemente viamos como o líder estatal do Partido Popular e ex Presidente da Xunta, o señor Feijoo, prohibía aos seus “baróns” a negociación de quita algunha co goberno estatal. Esta situación é enormemente preocupante vistos os precedentes de submisión da Xunta á estratexia de Génova, pois non negociar a redución ou quita da débeda galega tería consecuencias moi negativas para o noso país. É preciso, polo tanto, que o goberno galego se comprometa con actuar desde unha posición de país, sen subordinarse á estratexia estatal do Partido que o forma, e defenda os intereses dos galegos e galegas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Vai o goberno galego desvincularse da estratexia de Feijoo e defender Galiza negociando co Estado a redución da débeda e un mellor financiamento?

Vai o goberno galego desvincularse da estratexia de Feijoo e defender Galiza negociando co Estado un mellor financiamento?

Asume o goberno galego o fracaso das negociacións no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira?

Por que o goberno non aproveita a oportunidade de negociar a redución dunha débeda que se incrementou como consecuencia do marco centralista, ademais e pola súa deficiente xestión?

Vai deixar a Xunta de Galiza de obstaculizar que Galiza poida reducir unha parte da súa débeda e negociar co Estado a concreción dos seus termos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como prevé abordar o descenso de recursos extraordinarios para 2025?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Brais Ruanova Vilas-Boas

Óscar Insua Lema

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/12/2024 09:46:57

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/12/2024 09:47:47

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 27/12/2024 09:47:49

Óscar Insua Lema na data 27/12/2024 09:48:11

Rosana Pérez Fernández na data 27/12/2024 09:48:12



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

As rías, como outros sistemas acuáticos, están sometidas a numerosas presións, emisarios submarinos, ríos, efluentes, vertidos accidentais, etc., que poden provocar a contaminación das nosas rías por axentes químicos e ser un perigo para os consumidores dos nosos produtos acuícolas ademais de deteriorar e prexudicar a calidade da auga costeira.

Por este motivo é moi importante o control dos niveis das dioxinas, furanos e PCBs similares ás dioxinas en moluscos bivalvos procedentes das rías galegas, xa que estes son uns dos contaminantes persistentes máis perigosos para o medio ambiente e a saúde humana.

Estes compostos teñen unha orixe antropoxénica, e xéranse de forma non intencionada nos procesos de incineración. Principalmente son subprodutos non desexados de numerosos procesos de fabricación, tal como a fundición, branqueamento da pasta de papel, ou a produción de algúns pesticidas. O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) é o instrumento oficial da nosa comunidade para o control da calidade do medio mariño, contribuíndo á súa protección e mellora, e a aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar.

O Intecmar realiza o control dos compostos organoclorados, PCBs e pesticidas, desde o ano 1994, e das dioxinas e furanos e PCBs similares ás dioxinas desde o ano 2000. Fai esta tarefa en mostras procedentes de varias zonas, principalmente daquelas sometidas a grandes presións humanas, tal como os principais centros urbanos e industriais.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Estase a producir un incremento das concentracións de dioxinas e furanos, así como dos PCBs non similares ás dioxinas nos moluscos da costa de Galicia?





Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 13:52:35

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 09:59:26

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 09:59:33

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 09:59:41

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 09:59:49

María Deza Martínez na data 27/12/2024 09:59:59

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 10:00:13

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 10:00:24

Patricia García González na data 27/12/2024 10:00:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A Xunta de Galicia puxo en marcha un novo sistema de reclamación dixital, a primeira vez que se leva a cabo un proxecto deste tipo co gallo de mellora o proceso de reclamación de consumo na Comunidade Autónoma, coincidindo co 30º aniversario de historia do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Este proxecto piloto en materia de consumo a través dun Código QR véñese de implantar en catro comercios, un por cada provincia, tras a súa primeira proba nun establecemento de Santiago de Compostela.

Nesta aposta do Goberno galego por seguir avanzando polo conxunto do territorio, unha vez sexa testado nos pequenos comercios, farase unha campaña de difusión masiva a todos eles, onde tamén se incluírán os supermercados.

A previsión é que o novo sistema chegue á subministración eléctrica e á telefonía o vindeiro ano 2025, xa que son os sectores máis numerosos en materia de reclamacións da cidadanía, aspirando acadar no conxunto do próximo exercicio, os 5.000 adheridos.

O obxectivo non é outro co de axilizar o proceso de reclamacións para garantir a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, como complemento das actuais follas de reclamacións existentes nos establecementos.

Así, preténdese mellorar os sistemas de reclamación en materia de consumo e simplificar o procedemento para a cidadanía, establecendo sinerxías con outros sectores competenciais para mellora a protección neste ámbito, ademais da seguridade dos produtos e o correcto funcionamento do mercado, poñendo en valor o Instituto Galego do Consumo e da

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Competencia por parte da cidadanía, pola permanencia ao seu carón, a través de diferentes canles de resolución das máis diversas incidencias en materia de consumo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta oral:

1. En que consiste o funcionamento do proxecto piloto de reclamación dixital en materia de comercio a través dun Código QR?

Santiago de Compostela, 27 de decembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/12/2024 10:11:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/12/2024 10:11:38

Borja Vereza Fraiz na data 27/12/2024 10:11:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2024 10:12:05

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 27/12/2024 10:12:12

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 10:12:20

Ángel Rodríguez Conde na data 27/12/2024 10:12:29

María Deza Martínez na data 27/12/2024 10:12:43

Cristina Sanz Arias na data 27/12/2024 10:12:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Na sesión celebrada en decembro de 2024, o Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea abordou as Totais Admisibles de Capturas (TAC) e as cotas para os anos 2025 e 2026 no Atlántico así como os acordos con Reino Unido que impactan no caladoiro de Gran Sol.

Neste Consello, celebrado os días 9 e 10 de decembro, aprobouse unha redución de cotas de captura en augas comunitarias que ten un efecto negativo sobre a flota pesqueira galega. Por un lado, as embarcacións que operan no Gran Sol sofren a rebaixa da captura da pescada nun 20% polo acordo entre a UE e o Reino Unido e as embarcacións do litoral pola redución da cota do xurelo na zona de Fisterra cara o Sur nun 66%. Portos como Vigo, Marín, Ribeira, A Coruña, Celeiro ou Burela poderían ver esgotadas as súas cotas de captura en especies clave para a comercialización.

Os informes sobre o estado dos recursos mariños, empregados como base para as decisións políticas, non sempre se sustentan en criterios imparciais e obxectivos. Ademais, os métodos de avaliación utilizados prexudican áreas como Galicia, que non se ven necesariamente reflectidas polos indicadores aplicados.

Un caso ilustrativo das debilidades deste sistema é o abadexo:

- **Recomendación do ICES:** Para os anos 2024 e 2025, as capturas non deberían superar as 872 toneladas, segundo o MRS, o que representa unha redución do 36% respecto ao período 2022-2023.
- **Problemas na avaliación:** O ICES basea a súa análise en datos de categoría 3 e 5, cando sería máis axeitado empregar categorías 1 ou 2. Ademais, o Instituto Español de Oceanografía (IEO) recoñece a insuficiencia dos datos dispoñibles.
- **Repartición desigual:** Francia controla o 80% deste stock (zona 8ABD), mentres que España só ten o 20% (zona 8C9La). O ICES utiliza exclusivamente os datos franceses para aplicar a redución, ignorando os indicadores de España.

Se se utilizaran datos máis completos e unha avaliación de maior precisión, posiblemente non se recomendaría unha redución para a zona 8C. A nivel científico,





sería necesario tratar a zona 8C de forma independente e distinta das áreas próximas a Francia. Ademais, calquera redución debería aplicarse sobre o 80% correspondente a Francia, e non sobre o total.

Para evitar tomar decisións erróneas, a Secretaría Xeral de Pesca debería implementar medidas internas que permitan abordar este tipo de problemas.

É crucial que España conte con datos específicos e fiables sobre estas pesqueiras, especialmente tendo en conta a súa importancia para a flota galega e cantábrica. Non se pode seguir aducindo ano tras ano a falta de información como escusa.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Vai a adoptar a Secretaría Xeral de Pesca medidas estruturais para garantir que España teña datos que sustenten decisións máis obxectivas?
- 2.- Dispón a Xunta de Galicia dunha estimación cuantificada sobre as perdas económicas que estes recortes ocasionan ao sector pesqueiro e aos portos galegos onde teñen base os seus buques?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 26/12/2024 11:42:48

María Deza Martínez na data 26/12/2024 11:43:08

Jesús María Fernández Rosende na data 26/12/2024 11:43:21

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 11:43:32

Dolores Hermelo Piñeiro na data 26/12/2024 11:43:43

Paula Mouzo Mas na data 26/12/2024 11:43:56

Pablo Prieto Perille na data 26/12/2024 11:44:15

Raúl Santamaría González na data 26/12/2024 11:44:25





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2024 10:23:58
Nº Rexistro: 15767
Data envío: 27/12/2024 10:23:58.899

Manuel Santos Costa na data 26/12/2024 11:44:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: B0PISDRB037C6a176&w0-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, José Manuel Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel Viso Diéguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O Plan de Rehabilitación de Camiños en Zonas de Concentración ou Reestruturación Parcelaria 2023-2024, unha iniciativa pioneira da Xunta de Galicia, está dirixida a mellorar as infraestruturas viarias rurais situadas en áreas onde xa se completaron os procesos de concentración ou reestruturación parcelaria. Esta primeira convocatoria responde á necesidade de garantir un adecuado acceso ás explotacións agrarias e forestais, favorecendo a cohesión social e territorial no rural galego e impulsando a súa competitividade económica.

O plan está cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, e conta cun orzamento total de 6 millóns de euros. O obxectivo principal é o acondicionamento e mellora das vías de acceso rurais nas zonas nas que os procesos de concentración parcelaria que están concluídos. As subvencións concedidas ao amparo deste plan cobren o 100 % dos gastos subvencionables.

Con este plan, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso coa mellora das infraestruturas no rural, contribuindo así á mobilidade, á modernización do sector agrario e forestal e á fixación de poboación no territorio.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Que balance fai o Goberno galego da primeira convocatoria do Plan de rehabilitación de camiños en zonas de concentración ou reestruturación parcelaria?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 26/12/2024 12:00:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/12/2024 12:00:42

Enrique Barreiro Sánchez na data 26/12/2024 12:00:50

Cristina Campero Dorado na data 26/12/2024 12:01:09

Juan Manuel Casares Gándara na data 26/12/2024 12:01:27

José Mato Díaz na data 26/12/2024 12:01:43

Ángel Rodríguez Conde na data 26/12/2024 12:02:06

Cecilia Vázquez Suárez na data 26/12/2024 12:02:35

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 26/12/2024 12:02:45



A Mesa do Parlamento

Paula Mouzo Más, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús Fernández Rosende, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Consello da Xunta analizou o 15 de xullo de 2024 o Acordo polo que se autoriza a concesión directa de axudas de carácter extraordinario destinadas a garantir a sustentabilidade das entidades asociativas do sector do mar mediante a achega de fondos para manter a súa operatividade, a cal se viu comprometida polos graves acaecementos ambientais que provocaron a perda de actividade durante o período de outubro e novembro de 2023 e que pon en risco a asunción dos custos operativos básicos da súa actividade.

No DOG do 23 de xullo de 2024 publicábase a resolución do 22 de xullo de 2024 de concesión directa de axudas de carácter extraordinario ás entidades asociativas do sector pesqueiro destinadas a garantir a súa sostenibilidade.

Estes fondos son destinados para as entidades asociativas do sector marisqueiro que se viron comprometidas polas perdas de produción ou diminución dos ingresos económicos no último trimestre de 2023 a consecuencia dos fortes temporais.

As incesantes precipitacións rexistradas desde outubro a novembro do pasado ano provocaron unha alta mortalidade dos bivalvos. Segundo datos da Federación Galega de Confraría de Pescadores e as Federacións Provinciais esta caída na produción cífrase no 80% e, asociado a elo, os colectivos prexudicados acusan unha considerable perda de ingresos. Esta circunstancia está tendo, por tanto, un efecto arrastre no só para as persoas mariscadoras, senón tamén para as entidades que a integran, dado que son estas, encaixadas no ámbito da produción primaria do sector do mar, as que lles axudan a adaptarse e facer fronte aos constantes cambios que se producen no seus recursos e ao ámbito de organización e funcionamento interno.



Por tanto, a resolución aprobada está destinada, precisamente, a garantir a viabilidade do sector marisqueiro que tivo importantes perdas, o que repercute nas posibilidades para recuperar a produción e, avogar así, polo abastecemento dos produtos do mar á poboación e por coadxuvar a reforzar a senda de crecemento do noso país.

Por todo o anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o importe destas axudas extraordinarias destinadas a garantir a sustentabilidade das entidades asociativas de sector de mar e a súa distribución entre as persoas beneficiarias?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paula Mouzo Mas na data 26/12/2024 13:21:35

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 13:21:52

María Deza Martínez na data 26/12/2024 13:22:02

Patricia García González na data 26/12/2024 13:22:14

Dolores Hermelo Piñeiro na data 26/12/2024 13:22:28

Jesús María Fernández Rosende na data 26/12/2024 13:22:41

Raúl Santamaría González na data 26/12/2024 13:22:50

Manuel Santos Costa na data 26/12/2024 13:23:03

Pablo Prieto Perille na data 26/12/2024 13:23:11



A Mesa do Parlamento

Paula Mouzo Más, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús Fernández Rosende, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O día 12 de agosto de 2024 publicábase no DOG a ORDE do 6 de agosto de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás persoas mariscadoras a pé afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia, cofinanciadas ao 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027.

Estas achegas foron analizadas no Consello da Xunta do 5 de agosto e o Goberno galego ponas a disposición das persoas titulares de permisos de explotación de marisqueo a pé para recursos marisqueiros xerais que participen nos plans de xestión onde se implantou no primeiro semestre de 2024 a veda temporal como medida técnica de conservación de recursos que supuxo a suspensión temporal da actividade marisqueira.

A posibilidade de habilitar estas axudas á paralización temporal para aplicar medidas de conservación como os períodos de descanso biolóxicos dos recursos aparece recollida no regulamento do FEMPA. Realízase para favorecer as condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a esta actividade e para impulsar o desenvolvemento da actividade de xeito sustentable.

Por todo o anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a contía total de estas axudas as persoas mariscadoras a pé afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia e que profesionais poden acollerse a estas?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paula Mouzo Mas na data 26/12/2024 13:16:50

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/12/2024 13:17:07



María Deza Martínez na data 26/12/2024 13:17:17

Patricia García González na data 26/12/2024 13:17:29

Dolores Hermelo Piñeiro na data 26/12/2024 13:17:42

Jesús María Fernández Rosende na data 26/12/2024 13:17:54

Raúl Santamaría González na data 26/12/2024 13:18:04

Manuel Santos Costa na data 26/12/2024 13:18:17

Pablo Prieto Perille na data 26/12/2024 13:18:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a execución de investimentos no Castelo de Monterrei ao abeiro do Plan Xacobeo Next Generation.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Castelo de Monterrei é a fortaleza máis grande e mellor conservada de Galiza. A historia da acrópole dá boa mostra do seu valor e constitúe unha dos maiores orgullos e riquezas da comarca de Verín. Data do século XII mais ocupaba xa o vello castro prerromano de Baroncelli, amplamente estudado polo ilustre verinense D. Xesús Taboada Chivite. Entre os seus fitos históricos está a impresión do primeiro libro publicado en Galiza no febreiro de 1494, o “Missale Auriense”, un incunable estampado coa primeira imprenta de tipos móbiles que hoxe se conserva na catedral de Ourense.

O Castelo de Monterrei foi declarado Monumento do Estado en 1931 e actualmente é Ben de Interese Cultural, con categoría de Monumento e fai parte do catálogo de Monumentos do patrimonio histórico do Estado.

O Castelo foi protagonista de intensas reivindicacións por parte da veciñanza da comarca a través da Plataforma Cidadá en Defensa do Castelo de Monterrei que reclamaba o uso público do castelo após un investimento público importante e que foi cedido a Paradores para a súa explotación hoteleira durante 75 anos. Cómpre lembrar que se trata dun ben publico pertencente ao Estado e que foi cedido á Xunta de Galiza,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coas condicións de uso público, isto previo á manobra feita polo Goberno do Estado ampliando os usos a hostaleiro con posterioridade ao comezo das obras e das reivindicacións veciñais e deixando en papel mollado as condicións anteriores de uso público de restauración, conservación e visitas culturais. A suma de despropósitos acontecidos con posterioridade a 2014 no relativo a usos, fondos, etc. constitúe un dos maiores despropósitos da xestión do PP na Xunta de Galiza coa Comarca de Verín.

No pasado 2023 o Presidente da Xunta anunciou a intención de levar a cabo un traballo dividido en dúas fases; a primeira, coa recuperación dos edificios do Cuartel de Infantería, o antigo Concello e o Colexio de San Xoán; e a segunda, con actuacións adicionais na Praza do Mercado e na Praza de Armas para poñer en valor os seus usos turísticos

O pasado 22 de decembro de 2023 foi adxudicada a UTE EXTRACOREGA_MONTERREI a Obra de rehabilitación do recinto fortificado de Monterrei no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (2023/090) en 13.948.115 €

Esta obra ten un prazo de execución de 24 meses, polo que quedan aproximadamente 12 meses para rematar o prazo de execución.

É preciso facer seguimento da planificación e execución orzamentaria deste Plan, e profundar na súa transparencia, pois a información accesible é limitada e reducida ás notas de prensa do goberno galego.

Polo exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cales son os elementos arquitectónicos nos que se están a executar obras neste momento?
2. A que edificios, instalacións ou restos afectan estas obras?
3. A que van ser destinados os elementos obxecto de rehabilitación?
4. Como está o estado de execución das obras previstas?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 23/12/2024 13:51:30

Mercedes Queixas Zas na data 23/12/2024 13:51:35



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O 10 de outubro do ano 2022 a Comisión Europea acordou de forma unilateral o peche de 87 áreas ás artes de fondo, decisión que quedou recollida no Regulamento de Execución (UE) 2022/1614, pechando unha área de 16.419 km² que afecta as augas de Irlanda, Francia, Portugal e España a todas as artes en contacto co chan mariño baseándose só na información dispoñible sobre o impacto das móbiles (arrastre) sen estudo previo das consecuencias e o impacto nas comarcas pesqueiras e sen apoio en estudos científicos que amparasen se as artes de palangre ou enmalle poden prexudicar a flora e a fauna en profundidades de entre 400 e 800 metros.

Esta veda aínda está pendente de revisión a pesar de que existía o compromiso de facer revisións anuais, que non se realizaron e cada vez se atrasan no tempo. En novembro de 2023 estendeuse a preocupación ao saber que a Comisión estaría a barallar ampliar as zonas de veda tanto na fachada atlántica francesa e irlandesa como nas zonas noroeste e suroeste de España, prexudicando aínda máis á frota do litoral e á do Gran Sol. Esta nova situación foi proposta polo Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) e o único informe das consecuencias socioeconómicas, elaborado polo Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca (STEFEC).

A Comisión Europea segue sen saber se as artes fixas (palangre ou enmalle) poden prexudicar á flora e fauna en esas profundidades, pero xa prepara aumentar as vedas ata 104 ou 115 áreas. Os armadores e pescadores galegos foron claros, e críticos, desde que o Regulamento de Execución (UE) 2022/1614 entrou en vigor en outubro de 2022. Mesmo antes, cando só era unha pretensión. Denunciaron en todo momento que carecía de soporte científico, e que obviaba o seu profundo impacto socioeconómico ao non sustentarse en ningún informe que analizase previamente os efectos que dita prohibición traería consigo.

O comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca, Virginijus Sinkevicius, admitía a non elaboración dun informe específico antes de adoptar este acto xa que só implementaría a regulación de acceso a augas profundas. O procedemento establecido non prevía unha avaliación de impacto socioeconómico específica. En xullo de 2023, posteriormente da implantación da prohibición á pesca de fondo, o STECF realizou unha primeira aproximación do impacto económico para os buques galegos, que



elevou ata os 16,6 millóns de euros ao ano deixando claro que a frota española e por tanto a galega é, con diferenza, a máis impactada. Non proporcionou unha imaxe completa dalgúns segmentos da frota, especialmente do palangre de pequena escala de España, polo que admite agora que pode haber subestimado os impactos negativos do peche dos ecosistemas mariños vulnerables. Non se analizaron na súa totalidade os impactos sobre os buques artesanais de España, nin tampouco se completaron análises do desprazamento do esforzo pesqueiro, recoñecendo que se deberían completar estas análises adicionais. Isto débese principalmente a que non se consideraron os prexuízos que a restrición ocasionaría a nivel individual para cada buque.

A frota de palangre foi a máis golpeada pola entrada en vigor do veto á pesca de fondo da Comisión Europea en 87 zonas de augas comunitarias entre 400 e 800 metros, a pesar de tratarse dunha arte de baixo impacto. Esta medida provocou un enorme rexeitamento entre o sector, as administracións e o ámbito científico, ao basearse só en informes centrados na pesca de arrastre. Recentemente se coñeceron as conclusións do primeiro informe técnico do proxecto "ISPAMER" que dirixe o Centro Oceanográfico de Vigo que conclúe o nulo impacto do palangre da pescada nos fondos mariños.

En concreto, o informe indica que o palangre utilizado pola frota de Burela é un palangre demersal ou semipeláxico tipo "pedra-bola" que ten un contacto moi limitado co fondo mariño. Este estudo, no que participaron sete barcos da frota do porto de Burela, analizou o posíbel impacto nos fondos de augas europeas e foi realizado no último trimestre de 2023 en 15 mareas. É necesario multiplicar os esforzos ante a Comisión Europea para lograr a revisión desta veda que está a comprometer a viabilidade da frota das artes de fondo e do cerco.

O sector pesqueiro galego reclama que a Comisión suspenda o veto ás artes fixas (palangre ou enmalle) porque a Comisión non contou con informes sobre a incidencia de todos os aparellos afectados, e nin sequera incluíu a pesca con artes fixas nas hipóteses de avaliación, unha medida de absolutamente desproporcionada e inxusta.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

1. Que informes elaborou directamente ou achegou ao sector pesqueiro afectado na defensa dos seus dereitos e intereses?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.





Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 10:43:39

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 10:43:52

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 10:44:04

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 10:44:12

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 10:44:22

María Deza Martínez na data 27/12/2024 10:44:36

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 10:44:46

Patricia García González na data 27/12/2024 10:44:58

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 10:46:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta de Galicia analizou na súa reunión do 29 de febreiro o convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), Portos do Estado, a Autoridade Portuaria de Vigo e a Consellería do Mar para facilitar a contribución económica ao programa de capacitación da iniciativa Portos Azuis da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e a divulgación desta iniciativa.

O obxectivo da mesma é o de promover accións de formación dirixidas a países en vías de desenvolvemento nas que se fará fincapé nas boas prácticas en sustentabilidade, tanto ambiental como socioeconómica, nos portos pesqueiros e nas súas áreas de influencia. A intención de reforzar a colaboración con este organismo da ONU manifestouse desde xullo de 2022, cando as catro partes que agora protagonizan o convenio asinaban no porto olívico unha Declaración Institucional polo impulso da Economía Azul nos portos pesqueiros a nivel internacional na que manifestaban o seu interese por apoiar a Iniciativa da FAO e, en particular, as súas actividades de capacitación e formación.

Considérase que a experiencia de España e, en concreto, Galicia, no sector da pesca e na actividade portuaria vinculada é un activo que poñer en valor no marco desta iniciativa internacional. A Comunidade galega constitúe un entorno de referencia para este tipo de iniciativas, pois conta con 128 portos en total distribuídos ao longo do seu litoral, seis de ámbito estatal e 122 de titularidade autonómica. Xunto ás 65 lonxas conforman un sistema portuario pesqueiro diverso, complexo e que presta servizo a unha frota heteroxénea en tamaño e actividades, e que se converten en motores de dinamización socioeconómica e de fixación da poboación.

Esta circunstancia, xunto co apoio á formación a outras zonas xeográficas en sostibilidade pesqueira, podería ter un efecto moi positivo no futuro de cara ao posicionamento de España ante a eventual creación por parte da FAO dunha oficina da Iniciativa de Portos Azuis no territorio nacional, que tería no Porto de Vigo a súa ubicación idónea, tendo en conta o papel que xoga este peirao como referente internacional no campo do crecemento azul coa súa estratexia Blue Growth e por ser o primeiro porto español en tráfico de pesca fresca e conxelada.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en oral:

A canto ascende a financiación aportada e cales son os obxectivos do acordo?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 10:59:10

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 10:59:24

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 10:59:36

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 10:59:47

María Deza Martínez na data 27/12/2024 11:00:05

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 11:00:17

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 11:00:31

Patricia García González na data 27/12/2024 11:00:54

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 11:01:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa comunidade, que ten o reto de contribuír á consecución de determinados obxectivos temáticos do Marco estratéxico común. Ademais, este sector ten que aproveitar ao máximo os fondos deste marco para acadar os novos retos que se formulan e, neste senso, tanto o sector extractivo coma o sector transformador terán que aproveitar todas as posibilidades que brindan estes instrumentos para acadar o obxectivo de sector competitivo, sustentable e respectuoso co ambiente.

Dada a importancia social e o gran peso específico das industrias de transformación dos produtos procedentes da pesca dentro do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse a ORDE do 6 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento PE201B).

Así, o DOG do 18 de xuño de 2024 publica a orde de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura destinadas a realizar investimentos que contribúan á seguridade alimentaria na Unión Europea, fomentando unha pesca e acuicultura sostibles desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA), e se convocan para o ano 2024.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a finalidade das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para 2024-2025?





Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 11:08:50

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 11:09:07

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 11:09:20

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 11:09:27

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 11:09:36

María Deza Martínez na data 27/12/2024 11:09:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 11:10:03

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 11:10:24

Patricia García González na data 27/12/2024 11:10:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O día 15 de maio de 2024 publicábase no DOG a ORDE do 8 de maio de 2024 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2024 das axudas destinadas a compensar ás persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas pola veda temporal nos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla, Bohído e Cabío, na ría de Arousa, de Noia, e de Lourizán, Raxó, Sanxenxo e Marín, na ría de Pontevedra, así como os profesionais da actividade percebeira en Bueu.

Estas achegas foron analizadas no Consello da Xunta do 13 de maio e o Goberno galego pon a disposición do sector afectado pola paralización temporal da actividade nestes bancos, unha decisión adoptada como medida técnica de conservación.

A posibilidade de habilitar estas axudas á paralización temporal para aplicar medidas de conservación como os períodos de descanso biolóxicos dos recursos aparece recollida no regulamento do Fempa. Realízase para favorecer as condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a esta actividade e para impulsar o desenvolvemento da actividade de xeito sustentable.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Cal é a contía das axudas destinadas a compensar ás persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas pola veda temporal nos bancos marisqueiros e que profesionais poden acollerse?

Santiago de Compostela, 27 de decembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 11:21:29

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 11:21:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 11:21:53

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 11:22:02

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 11:22:12

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 11:22:34

Patricia García González na data 27/12/2024 11:22:42

María Deza Martínez na data 27/12/2024 11:22:52

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 11:23:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martínez, Manuel Santos Costa, Jesús María Fernández Rosende e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta analizou o 5 de agosto do 2024 o informe onde se detalla a sinatura de convenio de colaboración entre a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, a Consellería de Presidencia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Moaña, para a financiación da reforma da nave de deportes náuticos do porto moañés no que desenvolve a súa actividade a Sociedade Deportiva Tirán.

A Secretaría Xeral para o Deporte asume a redacción do proxecto, mentres que Portos de Galicia licitará e executará as obras e o Concello de Moaña encargárase do posterior mantemento do espazo unha vez rematados os traballos. Segundo recolle o proxecto, a reforma da nave incluírá a ampliación do edificio en planta baixa, cunha nave cuberta e aberta para gardar os remolques de transporte das embarcacións e un novo vestiario accesible en planta baixa. Ademais, nesta planta eliminaranse os desniveis existentes no interior da nave principal para dispoñer dun percorrido integramente practicable.

As obras incluírán tamén a reparación e pintado das fachadas, mellorando a imaxe do edificio, e a reparación dos elementos estruturais das cubertas que se atopan deteriorados. Finalmente instalaranse un novo sistema de evacuación de augas pluviais e de reforzo en caso de incendio.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte pregunta oral: Cal é o investimento deste acordo entre a Xunta de Galicia e o Concello de Moaña e que obxectivos ten?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de o goberno da Xunta se comprometer co proxecto de dirección da Filmoteca de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o 2019 o Centro Galego de Artes da Imaxe, agora denominado oficialmente Filmoteca de Galiza, careceu de dirección despois da xubilación do seu director, unha anómala situación que desde o BNG temos denunciado nesta cámara en diferentes ocasións.

Transcorridos 5 anos e despois de telo anunciado en diferentes ocasións, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude acaba de anunciar o nomeamento do novo director da Filmoteca de Galiza.

Mais, para sorpresa do sector profesional audiovisual, este nomeamento non responde a un concurso público transparente e aberto á participación pública, senón que se fai a través dunha comisión de servizo.

Semella que o goberno do PP prefire seguir convertendo a Filmoteca de Galiza nun obxecto de polémica e confrontación social e profesional, ademais dunha institución cultural referencial sometida á discrecionalidade, falta de transparencia, provisionalidade e ausencia de proxecto de dirección.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Por que o goberno da Xunta renunciou a cubrir a vacante de dirección da Filmoteca de Galiza por concurso público?

- Que proxecto de dirección se vai desenvolver na Filmoteca?

- Entende o goberno que a provisionalidade do nomeamento de dirección da Filmoteca de Galiza en comisión de servizo permite acreditar nun proxecto a medio e longo prazo?

- Dado que o director nomeado en comisión de servizo é o actual programador, vai o goberno acrecentar o xa deficitario cadro de persoal da Filmoteca?

- Vai recuperar a biblioteca o funcionamento normalizado?

- Que estratexia se vai aplicar a respecto da protección e dixitalización do noso patrimonio audiovisual arquivado na Filmoteca?

- Pensa o goberno que continuar bloqueando os orzamentos da Filmoteca de Galiza para 2025 é o mellor aval para reforzar o proxecto da filmoteca nacional galega?

- Pensa o goberno da Xunta que unha dirección arbitraria e provisional garante un proxecto á altura dunha institución cultural referente como é a Filmoteca de Galiza?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/12/2024 11:55:01

Daniel Castro García na data 27/12/2024 11:55:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de atender a Xunta as obrigas comprometidas no convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, a Universidade da Coruña e o Concello da Coruña a respecto do mantemento do CEIP de Prácticas da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio de NORMAL, deseñado para ser a Escola Normal de Maxisterio polo arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez, actualmente acolle a sede da Fundación Universidade da Coruña, a Universidade Sénior da Coruña, un teatro e Pavillón de Deportes e o CEIP de Prácticas da Coruña.

Segundo o Convenio marco de colaboración entre a Universidade da Coruña, o Concello da Coruña e a Consellería de educación, asinado en 2018, a respecto da xestión e usos do edificio de NORMAL, as tres institucións partillan obrigas; así, determínase que a Universidade da Coruña é titular do inmovible e asume os custos relativos ao mantemento, reparación e conservación da parte do edificio de NORMAL, mentres que, a respecto da parte destinada a uso educativo, a Consellería de Educación é titular do CEIP de Prácticas da Coruña e realiza as actuacións referidas aos investimentos, e o Concello realiza os labores de mantemento deste centro educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É coñecedora a Xunta da desatención do CEIP de Prácticas da Coruña?
- Visitou a Consellería de educación recentemente o CEIP de Prácticas da Coruña?
- De ser así, como valora o estado de falta de mantemento que presenta este centro educativo?
- Por que non cumpre o goberno co convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, a Universidade da Coruña e o Concello da Coruña?
- Que actuacións de mellora compromete a Xunta para o CEIP de Prácticas con cargo aos orzamentos para 2025?

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/12/2024 09:11:11





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martínez, Manuel Santos Costa, Jesús María Fernández Rosende e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta analizou o día 10 de xuño un informe sobre a formalización do contrato de subministración de dúas embarcacións patrulleiras lixeiras para o Servizo de Gardacostas de Galicia. Este contrato supón un novo fito na renovación da frota coa que conta Gardacostas de Galicia, un servizo único no ámbito autonómico, operativo as 24 horas os 365 días do ano que permitiu socorrer desde a súa creación a máis de 1.800 persoas.

A maioría das intervencións están relacionadas con remolque doutros buques que están á deriva, tanto de pesca como de recreo, por avaría ou outras causas, a recollida de materiais que resulten perigosos para a navegación, e a busca e rescate de persoas desaparecidas ou en perigo. Nos últimos dous anos foron atendidas ao redor dun centenar.

Tamén desempeñan labores de loita contra o furtivismo co dobre obxectivo de garantir que os produtos pesqueiros que chegan ao consumidor proveñan de canles legais e con todas as garantías para o seu consumo así como evitar a actividade irregular no sector profesional.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte pregunta oral:

-A canto ascende o importe destinado a este contrato da subministración de dúas patrulleiras para o servizo de gardacostas?.

-Cales son as características das novas embarcacións?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.





Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 11:58:12

María Deza Martínez na data 27/12/2024 11:58:28

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 11:58:39

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 11:58:50

Patricia García González na data 27/12/2024 11:58:59

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 11:59:14

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 11:59:24

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 11:59:32

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 11:59:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Ariadna Fernández González e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o informe realizado pola Confederación Anpas Galegas despois de realizar unha enquisa ás familias galegas sobre a dixitalización dos centros educativos e a implementación nas aulas do Programa EDIXGAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Educación actual, a LOMLOE (LO 3/2020, de 29.12), establece que un dos fins aos que se orienta o sistema educativo é a capacitación para lograr a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva.

Esta Lei recolle a Competencia Dixital (CD) como unha das competencias clave recomendada como estratexia de aprendizaxe permanente, que despois da evolución do concepto ao longo destes anos, é entendida como o “uso seguro, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas”.

O alumnado debe adquirir a necesaria CD para desenvolverse como cidadáns nunha sociedade onde as tecnoloxías ocupan un lugar esencial en todos os ámbitos e a escola xoga un papel clave no desenvolvemento desta competencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza dende hai unha década ven de substituír os libros de texto en papel a formato dixital a través do Programa Edixgal co obxectivo de favorecer a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no decorrer da actividade escolar, ofrecendo contidos educativos exclusivamente dixitais para 5º e 6º de Primaria e 1º a 4º de ESO que foron implementándose curso a curso de xeito progresivo nestes anos.

Este programa dende a súa implantación en 2014 sempre suscitou dúbidas e reticencias por parte de familias e profesorado dende o primeiro momento, pero neste último curso esa reacción foi aínda máis incisiva.

Estando este tema de xeito permanente enriba da mesa das demandas da comunidade educativa, a Confederación galega quixo escoitar a opinión das familias directamente e a finais do curso pasado impulsou un estudo centrado en tres aspectos clave: a Competencia Dixital, os recursos educativos dixitais e o programa de libro dixital Edixgal.

O pasado 30 de outubro, deuse a coñecer aos medios de comunicación o resultado desta enquisa, onde quedou constatado o rexeitamento da maioría das familias que participaron no estudo, tanto con alumnado do programa Edixgal como fóra deste.

No seu estudo, que valora as respostas das familias na enquisa realizada, podemos ver de xeito esquemático parte das súas conclusións:

1.- Competencia Dixital

- Maioritariamente (77%) consideran que a CD debe adquirirse nas escolas pero non existe unha posición compartida de como debe facerse. Pero inciden en que deben desenvolver todas as dimensións da CD pero especialmente aspectos relacionados coa seguridade e uso responsable das tecnoloxías.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Rexeitan o uso “exclusivo” dos materiais dixitais nas aulas, aceptan de xeito puntual, como apoio a outros materiais ou para busca de información. E que sexa a docente quen decida cando usalos.

- As familias con alumnos en Edixgal manifestan:

-- non ter recibido información sobre o programa (obxectivos, melloras que supón, pautas de acompañamento na casa ou como é o uso da plataforma)

-- indican un número moi elevado de horas de uso entre o centro e as casas

-- expoñen que a actividade principal na plataforma é a lectura de documentos e memorística, na casa a usan para realizar presentacións.

-- Consideran que incrementou o gasto noutros materiais e impresións (ao non dispoñer de axudas), amais de ter que estar máis atentos no uso de contidos no ordenador dos seus fillos ou fillas.

2.- Recursos Educativos Dixitais.

- As familias rexeitan que os recursos dixitais sexan os principais nas aulas, sobre todo nas primeiras etapas educativas.

- Esperan un uso máis creativo destes recursos, para análise de datos, presentacións, simulacións, etc.

- Opinan que é clave o papel do docente no uso que se lle dá aos materiais, cando e como usalos. En etapas máis avanzadas debe decidir o alumnado cando precisa material dixital de apoio para o seu traballo.

- A valoración, polo tanto, sobre os recursos dixitais é mala. Consideran que non motivan ao alumnado, non fomentan o traballo colaborativo, non favorecen a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprendizaxe dos contidos e non permiten centrarse aos docentes na súa labor principal en lugar de ter que controlar o uso de medios dixitais.

3.- Edixgal

- A información recibida polas familias deste programa (obxectivos, melloras que supón, pautas de acompañamento na casa ou como é o uso da plataforma) é practicamente nula e non se contou con elas para a súa implantación.

- Un 50% do alumnado emprega a Plataforma entre 3 e 5 horas e un 11% aínda máis horas, sobre todo na ESO, tamén 1 ou 2 horas na casa, principalmente para traballo individual e menos centradas en procesos cognitivos vinculados ao descubrimento. Non hai un cambio de metodoloxía didáctica na aula, só mudan o soporte empregado.

- Pensan que o alumnado non gaña autonomía, nin mellora a aprendizaxe (na liña da valoración feita pola Xunta) e as actividades non están adaptadas ao ritmo e características de cada alumno/a. E non hai acordo sobre se a comprensión lectora é mellor co uso destes recursos.

- O 44% das familias están en desacordo en que Edixgal mellorara a CD do alumnado, fronte a un 26% que sí o está e o grao de satisfacción coa formación recibida é baixo, tan só un 14% din estalo.

- Máis do 70% non considera que supuxera unha mellora educativa, para a comprensión das materias ou motivación no alumnado.

- Gasto maior en libros de texto e nas impresións que realizan, que cuestionan a idoneidade do recurso dixital se resulta necesario facerse con manuais en papel.

- O 70% de familias insatisfeitas con Edixgal fai que manifesten non querer a continuidade do Programa. Puntúan o Programa en menos dun 5, claro suspenso en todos os cursos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Queda claro pois, que esta enquisa da indicios do descontento xeralizado das familias usuarias e non usuarias do Programa Edixgal. Polo tanto sería preciso facer a estas alturas, despois de dez anos, unha avaliación de cumprimento dos seus obxectivos e da mellora da calidade educativa e da Competencia Dixital do alumnado. Coñecer se é un recurso pedagóxico útil, que contribúe ao desenvolvemento integral da nosa infancia e mocidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación realizar unha avaliación seria do Programa Edixgal coa participación de todos os sectores afectados para coñecer o seu uso (dependendo dos centros, curso, materias...) e que valoración teñen do programa?

2.- Vai a Consellería avaliar en qué medida este recurso dixital está favorecendo realmente a aprendizaxe e se supón unha mellora da Competencia Dixital, que é o que se espera dun programa deste tipo?

3.- Vai identificar boas prácticas, en que centros o nivel de satisfacción é alto por parte dos distintos sectores e como se está empregando?

4.- En tanto non se implementa outro modelo mais acorde coas demandas sociais e formativas actuais, vai a Consellería de Educación a tomar medidas para mellorar a información que reciben as familias sobre o programa Edixgal, a formar ao profesorado sobre un uso interdisciplinar e híbrido do recurso e a reforzar o desenvolvemento da Competencia Dixital (uso responsable das TIC, xestión da privacidade e identidade ou lectura crítica dos contidos e procesos)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de decembro 2024

Asdo.: Cristina Fernández Davila

Ariadna Fernández González

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 27/12/2024 12:03:30

Ariadna Fernández González na data 27/12/2024 12:03:42

Daniel Castro García na data 27/12/2024 12:04:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a inactividade do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza e a súa posible reactivación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foi no ano 2014 que o Parlamento de Galiza aprobou a creación do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza. En concreto foi no Diario Oficial de Galiza (DOG) do 28 de maio de 2014 que se oficializou a creación deste organismo dependente da Xunta de Galiza.

Pois ben, pasada xa máis dunha década, podemos afirmar que o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza nunca funcionou nin serviu en ningún momento para cumprir ningún dos obxectivos que a propia Xunta de Galiza se marcou coa súa creación. Dos 11 obxectivos que aínda están publicados na web do organismo, ningún deles foi cumprido; unha web que, por certo, sería vergoñenta para calquera goberno mais que a Xunta mantén a pesar de estar nun estado deplorable.

Desde o grupo parlamentar do BNG non comprendemos o motivo polo que este organismo nunca se puxese en funcionamento xa que cremos que podería ser, de ser usada correctamente, unha ferramenta moi útil para tentar facer partícipe do deseño das políticas destinadas á mocidade a propia mocidade galega. A xuventude deste país non participa en ningún momento no que ten a ver na elaboración das medidas que lle afectan diariamente e desde o Bloque pensamos que os gobernos deben, polo menos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promover a participación da xente nova en política e, por tanto, a súa participación no deseño das medidas destinadas á xuventude.

É por todos estes motivos que consideramos desde o grupo parlamentario do BNG que se debe pór a funcionar este organismo e non comprendemos as reiteradas negativas do Partido Popular de activalo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Por que nunca se activou o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza?
- Cre a Xunta que o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza podería ser unha ferramenta útil para a mocidade galega?
- Que opinión lle merece ao Goberno galego a web do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 27/12/2024 12:09:58

Iria Carreira Pazos na data 27/12/2024 12:10:10





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martínez, Manuel Santos Costa, Jesús María Fernández Rosende e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta do día 3 de xullo de 2024 analizou o Informe sobre a orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e se convocan para o ano 2024.

Esta convocatoria extraordinaria do Executivo galego convocada no Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 18 de xullo permitiu que as empresas beneficiarias contaran con apoio para fomentar a calidade e valor engadido dos produtos, a mellora da eficiencia enerxética ou a economía circular.

O novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) financia proxectos de aplicación da nova reforma da Política Pesqueira Común e presta apoio financeiro a pescadores, acuicultores e poboacións costeiras para a súa adaptación ás novas normas. Estas axudas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA), forma parte dos apoios que a Xunta de Galicia mobiliza neste ano 2024.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte pregunta oral:

A canto ascende o importe destinado destas axudas do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura para o ano 2024?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 12:11:18

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 12:11:31

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 12:11:40

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 12:11:47

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 12:11:56

María Deza Martínez na data 27/12/2024 12:12:05

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 12:12:16

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 12:12:24

Patricia García González na data 27/12/2024 12:12:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a pobreza visual infantil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ter unha correcta saúde visual é esencial para aprender, traballar, desprazarse e desenvolverse socialmente. É moi importante protexela e coidala en función da idade e do noso modo de vida, para conservala o mellor posible ao longo dos anos.

Un recente estudo publicado pola Asociación Visión e Vida, co gallo da celebración o 10 de outubro do Día Mundial da Visión, achegounos información sobre a saúde visual galega que, malia ser mellor que a media española, achega datos que piden ser atendidos e valorados con detemento, tratando de mellorar a nosa situación actual.

No noso país un 6,2% dos menores de 18 anos sofren pobreza visual infantil segundo cifras de 2023. Isto quere dicir que viven nunha situación de escaseza de recursos económicos que lles impide poder gozar dunha boa visión por medio da compra dos equipamentos visuais precisos para ela, xa que para as familias o prezo das lentes de contacto ou as gafas é inasumible debido a problemas económicos nos fogares galegos.

En Galiza existen 339 813 persoas en risco de pobreza visual na actualidade, das cales 24000 son nenos, nenas e adolescentes que non gozan dunha calidade de visión adecuada, feito que inflúe negativamente na súa calidade de vida e na súa evolución a nivel educativo por extensión. Unha mala visión illa, exclúe e resta oportunidades, máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aínda cando se trata de menores en idade escolar, onde unha grande parte da aprendizaxe chega polo sentido da visión. Exemplos moi ilustrativos son aqueles onde casos de TDAH, exacerbados por un problema de visión ou problemas de aprendizaxe, están relacionados co mesmo factor detonante, sendo polo tanto un factor determinante en canto ao aumento do fracaso escolar. Se se teñen en conta os datos xerais de pobreza infantil, onde o risco de pobreza ou exclusión social chega ao 25,8%, cun aumento do risco de pobreza severa ata acadar o 10,8% seremos conscientes de que o risco potencial de que eses nenos e nenas padezan necesidades sanitarias os fai aínda máis vulnerables se cabe, perpetuándose a pobreza de xeito moi doado neste grupo da poboación. É imprescindible entender a saúde visual coma un elemento de igual importancia que o resto das carencias que sofren estes menores en risco, sabendo que a desigualdade en canto á saúde é unha realidade e que o contexto no que un menor vive pode privalo do acceso e o pago das súas necesidades sanitarias básicas.

Un estudo realizado en 2015 verteu datos sobre como que a crise económica de 2012 influíra na poboación do estado, tamén neste senso. Derivado desa situación, reducíronse naquel momento un 25% as visitas aos profesionais da visión e aqueles que acudiron e recibiron unha prescrición para o cambio de lentes e gafas atrasaron a nova compra e o 90% investiu nela un 10% menos, evolución que se repetiu na crise ocasionada pola pandemia da COVID-19 anos despois, agravando a situación de xeito alarmante. No Estado español os datos indican que o 72,8% dos problemas de visión nas crianzas son detectados polas familias, o persoal educativo ou eles mesmos en primeira persoa, acadando un 15,8%. Isto quere dicir que as revisións non son as axeitadas, ben por deficientes en número ou por non ser levadas a cabo por persoal especialista nesta área da saúde. É certo que se fan revisións pediátricas neste senso, pero son de carácter moi elemental e non son en ningún caso as que poderían levar a cabo oftalmólogos ou ópticos-optometristas. É dese xeito como os problemas se perpetúan no tempo carecendo en moitos casos de solucións durante moita parte do tempo no que se padecen e nesta afirmación é moi útil apoiarse en que os estudos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indican que o 59% das familias non lle fan revisións de visión aos seus fillos e fillas, de forma que descoñecen a existencia do problema.

A prevención é fundamental neste aspecto da saúde, así os profesionais recomendan que se realice un exame visual anual aos menores. En Galiza, por exemplo, un 13,6% das crianzas entre 5 e 7 anos padecen miopía, contando cunha evidente infradiagnose derivada da falla de concienciación social perante os problemas deste tipo ou problemas económicos para levalas a cabo cun especialista. A isto hai que sumarlle que o prezo medio das gafas ascende a 200 euros e no caso das lentes de contacto a 120 euros aproximadamente, deixando claro que neste caso o nivel económico inflúe no tocante á saúde visual, onde os servizos de revisión e as solucións ópticas non están a dispoñibilidade de todas e todos os que precisan deles por cuestións económicas, feito que agrava enormemente as desigualdades en etapas temperás da vida.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Prevé a Xunta de Galiza establecer un calendario recomendado por profesionais, de revisións de visión periódicas e gratuítas nos menores de 18 anos que se leve a cabo por parte de oftalmólogos, óptico-optometristas?
2. Prevé a Xunta de Galiza crear unha liña de axudas universal para solucións ópticas que sexan recomendadas por profesionais no caso dos menores de 18 anos de xeito que se inclúan dentro da gratuidade total as lentes de contacto e as gafas?
3. Que medidas concretas neste eido tomará a Consellería de Política Social para combater a necesidade de atención visual do 6,2% dos menores que sofren pobreza visual infantil?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Desenvolverá a Xunta de Galiza Programas para o fomento do coidado da saúde visual na sociedade que eduquen a sociedade neste senso para darlle a importancia que merece?

5. Prevé a Xunta de Galiza, despois das reunións mantidas co Colexio de Ópticos Optometristas, integralos no SERGAS nun prazo curto de tempo?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asdo.: Ariadna Fernández González

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 27/12/2024 12:13:41

María Montserrat Prado Cores na data 27/12/2024 12:13:46

Ariadna Fernández González na data 27/12/2024 12:13:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Olalla Rodil Fernández e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás actuacións a realizar para mercar o Pazo de Montesacro, no concello de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde setembro do 2023, polo tanto hai máis dun ano, que a Xunta de Galiza é coñecedora de que a orde relixiosa propietaria do Pazo de Montesacro, no concello de Cambados, ten o mesmo á venda.

Este pazo consta dunha superficie construída de 2.375 metros cadrados dentro dunha finca cunha superficie de 12.547 metros cadrados. Xa O mesmo ten un dobre valor:

En primeiro lugar o social- asistencial, toda vez que o mesmo está adicado a residencia de maiores, cunha capacidade de aproximadamente 70 prazas.

O segundo o histórico-patrimonial, toda vez que foi construído no século XVIII, sendo de estilo barroco, e contando ademais con capela, piorno, pombal e zona axardinada.

O Pazo é coñecido como “O Asilo” xa que o mesmo é residencia de maiores desde os anos corenta do século pasado. É a única existente no concello de Cambados,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nunha comarca coma a do Salnés, que tendo unha poboación de arredor de 100.000 habitantes, é deficitaria en prazas residenciais para persoas maiores, non existindo ningunha de titularidade pública. Ten unha capacidade de aproximadamente 70 prazas, das que na actualidade están ocupadas 53, porque xa hai meses que non aceptan ningún ingreso.

Desde o primeiro momento o BNG defendeu que a venda do Pazo de Montesacro é unha oportunidade para que a Administración o adquira e o mesmo pase a ser de titularidade pública tanto polo seu valor patrimonial como para seguir prestando atención residencial @s nos@s maiores.

Mais o Partido Popular na Xunta de Galiza nen se preocupou nen se ocupou, non fixo absolutamente nada para adquirilo.

Entre a veciñanza de Cambados existe moita preocupación porque hai uns días comunicouselle as familias o peche inminente, e polo tanto que as 53 persoas que alí viven teñen que buscar outra residencia, ademais dun ERE extintivo para as 29 persoas que teñen alí o seu posto de traballo.

O BNG considera inadmisíbel que diante desta información a conselleira de Política Social se limite a dicir que estará vixilante de que se reubiquen as persoas maiores. Os nosos maiores non son mercadoría a recolocar, despois dunha vida de traballo teñen dereito a unha vellez digna, preto da súa familia e no seu entorno.

A prioridade ten que ser evitar eses traslados e polo tanto o desarraigo, que vai supor soidade e deterioro dunhas persoas en total vulnerabilidade.

A Xunta é a administración que ten as competencias, os recursos, e a responsabilidade de garantir prazas residenciais para @s nos@s maiores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É a quen lle corresponde liderar a compra deste pazo, e ten o deber e ferramentas para facelo:

A Xunta de Galiza está a drenar inxentes cantidades de diñeiro público cara empresas privadas relacionadas coa dependencia, con empresas especialmente beneficiadas como Domus VI. Nos orzamentos da Xunta para o ano 2025 destina 190 millóns de euros a empresas privadas para concertos, prazas privadas, bonos... polo que ten recursos para mercar o Pazo de Montesacro

O Pazo de Montesacro é ben de interese cultural, toda vez que forma parte do casco histórico de Cambados, declarado como tal no ano 2001. A Lei de Patrimonio Cultural de Galiza no seu artigo 49 di:

Artigo 49. Dereitos de tanteo e retracto

1. Calquera pretensión de transmisión onerosa da propiedade ou de calquera dereito real de desfrute dos bens de interese cultural deberalle ser notificada, de forma que faga fe, á consellaría competente en materia de patrimonio cultural con indicación do prezo e das condicións en que se propoña realizar aquela. En todo caso, na comunicación da transmisión deberá acreditarse tamén a identidade da persoa adquirente.

2. Os que realicen poxas que afecten calquera ben de interese cultural deberanllo notificar igualmente e coa suficiente antelación, nos termos establecidos no número 1.

3. A Xunta de Galicia dispoñerá dun prazo de tres meses para exercer o dereito de tanteo para si ou para outras institucións públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro, tendo preferencia a Xunta de Galicia en caso concorrencia de intereses. Obrigarase a pagar o prezo convido ou o de remate da poxa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso dos bens de interese cultural de carácter territorial das categorías do artigo 10, o exercicio do dito dereito limitarase aos inmobles individualmente inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

4. Se a pretensión de transmisión e as súas condicións non foren notificadas correctamente, poderase exercer, nos mesmos termos previstos no punto anterior, o dereito de retracto, no prazo dun ano a partir da data en que se teña coñecemento das condición e do prezo do alleamento.

A mesma lei establece no artigo 39:

Artigo 39. Autorizacións

1. As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei.

A utilización dos bens declarados de interese cultural ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

Por todo o exposto anteriormente, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Que opinión lle merece que a Xunta de Galiza non creara nin unha soa praza pública para residencias de maiores desde o ano 2009?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten realizado algunha actuación a Xunta para adquirir o Pazo de Montesacro tras coñecer a intención dos propietarios de vendelo?

Ten avaliado a repercusión da perda das 70 prazas de residencia das que dispón?

Que alternativas está estudando?

Vai aproveitar a oportunidade que supón a súa venda para adquirilo para o patrimonio público e adicalo a residencia pública para a veciñanza de Cambados e do Salnés?

Parécelle normal que a comarca do Salnés, con aproximadamente cen mil habitantes, non conte con ningunha residencia de maiores pública?

Que actuacións vai realizar para impedir que as 53 persoas que alí viven sexan enviadas a residencias lonxe do seu entorno e dos seus familiares.

Vai facer valer o dereitos de tanteo e retracto, recollido no artigo 49 da Lei de Patrimonio Cultural de Galiza, no caso de que a orde relixiosa propietaria do Pazo de Montesacro tivera vendido o mesmo?

Comprométese a non autorizar o cambio de uso, dotacional asistencial, nos termos que establece o artigo 39 da mencionada lei, para que o mesmo siga como residencia de maiores?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Ariadna Fernández González
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/12/2024 12:19:09

María Montserrat Prado Cores na data 27/12/2024 12:19:16

Iria Carreira Pazos na data 27/12/2024 12:19:24

Olalla Rodil Fernández na data 27/12/2024 12:19:33

Iago Suárez Fernández na data 27/12/2024 12:19:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de incrementar os centros e prazas de residencias de maiores públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos da Xunta de Galiza, existen no noso País case 1.500 persoas agardando por unha praza de residencia sen recibir outro recurso e 6.691 persoas que reciben unha axuda para pagar unha praza de residencia na privada por non poder acceder a unha pública (Prestación Económica Vinculada a Servizo de atención residencial).

Esta falta de prazas públicas está a provocar, ademais de demoras de até 2 anos para o acceso a este servizo, que persoas en situación de emerxencia e procedentes, por exemplo da provincia de Pontevedra, acaben derivadas a centros situados na provincia de Lugo, concretamente en Monforte de Lemos.

Non é casual ou accidental que nos atopemos nesta situación senón a consecuencia directa dunha política decidida que mingua o público en favor e beneficio único das empresas privadas. Así o evidencian os datos:

- **En Galiza**, só 2 de cada 10 prazas son de titularidade e xestión públicas, pola contra o 80% están en mans privadas. Iso si, debidamente regados con fondos públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A Xunta de Galiza destina anualmente máis de 100 millóns de euros públicos en concertos ou concesións coas residencias privadas.

O dereito a unha vellez digna non pode converterse nun negocio e é evidente que o Goberno do Partido Popular está a facer todo o que está na súa man para que así sexa. A modo de exemplo, as dúas residencias de maiores construídas pola Fundación Amancio Ortega nas cidades de Lugo e Compostela, entregadas sen gasto á Xunta que automaticamente as concesionou a unha entidade privada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai seguir drenando fondos públicos á privada en vez de ampliar a rede de residencias públicas en Galiza?

Santiago de Compostela, 4 de decembro 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2024 17:17:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 04/12/2024 17:17:39





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martínez, Manuel Santos Costa, Jesús María Fernández Rosende e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta do día 27 de maio de 2024 analizou un informe realizado polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) sobre a súa participación na auditoría realizada pola Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria (DG Sante) da Comisión Europea xunto co Ministerio de Industrias Primarias neocelandés aos sistemas de control na produción de moluscos bivalvos que Nova Zelandia destina á exportación cara a Unión Europea.

A nosa comunidade, na súa condición de principal rexión produtora de moluscos de Europa, conta a través do Intecmar dunha ampla rede de vixilancia das zonas de produción que aborda o control de fitoplancto tóxico e biotoxinas, de contaminantes químicos e microbiolóxicos. Cada ano esta entidade realiza máis de 80.000 análises para garantir a calidade e salubridade dos produtos do mar galegos.

Un labor recoñecido e valorado en Europa que fai que a experiencia dos técnicos do Intecmar sexa requirida asiduamente para formar parte dos equipos de auditoría. Desde o 2004 xa foron 26 ocasións nunha vintena de países dos cinco continentes.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte pregunta oral:

Cal foi o obxectivo desta participación e cales foron os medios prestados polo Intecmar?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 12:21:03

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 12:21:13

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 12:21:24

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 12:21:33

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 12:21:41

María Deza Martínez na data 27/12/2024 12:21:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 12:22:20

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 12:22:32

Patricia García González na data 27/12/2024 12:22:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonso e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as listas de espera en dependencia e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza incumpre os tempos de tramitación da dependencia fixados por lei. Neste senso, malia que o prazo máximo desde a solicitude até a asignación da prestación á que unha persoa ten dereito é de 180 días (6 meses), no noso País o tempo medio é case o duplo.

Isto converte o noso País na cuarta comunidade con maior tempo de espera, só superada por Andalucía, Canarias e Murcia. Ademais, a espera non deixa de incrementarse. De feito, Galiza é o lugar onde máis se incrementou o tempo de agarda nos últimos anos. Actualmente unha galega ou galego agarda 42 días máis pola tramitación da dependencia que en 2020.

A principal razón destas demoras é a falta de persoal nas Equipas de Valoración e Orientación, que están sobrecargadas, así como un número insuficiente de prazas e centros públicos no SAAD.

E detrás dos números e das estatísticas hai persoas reais, de carne e óso, que ven como os dereitos recollidos no papel non se garanten na realidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai incrementar o persoal das Equipas de Valoración e Orientación da dependencia a Xunta de Galiza?
- Vai incrementar o módulo de financiamento do SAF a Xunta de Galiza? De ser así, cando e en que contía?
- Vai xestionar de maneira directa as residencias construídas pola FAO en Pontevedra, Ferrol e A Coruña ou vai privatizalas como aconteceu coas de Lugo e Compostela?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2024 12:27:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 04/12/2024 12:27:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/12/2024 12:27:54

Luis Bará Torres na data 04/12/2024 12:28:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o emprego xuvenil en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sitúase entre os territorios do Estado cunha menor taxa de actividade laboral xuvenil sendo ademais a taxa de desemprego xuvenil moi elevada. Unha situación, ao ver do Grupo Parlamentar do BNG, para nada casual e que responde ás deficientes políticas en materia de emprego xuvenil levadas a cabo nos últimos anos por parte do goberno do PP na Xunta de Galiza.

Aliás, entre a mocidade galega que si ten traballo a situación non é para nada máis adecuada. A mocidade galega que ten traballo teno maioritariamente no sector servizos, con contratos temporais e cuns rexistros de precariedade laboral que verdadeiramente asustan. A todo isto súmase a fenda salarial entre as persoas menores de 35 anos e as maiores de 35 anos, supondo isto a percepción de arredor dun 20% menos do salario para a xuventude. Nesta conxuntura, o problema da emancipación xuvenil segue rampante no noso país, co acceso á vivenda como un dos problemas máis salientábeis así como a falta de poder adquisitivo na mocidade.

Ante todo isto o Goberno galego debe pór todos os seus empeños en mellorar a situación para, entre outras cuestións, evitar a emigración da mocidade. Lamentablemente non vemos na actual Xunta de Galiza vontade real de lle dar solución aos problemas da mocidade galega nin mellorar os datos de emprego xuvenil no noso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

país. Mellorar as condicións de traballo entre a xuventude, reducir a temporalidade ou deseñar as medidas necesarias para reducir ou mesmo acabar coa fenda salarial son só algunhas das accións que a Xunta debe pór en marcha á maior celeridade posíbel.

Desde o BNG pensamos que é urxente deseñar e executar un plan de emprego para a mocidade que contemple a blindaxe dunhas boas condicións laborais mediante incentivos para a contratación, mais tamén exixir un maior esforzo no ámbito da inspección e do control dos contratos. Alén dos incentivos, é tamén necesario incluír obrigase limitacións á hora de formalizar e cumprir os contratos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que medidas ten pensado levar a cabo o Goberno galego para mellorar a taxa de desemprego xuvenil en Galiza?
- Que avaliación fai o Goberno galego das políticas destinadas á mocidade por parte da Xunta de Galiza?
- Que opinión lle merece ao Goberno galego a fenda salarial en Galiza entre as persoas menores de 35 anos e as maiores de 35 anos?
- Que pensa facer a Xunta para mellorar das condicións de traballo entre a xuventude galega?
- Que lle parece ao Goberno galego a terciarización da economía galega, algo que afecta especialmente a mocidade do noso país?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
Ramón Fernández Alfonzo
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 03/12/2024 13:38:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/12/2024 13:38:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as as previsións do Goberno Galego para o futuro do sector da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días coñeceuse a saída do CEO de Stellantis, o señor Carlos Tavares, esta nova supuxo un terremoto mediático no sector, así como en diferentes estados nos cales Stellantis ten unha presenza salientable na industria do motor.

Esta nova non é allea a Galiza pois, como xa se ten trasladado no propio Parlamento Galego, o sector da automoción na economía galega supón un importante factor, tanto na xeración de emprego potencial como no aumento do peso do PIB industrial e as exportacións.

Con todo, nos últimos tempos viviuse unha voráxine de novas, anuncios e reaxustes por parte do sector e das propias administracións galega e estatal, que lonxe de despexar as dúbidas sobre como vai ser o futuro deste sector no país, non concretaron no como vai afectar ao emprego e á carga de traballo no conxunto do sector a descarbonización da mobilidade.

O pasado mes de novembro o propio Tavares reuníase co presidente do Goberno central, o señor Sánchez, onde se expresaron certos compromisos a futuro das distintas plantas que Stellantis ten no estado, mais excluindo mencionar ningún compromiso para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o plan industrial do futuro da súa planta en Balaídos, cómpre dicir, a máis productiva do xigante da automoción.

Esta falta de concreción en cal vai ser o plan de futuro para a planta de Balaídos deixa no aire certas cuestións como a posta en marcha da plataforma STLA Small, para a cal se están a adaptar as industrias auxiliares co fin de garantir a súa presenza como fornecedoras de compoñentes.

O agora ex-CEO de Stellantis caracterizouse no seu paso pola empresa por aplicar a política de recortes e de basear a competitividade da empresa en base a custos laborais. Neste sentido cabe destacar que a entrada de Tavares como CEO no 2021 supuxo unha diminución salarial do persoal da planta de Balaídos do 5%, todo en pos de abaratar custos operativos e ampliar as marxes de beneficios.

Neste contexto de incerteza xa se leva debatindo longo tempo sobre as distintas medidas de axuda por parte das administracións para garantir a continuidade do sector que se resumen en liñas de subvencións como, por exemplo, os PERTE VEC ou as liñas específicas do Igape.

Así e todo faise necesaria unha planificación non só en base a axudas públicas, que finalmente o que fan e cadrar as contas anuais das empresas, se non tamén de establecer cales van ser as liñas de actuación para garantir o futuro do sector e da creación de emprego de calidade e de longa duración.

Cómpre sinalar dúas cuestións de actualidade en decembro de 2024 sobre o sector. Por unha banda os novos anuncios de liñas de subvencións por parte do Goberno Galego que a propia conselleira de economía e industria cuantificou en 230 millóns de euros até 2027. Esta medida continúa na liña de apostalo todo á prestación de axudas, sen concretar nada no DOG, mentres o sector segue agardando por un plan director que chega moi tarde.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda está a folga no sector convocada o pasado 28 de novembro pola clase traballadora do sector que foi un auténtico éxito na industria auxiliar, cun seguimento de até o 90% en empresas referenciais do sector auxiliar. Este fito marca, unha vez máis, como a clase traballadora galega continúa a ser vangarda con esta primeira greve do sector da automoción no estado.

Faise, pois, preciso que o Goberno Galego atenda con maior atención as demandas da clase traballadora do sector da automoción e que dea a coñecer unha previsión realista de cal vai ser o impacto sobre o emprego e sobre a carga de traballo a adaptación do sector ao novo paradigma da automoción.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Que previsión ten o goberno galego sobre o impacto no emprego na automoción no marco da adaptación do sector ao novo paradigma de mobilidade?
- Que previsión ten o goberno galego sobre o impacto na carga de traballo na automoción no marco da adaptación do sector ao novo paradigma de mobilidade?
- Como influíron as subvencións públicas da administración galega no sector da automoción na creación de emprego indefinido?
- Como influíron as subvencións públicas da administración galega no sector da automoción na garantía de carga de traballo?
- Como valora o Goberno Galego a folga no sector da automoción do pasado 28 de novembro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o Goberno Galego a aplicación de ERTES como xeito de desregularización da xornada laboral?

- Cando e como pensa o goberno galego publicar e aplicar o Plan Director da Automoción?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/12/2024 16:07:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/12/2024 16:19:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Ramón Fernández Alfonzo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o programa bono Activa Comercio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comercio galego ven sufrindo unha profunda crise nos últimos anos que levou ao peche a preto de 8.000 negocios. As causas da situación na que se atopa o pequeno comercio en Galiza son múltiples, mais a emerxencia do comercio en liña e o avance das grandes superficies comerciais son, xunto coa falta de apoio por parte do goberno galego, as causas fundamentais desta crise na que se atopa o sector.

O orzamento da Dirección Xeral de Comercio vense reducindo nos últimos 15 anos, en 2009 o orzamento foi de 35.224.920€ e para o ano 2024 o orzamento previsto é de 21.727.845€. A baixada continuada deste orzamento nestes 15 anos representa un acumulado de 251.923.346€, unha cantidade que debería terse destinado a frear a sangría constante do comercio polo miúdo galego e que non se fixo.

Esta redución de orzamento impide que algunha das medidas adoptadas polo goberno do PP, que o BNG consideramos positivas, contén cun orzamento moi escaso.

Isto ocorre co Bono Activa Comercio, unha medida que ven sendo convocada pola Xunta de Galicia desde o ano 2021 e que ten un orzamento totalmente insuficiente. Proba disto é que se esgotan a escasos días de poderen ser utilizados. A última convocatoria abriu o prazo para consumir os bonos o pasado día 4 de novembro e en menos de 3 días xa estaban esgotados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nunha comparecencia do Director Xeral de Comercio na Comisión de Industria, Enerxía, Turismo e Comercio deste Parlamento o pasado mes de xullo anunciaba anunciaba a ampliación do orzamento destinado a esta medida e a ampliación dos negocios que se poderían acoller aos mesmos incluíndo ao chamado comercio ambulante.

A realidade é que na convocatoria publicada no DOG o pasado 22 de outubro non se recollían ningún destes anuncios, o orzamento destinado aos Bono Activa Comercio seguía sendo de 2,5 millóns de euros e no anexo I que recolle os grupos e epígrafes do IAE dos establecementos que poden adherirse a estas axudas non aparece o rupo 663 do IAE, correspondente ao comercio polo miúdo fora dun establecemento comercial permanente (ambulancia, feiras e mercados ocasionais ou periódicos).

A convocatoria do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Galiza a través dos bonos Activa Comercio explicita que teñen como obxectivos “incentivar a demanda comercial, axudando economicamente ás persoas consumidoras, así como fomentar o consumo nos establecementos comerciais retallistas adheridos á campaña”. Engade nos seus obxectivos o de “propiciar o fortalecemento do sector comercial retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras en comercios, mellorar o fondo de manobra dos establecementos comerciais e paliar o impacto negativo derivado da actual situación inflacionista”.

Non parece que esta medida estea a cumprir o seu obxectivo xa que seguimos perdendo tecido comercial na Galiza.

Que o crédito orzamentario destinado a estas axudas ven sendo practicamente o mesmo dende hai anos indica a política continuísta que practica a Xunta de Galicia e a importancia que lle da a unha actividade que, non só é un sector de gran importancia na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

economía galega, senón que é fundamental para a dinamización social e urbanística dos nosos pobos, vilas e cidades e para evitar o despoboamento do rural galego.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Como xustifica o Goberno Galego que o orzamento da Dirección Xeral de Comercio se veña reducindo nos últimos 15 anos, o que representa unha perda acumulada de 251.923.346€?

- Como valora o Goberno Galego que o orzamento destinado ao Programa Bono Activa Comercio se esgotara en menos de 2 días na última edición?

- Pensa o Goberno Galego que o orzamento deste programa é suficiente?

- Ten o Goberno Galego intención de incrementar o orzamento, cando menos duplicándoo, do Programa Bono Activa Comercio?

- Cal é o motivo polo que o Goberno Galego exclúe ao comercio ambulante do programa bono Activa Comercio?

- Considera o Goberno Galego que o comercio ambulante non precisa das mesmas axudas que o comercio en establecementos fixos?

- É consciente o Goberno Galego do servizo que prestan as feiras e mercados que se celebran no noso país achegando mercadorías a lugares que carecen de comercio fixo e dinamizando o comercio fixo en concellos pequenos?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 27/12/2024 12:48:35

Ramón Fernández Alfonso na data 27/12/2024 12:48:47



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

A Organización da Pesca do Atlántico Noroeste (NAFO) é unha organización rexional de ordenación pesqueira (OROP) responsable de regular a pesca en alta mar no Atlántico Noroeste, máis aló da zona económica exclusiva de 200 millas de Canadá.

Establecida en 1979, a NAFO traballa para garantir a conservación a longo prazo e o uso sostible dos recursos pesqueiros, á vez que protexe os ecosistemas nos que prosperan.

Trece países, entre eles a UE, Canadá, Estados Unidos e Noruega, son partes contratantes da NAFO.

As OROP (Organismos Rexionais de Ordenación Pesqueira) como a NAFO desempeñan un papel crucial na protección dos ecosistemas mariños e na garantía de prácticas pesqueiras sostibles. Empregan diversas ferramentas de xestión, entre elas límites de captura, medidas técnicas e restricións temporais ou espaciais. As decisións baséanse en asesoramento científico e aplícanse mediante rigorosas medidas de seguimento e cumprimento.

A NAFO adopta medidas de conservación e control (MCC) para a pesca na zona de regulación, excepto para as especies sedentarias (por exemplo, o marisco) ou as xestionadas por outros organismos internacionais de pesca, é dicir, o salmón, os túnidos e marlíns e as baleas.

O Consello da Xunta analizou o 7 de outubro de 2024 o informe en que se abordan os principais resultados da 46ª reunión anual da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (NAFO) celebrada entre o 23 e 27 de setembro en Halifax, Canadá.

O obxectivo principal da reunión foi a xestión responsable das poboacións de peces críticas do Atlántico Noroeste, en particular o bacallau e o fletán negro, que revisten unha importancia considerable para a UE.



O informe sinala fundamentalmente aqueles aspectos de especial interese para a frota galega e as especies que captura como son, o bacallau, a cabra, o fletán negro, a raia, a pescada, o mendo ou a pota.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿Cal foi o resultado do informe analizado polo Consello da Xunta en relación coa 46º reunión anual da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (NAFO) e cal é a repercusión para a Comunidade galega?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 12:48:37

Patricia García González na data 27/12/2024 12:49:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2024 12:55:41
Nº Rexistro: 15814
Data envío: 27/12/2024 12:55:41.518

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 12:49:52

María Deza Martínez na data 27/12/2024 12:50:14

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 12:53:00

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 12:53:27

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 12:53:54

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 12:54:18

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 12:54:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BGRSDRBCaPZbaMkqUv70
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este accidente pode ser un dramático exemplo desta tolerancia, pois o estaleiro onde se produciu o accidente é coñecido na comarca de Ferrol por non cumprir as mínimas normas de prevención de riscos laborais.

O feito de ser un centro de traballo dedicado a unha actividade especialmente perigosa, como é a construción e reparación naval segundo establece o anexo I do regulamento de servizos de prevención, así como anteriores incidentes de carácter grave nunca deu lugar a unha intervención pública que corrixira a situación.

As competencias en materia laboral correspóndenlle á Xunta da Galiza, que ademais de ser a Autoridade laboral, é a encargada de planificar as actuacións en materia de saúde laboral e prevención de riscos, para o que conta co ISSGA.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Cantos accidentes laborais graves ou moi graves acontecidos no estaleiro da Graña constan nos rexistros da Xunta da Galiza?

2. Cantos remataron en algún tipo de sanción contra a empresa Blascar ou a súa antecesora Freinaival?

3. Ten constancia a Xunta de Galiza de terse realizado algunha auditoría ao Plan de prevención do centro de traballo deste estaleiro da Graña?

4. Cantas visitas ten realizado a inspección de traballo ou ISSGA a este centro de traballo que non viñesen motivadas por algún accidente?

5. Que opina a Xunta de Galiza do accidente acontecido o día 4 de outubro no estaleiro da Graña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de decembro 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Brais Ruanova Vilas-Boas
Xosé Manuel Golpe Acuña
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 27/12/2024 12:57:24

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 27/12/2024 12:58:01

José Manuel Golpe Acuña na data 27/12/2024 12:58:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa aos proxectos enerxéticos nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2019 Endesa anunciaba o peche da Central Térmica nas Pontes, peche que foi autorizado na Resolución do 10 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do MITECO.

En marzo de 2021 o equipo de investigación da Universidade da Coruña, contratado polo Concello, facía entrega do seu estudo sobre do “Impacto Socioeconómico nas Pontes da Descarbonización Enerxética”, que, entre outros aspectos, “en ausencia de políticas de compensación e/ou recuperación”, o impacto do meritado peche “en termos de emprego, significa a perda de 1.178 postos de traballo no concello ocupados por residentes”, cifra que elevaba aos 1.477 de contemplar o resto de concellos da zona de influencia. Sinalaba tamén que, baixo as mesmas circunstancias, “un 32,65% da poboación activa residente conservaría o seu emprego na localidade, un 34,06% pasaría a atoparse sen emprego, e o restante 33,29% de activos residentes estaría traballando fóra da localidade”, cun desemprego rexistrado local que “aumentaría nun 284,54%.”

No mesmo período temporal referido, As Pontes presenta unha perda de afiliación á Seguridade Social dun 11%, que chega ao 13% con respecto a setembro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deste ano, tendencia oposta á do Estado e mesmo a da provincia da Coruña, namentres que a diminución no padrón de habitantes é dun 3%, baixando dos 10.000, cunha porcentaxe de persoas con 65 anos ou máis do 28%, moi superior ao valor estatal, e tamén ao de Galiza e da provincia da Coruña.

Vai un ano, a Consellaría de Economía e Industria presentaba o “Estado de Tramitación dos Principais Proxectos Industriais no Concello das Pontes”, documento actualizado con data de 24 de outubro de 2023, e no que se incluían 4 proxectos (a planta de produción de hidroxeno renovábel de H2POLE S.L., a fábrica de pneumáticos radiais de alto rendemento de SENTURY TIRE SPAIN S.L.U., a planta de biofibra branqueada de ENCE ENERGÍA Y CELULOSA S.A., e o centro verde de hidroxeno e amoníaco a partir de fontes de enerxías renovábeis de ESUH2 MJOLNIR S.L. (UNIVERSAL H2), cun investimento total de 1.127 millóns de euros e 994 empregos directos, dos que 750 serían do proxecto chinés.

Xa con data de actualización do 15 de maio de 2024, a mesma Consellaría presentou o “Informe sobre das Perspectivas Industriais no Concello das Pontes Logo do Peche da Central Térmica”, no que, entre outros aspectos, sinalaba os entón críticos para cada un dos catro proxectos, e avanzaba outros (dúas centrais hidroeléctricas reversíbeis e unha planta de acuicultura, todas no lago) dos que non ofrecía máis información.

Na actualidade ningún dos proxectos ten iniciada a súa construción, malia a situación socioeconómica e laboral das Pontes xa descrita.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cal é o estado de tramitación, os próximos trámites e o seu cronograma previsto, e os aspectos críticos actuais do proxecto da planta de produción de hidroxeno renovábel de H2POLE S.L. nas Pontes?

2. Cal é o estado de tramitación, os próximos trámites e o seu cronograma previsto, e os aspectos críticos actuais do proxecto da fábrica de pneumáticos radiais de alto rendemento de SENTURY TIRE SPAIN S.L.U.?

3. Cal é o estado de tramitación, os próximos trámites e o seu cronograma previsto, e os aspectos críticos actuais do proxecto da planta de biofibra branqueada de BIOFIBRAS DE GALICIA S.L.U. (GRUPO ENCE)?

4. Cal é o estado de tramitación, os próximos trámites e o seu cronograma previsto, e os aspectos críticos actuais do proxecto do centro verde de hidroxeno e amoníaco a partir de fontes de enerxías renovábeis de ESUH2 MJOLNIR S.L. (UNIVERSAL H2)?

5. Quen son as promotoras das dúas centrais hidroeléctricas reversíbeis propostas para o lado das Pontes? Cales son as características principais dos proxectos, entre elas investimento e emprego? Cal é o seu estado de tramitación, os próximos trámites e cronograma previsto, e os aspectos críticos actuais dos proxectos?

6. Quen e a promotora da planta de acuicultura proposta para o lado das Pontes? Cales son as características principais do proxecto, entre elas investimento e emprego? Cal é o seu estado de tramitación, os próximos trámites e cronograma previsto, e os aspectos críticos actuais dos proxectos?

7. Ten previsto presentar un novo informe actualizado dos meritados proxectos? No caso afirmativo, cando? Onde? A quen?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Ramón Fernández Alfonzo
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 27/12/2024 13:06:57

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/12/2024 13:07:03

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 27/12/2024 13:07:09



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O día 21 de outubro de 2024 aprobábase no Consello de a Xunta de Galicia o Acordo polo que se autoriza a subscrición de convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o estudo dos efectos da carga do cultivo de moluscos sobre as rías galegas.

O Goberno galego continúa reforzando a investigación galega como instrumento esencial para a procura de solucións aos problemas do sector marisqueiro.

O obxectivo é coñecer o efecto que os polígonos dedicados aos cultivos de mexillón poden ter sobre a calidade do ecosistemas das rías galegas avaliando tanto o seu efecto depurador como concentrador de contaminantes químicos, orgánicos e microbianos.

Ademais, tamén se queren coñecer os efectos sobre a calidade do ambiente sedimentario e da auga así como a dispoñibilidade de recurso alimentario propia e para outras especies.

Deste xeito, este proxecto contribúe a acadar un ecosistema científico máis aberto e integrado, fortalecendo unha investigación de calidade e impacto.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿A canto ascende a contía total do convenio subscrito entre a Xunta de Galicia e a USC para o estudo dos efectos da carga do cultivo de moluscos sobre as rías galegas e cales son as accións que se van a acometer con esta sinatura?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 12:48:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Patricia García González na data 27/12/2024 12:49:30

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 12:49:55

María Deza Martínez na data 27/12/2024 12:50:18

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 12:53:04

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 12:53:29

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 12:53:56

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 12:54:21

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 12:55:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso, Brais Ruanova Vilas-Boas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á concesión de auga para a Transición Xusta nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión da auga depende dos límites territoriais das bacías dos ríos, diferenciando entre as inter-comunitarias ou que afectan a varias Comunidades e/ou a outros Estados, xestionadas polas Confederacións Hidrolóxicas, e as intra-comunitarias ou situadas na súa totalidade dentro dunha Comunidade Autónoma e que, polo tanto, son competencia da mesma; no caso de Galiza, as bacías agrúpanse na Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa, xestionada por Augas de Galiza, que asume a administración hidráulica galega e desenvolve todas as súas competencias, reflectidas na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galiza, entre elas a xestión dos usos e aproveitamentos hidráulicos.

A Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa divídese en 19 zonas ou sistemas de explotación (SE), cada un deles cun río principal e o seu conxunto de afluentes; o SE 13 é o denominado como “Río Eume e Ría de Ares”.

Doutra banda, o Real Decreto-lei 17/2019, do 22 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes para a necesaria adaptación dos parámetros retributivos que afectan ao sistema eléctrico e que responde ao proceso de cesamento da actividade das centrais de xeración térmica, modificou o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, ao introducir a disposición adicional décimo sexta (Concesións de Auga para Transición Xusta), que establece que *“Cando se extinga unha concesión ... por peche de instalacións de carbón ou de enerxía térmica termonuclear, poderá acordarse o outorgamento dunha nova concesión para o uso exclusivo da auga a novas iniciativas e proxectos no ámbito xeográfico onde se atopaba a instalación ... para a que ponderaranse criterios económicos, sociais e ambientais ... Para estes efectos, os usos das augas previstos en tales iniciativas e proxectos prevalecerán sobre a orde de preferencia establecida nos plans hidrolóxicos de bacía ou, no seu defecto, no artigo 60 do texto refundido da Lei de Augas, con excepción do aproveitamento para abastecer á poboación, que sempre será unha prioridade”*. O texto está en vigor dende o 24 de novembro de 2019, e o *“mantemento do acceso ao recurso hídrico”* en virtude da citada modificación reflíctese como unha *“Oportunidade”* no documento de *“Caracterización e Diagnóstico”* do Convenio de Transición Xusta das Pontes elaborado polo Instituto de Transición Xusta en novembro de 2021.

O 19 de agosto de 2023 publicouse no BOE a Resolución do 10 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Política Enerxía e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que autoriza a Endesa Generación S.A., ao peche dos grupos 1, 2, 3 e 4 da Central Termoeléctrica das Pontes.

O informe de Augas de Galiza no procedemento ambiental da DIA do proxecto para o desmantelamento dos grupos 1, 2, 3 e 4 da Central Termoeléctrica das Pontes, afirma que *“Consultado o Libro de Rexistro, e salvo erro ou omisión, figura na zona de actuación unha inscrición do código E-1262A-C, a nome do titular da instalación, resultante de cambio de titularidade da matrícula E-1262-C, a nome de EMPRESA NACIONAL CALVO SOTELO S.A., a favor de EMPRESA NACIONAL DE ELECTRICIDAD S.A., referíndose a un QMI de 2.560 l/s para refrixeración, alimentación de caldeiras e usos complementarios da planta térmica”*. Tamén lembra o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

meritado informe que “O artigo 161.1 do RDPH establece que as concesións poderán ser declaradas caducadas polo incumprimento de calquera das condicións esenciais ou prazos previstos nel. Ademais, segundo o artigo 162.1, as concesións extinguíranse por vencemento do prazo, por caducidade, expropiación forzosa ou renuncia do concesionario. O proxecto de desmantelamento da UPT das Pontes supón unha modificación da condicións esenciais das citadas concesións outorgadas ao promotor, polo tanto, de acordo cos citados preceptos, poderán ser iniciados, de oficio ou por instancia de parte, os correspondentes expedientes de extinción das citadas concesións que se tramitarán de conformidade cos artigos 163 e seguintes do RDPH”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Cal é o estado da concesión de auga do río Eume para a central termoeléctrica das Pontes (E-126A-C)?

-Ten a Xunta un estudo sobre os recursos hídricos do río Eume e do lago das Pontes, en canto aos posibles usos industriais do auga?

-Cantas concesións de auga hai agora mesmo solicitadas, e concedidas no concello das Pontes?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Manuel Golpe Acuña
Ramón Fernández Alfonzo
Brais Ruanova Vilas-Boas
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 27/12/2024 13:28:17

José Manuel Golpe Acuña na data 27/12/2024 13:28:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/12/2024 13:28:37

Montserrat Valcárcel Armesto na data 27/12/2024 13:28:39





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martínez, Manuel Santos Costa, Jesús María Fernández Rosende e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O día 15 de maio de 2024 publicábase no DOG a ORDE do 8 de maio de 2024 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2024 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva ás persoas armadoras e non competitiva ás persoas tripulantes, por paralización temporal da actividade marisqueira nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa dos Lombos do Ulla, O Bohído e Cabío, e nos bancos marisqueiros do Plan de xestión de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de autorización aprobado á Confraría de Pescadores de Noia e do Plan de xestión específico conxunto de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de libre marisqueo das confrarías de pescadores de Pontevedra, Lourizán, Raxó, Sanxenxo e Marín (cofinanciadas ao 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura).

Estas achegas foron analizadas no Consello da Xunta do 13 de maio e o Goberno galego pon a disposición do sector afectado pola paralización temporal da actividade nestes bancos, unha decisión adoptada como medida técnica de conservación.

A posibilidade de habilitar estas axudas á paralización temporal para aplicar medidas de conservación como os períodos de descanso biolóxicos dos recursos aparece recollida no regulamento do FEMPA.

Realízase para favorecer as condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a esta actividade e para impulsar o desenvolvemento da actividade de xeito sustentable.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta oral:

- Cal é a contía total de estas axudas e que profesionais poden acollerse a estas?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 13:29:23

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 13:29:33

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 13:29:41

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 13:29:47

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 13:29:55

María Deza Martínez na data 27/12/2024 13:30:08

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 13:30:18

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 13:30:26

Patricia García González na data 27/12/2024 13:30:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Luís Bará Torres, Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto, Ariadna Fernández González, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a macrocelulosa de Altri e a súa afección ao sector agrogandeiro atendendo ao informe do Consello da Cultura Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa ALTRI a traveso de Greenfiber SL está a promover unha macrocelulosa en Palas de Rei. Unha macrofactoría que ocupará 366 has e que terá un forte impacto medioambiental, patrimonial e cultural tanto no concello de localización como nas comarcas limítrofes. Dende o punto de vista económico o impacto aos sectores produtivos existentes na zona tamén será moi considerábel.

Un dos principais motores económicos da zona da pretendida implantación da macrocelulosa de ALTRI é o sector agrogandeiro. O sector primario é fundamental para o mantemento económico e social das parroquias deste territorio situado no corazón de Galiza.

Nos meses pasados publicouse un INFORME SOBRE O PROXECTO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA INDUSTRIA DE FIBRA TÉXTIL A BASE DE CELULOSA E AS SÚAS INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS elaborado polo Consello da Cultura Galega





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste informe analízanse os diferentes campos de afectación desta macrofactoría; dende os aspectos medioambientais, as augas, o chan e os solos, aspectos económicos e outros moitos. Dentro destes aspectos analizados están as afeccións desta macrocelulosa as producións agrícolas, forestais, gandeiras e os cambios nos usos da terra

Un deses impactos será o cambio de usos da terra debido a elevada demanda de eucalipto o que traerá consigo un incremento da eucaliptización e a perda de terras dispoñíbeis para as producións agrogandeiras.

Concretamente no punto 9 das conclusións o informe di textualmente:

“A expansión das masas forestais de especies do xénero Eucalyptus é unha das consecuencias probables do proxecto. No momento actual, arredor do 82 % das cortas de eucalipto no conxunto de España ten lugar en Galicia ”.

“Neste contexto, a posta en marcha do proxecto Gama suporía un considerable incremento da demanda total de madeira de eucalipto para pasta de celulosa en España, dado que na súa fase II chegaría a consumir arredor de 2,28 millóns de metros cúbicos con casca por ano cando o consumo actual de todo o sector en España se sitúa en arredor de 5 millóns de metros cúbicos anuais”.

En contra do que afirman os promotores do proxecto, non é razoable soste que a madeira de eucalipto producida en Galicia non conta con mercado actualmente”.

No apartado 10 das conclusións di tamén dun xeito textual o seguinte:

“Os datos manexados neste informe indican que non sería posible abastecer a nova planta sen incrementar substancialmente a área ocupada por plantacións de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

eucalipto en Galicia, ou ben sen importar un volume considerable de madeira desde o exterior”

A Ulloa é unha comarca eminentemente gandeira, que desenvolve unha importante valorización do sector primario cun importante complexo de transformación. É un verdadeiro exemplo de economía circular.

Esta comarca é onde está situada a denominación de orixe do queixo Arzúa Ulloa, a segunda do estado español en produción e en volume económico. Unha denominación que comercializa uns 4 millóns de kg de queixo resultante da utilización de 32,5 millóns de litros de leite das ganderías das comarcas da Arzua Ulloa. Unha denominación da que temos que estar orgullosos e a que temos que apoiar e coidar. Unha denominación que permite valorizar unha parte importante do leite que producen os centos de explotacións lácteas destas comarcas.

Neste contexto o informe tamén di no apartado relacionado cos aspectos agrogandeiros o seguinte:

“Neste contexto, o importante incremento da demanda de madeira de eucalipto que se derivaría do proxecto Gama parece difícil, e pouco realista, pensar que non tería consecuencias para as explotacións gandeiras do contorno, no sentido de aumentar a competencia dos usos forestais da terra cos agrogandeiros. Máis alá das intencións manifestadas pola empresa, o lóxico no plano económico é prever un estímulo adicional para novas plantacións desta especie forestal por parte dos propietarios das terras. O que, inevitablemente, afectaría a dinámica futura das explotacións gandeiras.

Algunhas consideracións sobre a DOP Arzúa-Ulloa, que son en boa medida aplicables, en xeral, aos produtos agroalimentarios da zona. As marcas oficiais de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calidade dos produtos alimentarios ligadas ao territorio incorporan unha dose elevada de realidades simbólicas, polo que a imaxe que a poboación forme dese territorio ten unha grande influencia na demanda, nas decisións de consumo. Neste sentido, ademais, o contexto europeo nos próximos anos vai estar moi marcado pola estratexia «Da granxa á mesa».

Se temos todo iso en conta, non parece aventurado prever que unhas instalacións como as do proxecto Gama, na medida en que sexan percibidas como potencialmente contaminantes, poden ter notables efectos negativos sobre a demanda dos queixos da DOP Arzúa-Ulloa, as producións da agricultura ecolóxica e outros produtos agroalimentarios da súa área de influencia”.

O risco que trae consigo a instalación desta macroplanta de produción de celulosa para o sector agrogandeiro é moi importante. Por un lado temos o forte incremento da demanda de eucalipto que traerá consigo unha demanda de terras para plantación desta especie invasora. Esta demanda implicará menor dispoñibilidade de terras para uso agrario nesta zona de forte implantación gandeira.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Fixo a Xunta de Galiza algún análise técnico do informe do Consello da Cultura Galega sobre a macroplanta de ALTRI?
- Que opinión lle merece a Xunta de Galiza o informe do Consello da Cultura Galega sobre a macroplanta de ALTRI?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai a Xunta de Galiza a ter conta este informe do Consello da Cultura Galega sobre a macroplanta de ALTRI?
- Sigue apostando a Xunta de Galiza por esta macrofactoría despois do informe emitido polo Consello da Cultura Galega?
- Que opinión lle merece a Xunta de Galiza o informe do Consello da Cultura Galega sobre a macroplanta de ALTRI no referente as afeccións no sector agrogandeiro e forestal?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Luis Bará Torres

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputadas G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández na data 04/12/2024 17:58:14

Luis Bará Torres na data 04/12/2024 17:58:23

Sonia Vidal Lamas na data 04/12/2024 17:58:33

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/12/2024 17:58:44

Ariadna Fernández González na data 04/12/2024 17:58:54

Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2024 17:59:10

Iria Carreira Pazos na data 04/12/2024 17:59:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Secundino Fernández Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre riscos laborais no sector agropecuario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector agropecuario é un dos eidos de traballo con máis riscos laborais, segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT), superado só por a construción e a minaría máis, a pesares diso, é o grande esquecido. Presenta uns dos maiores índices de sinistralidade, relacionados coa alta diversidade de tarefas, o traballo con maquinaria pesada e animais ou o uso de produtos fitosanitarios e outras sustancias químicas, onde as condicións ambientais son moi variables e en casos extremas e se requiren unhas elevadas esixencias a nivel físico.

Dentro dos riscos laborais do sector agrogandeiro temos distintas clasificacións, entre as cales están, por exemplo, o factor causante destes, de xeito que diferenciamos os riscos físicos, químicos, biolóxicos, ergonómicos ou psicosociais. No referido aos riscos físicos e ergonómicos, temos encadrados os causados polo calor ou frío extremos, o ruído ou as vibracións, as caídas, golpes ou choques, etc. É tamén nesta categoría onde se engloban riscos dos que se derivan unha serie de trastornos músculoesqueléticos (TME) acompañados de procesos dolorosos tanto a nivel muscular coma articular e que na maioría das ocasións son produto de posturas forzadas ao longo do tempo e de movementos repetitivos, co manexo de cargas no desenvolvemento da actividade laboral propia do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai unha serie de factores que favorecen a aparición destes TME en canto á parte do sector primario que nos ocupa, coma poden ser as actividades relacionadas coa rutina de muxido, da limpeza de instalacións con apeiros de uso manual (camas, comedeiros, corredores, etc.), o uso de pas e forçadas no acomodo de abono ou na retirada do estrume, o reparto de alimento aos animais desfacendo pacas ou descompactando ensilados ou a condución de maquinaria pesada con posturas incorrectas, por exemplo. Este tipo de accións rutineiras dan lugar a lesións, especialmente frecuentes nas traballadoras e traballadores deste sector agrogandeiro, e que acaecen con especial énfase a rexións corporais coma os ombreiros, cóbados, pulsos e mans.

Estes tipos de enfermidades laborais están recollidas no RD 1299/2006 do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen os criterios para a súa notificación e rexistro, dentro do cal, no Anexo 1, se desenvolve o cadro de enfermidades profesionais. É neste cadro onde se especifican varios grupos de enfermidades, entre os cales se atopa o grupo dous, referido as enfermidades profesionais derivadas de axentes físicos.

Ao abeiro do axente D de dito grupo, é onde se encadran as enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo, enfermidades por fatiga e inflamación de vainas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas. Os subaxentes 01, 02 e 03 refírense neste cadro á patoloxía tendinosa crónica de manguito dos rotadores do ombreiro, a epicondilite e epitrocleeite de cóbado e antebrazo e a tendinite do abdutor longo e extensor curto do polgar, tenosinovite estenosante dixital e tenosinovite do extensor longo do primeiro dedo, procesos que sofren en moitos casos os traballadores/as do sector agrogandeiro e que non se ven reflectidos de xeito explícito na actividade e código de tal anexo, polo cal, queda ao criterio do profesional sanitario que preste atención ao doente discernir se se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

trata dunha enfermidade profesional ou común e o que isto supón a posteriori para o afectado/a.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Existen estudos elaborados pola Xunta de Galiza sobre enfermidades profesionais do sector agrogandeiro onde se desglosen por sexos, idades dos traballadores/as, axentes causantes e prevalencias?

2. Solicitará a Xunta de Galiza no 2025 ao goberno do estado que as actividades agrogandeiras se inclúan de xeito explícito no RD 1299/2006 do 10 de novembro no cadro do anexo 1 de enfermidades profesionais, nomeando especificamente aos traballadores e traballadoras deste sector no grupo D e subaxente 01,02 e 03, incluíndoos de xeito claro na actividade e código correspondente?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Ramón Fernández Alfonso

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/12/2024 13:35:50

Sonia Vidal Lamas na data 27/12/2024 13:36:02

Secundino Fernández Fernández na data 27/12/2024 13:36:10

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/12/2024 13:36:17



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

Desde mediados de outubro ata mediados de novembro de 2023 tivo lugar un episodio extraordinario de precipitacións que se prolongou en moitos puntos, principalmente da metade oeste, durante máis de 30 días seguidos, e que provocou que nesas semanas as cantidades totais de chuvia superaran, en amplas zonas da vertente atlántica, os 1.000 l/m², o que supuxo, en moitos casos, que esa auga doce acabase sendo descargada nas rías galegas, co consecuente descenso da salinidade da auga mariña ata niveis mortais para o marisco, especialmente entre os bivalvos de interese comercial.

En consecuencia, numerosos bancos marisqueiros situados nos fondos das rías galegas sufriron uns efectos devastadores, que provocaron unha diminución severa da súa produción. Por ese motivo, a Consellería do Mar considerou necesario articular axudas directas e estas entidades para que poidan seguir a traballar pola sustentabilidade da actividade marisqueira e pesqueira. O día 23 de xullo de 2024 publicábase no DOG a RESOLUCIÓN do 22 de xullo de 2024 de concesión directa de axudas de carácter extraordinario ás entidades asociativas do sector pesqueiro destinadas a garantir a súa sustentabilidade.

Esta resolución ten por obxecto a concesión directa dunhas axudas de carácter extraordinario destinadas a garantir a sustentabilidade das entidades asociativas do sector do mar mediante a achega de fondos para manter a operatividade destas entidades que se viu comprometida polos graves acaecementos ambientais que provocaron perda de actividade durante o período de outubro e novembro de 2023 e que pon en risco a asunción dos custos operativos básicos da súa actividade.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cal é a contía total de estas axudas pola sustentabilidade da actividade marisqueira e pesqueira?





Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 13:37:09

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 13:37:21

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 13:37:28

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 13:37:36

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 13:37:50

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 13:37:57

María Deza Martínez na data 27/12/2024 13:38:08

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 13:38:19

Patricia García González na data 27/12/2024 13:38:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O día 13 de agosto de 2024 publicábase no DOG a ORDE do 29 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2024 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños.

O obxecto da presente orde é desenvolver proxectos que teñan por obxecto a conservación de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión das especies.

Os proxectos velarán polo desenvolvemento sustentable das zonas de pesca evitando o abandono de zonas produtivas en que se estea a dar unha perda de produtividade.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cal é a contía total das axudas aos proxectos de rexeneración que permiten mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros e que profesionais poden acollerse a estas?.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 13:44:52

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 13:45:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 13:45:25

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 13:45:33

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 13:45:43

María Deza Martínez na data 27/12/2024 13:45:52

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 13:46:02

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 13:46:14

Patricia García González na data 27/12/2024 13:46:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a situación do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (Pontevedra).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza está a levar a cabo un desmantelamento programado e continuado do histórico Centro de Investigacións Forestais (CIF) de Lourizán, que a estas alturas está nunha situación de absoluta precariedade, con numerosas prazas sen cubrir e con contratación de persoal por procedementos irregulares, xa que se están facendo por medio de convenios con fundacións privadas.

Ademais, como consecuencia da actual precariedade, nos últimos tempos persoal investigador de moita experiencia e valía deixou o CIF de Lourizán para integrarse noutros centros de investigación.

Malia os anuncios realizados ao respecto, a estas alturas segue pendente a integración do CIF de Lourizán, -que aínda segue dependendo da Axencia Galega para a Calidade Alimentaria (AGACAL) da consellaría do Medio Rural- na Axencia da Industria Forestal (XERA) dependente da Consellaría de Economía e Industria.

Este proceso de desmantelamento e deterioro do CIF de Lourizán está relacionado coa intención da Xunta de privatizar o histórico Pazo de Lourizán, dándolle





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prioridade aos usos hosteleiros (hotel e nova edificación para eventos), e poñelo en mans de ENCE e das demais empresas da industria forestal.

Desde o BNG consideramos necesario revertir esta situación de declive e desmantelamento do CIF de Lourizán, con medidas administrativas, de dotación de medios e políticas que permitan que recupere o seu antigo esplendor. E máis alá desta reactivación, entendemos que se debe impulsar un ambicioso proxecto de coordinación e traballo en rede de todos os centros de investigación relacionados co sector agrario e forestal radicados no concello de Pontevedra.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Ten previsto a Xunta levar a cabo un programa de apoio, impulso e desenvolvemento do CIF de Lourizán por medio do incremento do cadro de persoal, da cobertura das prazas vacantes, da contratación do persoal de maneira estable e con todas as garantías legais, e da dotación de recursos económicos e materiais para o desenvolvemento das diferentes liñas de investigación?

Considera a Xunta de interese a creación en Pontevedra dun gran Polo de investigación e desenvolvemento arredor do sector agrario e forestal?

Cal é o estado de tramitación da integración do CIF Lourizán en Xera?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 27/12/2024 13:48:52

Montserrat Valcárcel Armesto na data 27/12/2024 13:49:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto, Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a valorización da produción de becerros galegos e o fomento da transformación local ante a fuga de becerros a outras comunidades.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gandería na Galiza é un sector estratéxico que contribúe de maneira fundamental á economía e ao desenvolvemento rural. Nos últimos anos o sector gandeiro galego vén afrontando diversas problemáticas que poñen en risco a súa viabilidade, entre as que destacan a falta de prezos xustos para o gando e a saída masiva de becerros cara a outras comunidades autónomas. Estes dous factores están interrelacionados e derivan nunha falta de competitividade para os produtores galegos, reducindo a capacidade de xeración de ingresos xustos e de manter as explotacións familiares no rural galego.

En Galiza, a produción de carne de tenreira é moi significativa, sendo un dos principais produtos do sector gandeiro. Porén, cada ano unha gran parte dos becerros criados son enviados a outras rexións do Estado debido á falta de matadoiros e infraestrutura axeitada para o procesado e distribución dentro de Galiza. Este fenómeno tradúcese en que os produtores galegos deben vender os seus animais a intermediarios que, en moitos casos, imponen prezos moi baixos, xa que teñen o control sobre o mercado e sobre as vías de distribución e comercialización. Ao vender a baixo prezo, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

valor engadido da produción de carne de calidade non fica na Galiza, senón que se perde ao saír cara outras comunidades.

O sector gandeiro galego sofre unha presión crecente polos prezos baixos que se lle ofrecen aos produtores, mentres os custos de produción (alimentación, enerxía, combustible, etc.) non deixan de aumentar. Esta situación leva a que moitos gandeiros teñan que traballar por debaixo dos custos de produción, sen lograr uns ingresos suficientes para cubrir os gastos básicos, o que compromete gravemente a continuidade das explotacións. A conxuntura actual de prezos non só desincentiva a actividade gandeira, senón que tamén contribúe ao despoboamento do rural, ao non ofrecer alternativas laborais sostibles para a poboación máis nova que, ante a falta de oportunidades no rural, opta por desprazarse ás áreas urbanas ou a outras comunidades.

Nesta situación a defensa do sector gandeiro galego e dos seus produtos é fundamental para lograr un desenvolvemento sostible do medio rural galego, e para iso é necesario promover medidas que incentiven a transformación, comercialización e consumo da carne de tenreira dentro da Galiza, permitindo que o valor engadido quede na nosa comunidade. Así pois, é preciso unha intervención axeitada contribuiría a reducir a dependencia doutros mercados, permitindo aos produtores galegos manter os seus prezos e, polo tanto, a rendibilidade das súas explotacións. Ademais, este apoio favorecería o emprego e a dinamización do medio rural, logrando un desenvolvemento máis equilibrado e respectuoso co territorio.

En consecuencia, o BNG considera que é necesario implementar medidas para fortalecer o sector gandeiro galego, incentivando a engorda, sacrificio e transformación de carne de becerro na Galiza, coa finalidade de xerar maior valor engadido no territorio e mellorar as rendas dos gandeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para reducir a saída de becerros galegos a outras comunidades autónomas?

2. Que alternativas está valorando a Xunta de Galiza para incrementar a transformación local da carne na Galiza?

3. Está a Xunta considerando establecer algunha liña de subvencións ou axudas para apoiar a creación de centros de engorda e a mellora dos matadoiros en Galiza, de maneira que o valor engadido quede no noso territorio?

4. Que accións está levando a cabo a Xunta para fomentar a identificación e certificación da carne de vacún galega co obxectivo de promover o consumo interno e o acceso a prezos máis competitivos para os produtores?

5. Ten previsto a Xunta desenvolver campañas de promoción para sensibilizar aos consumidores sobre a importancia de apoiar a produción cárnica galega e mellorar a súa competitividade fronte á carne procedente doutras rexións?

6. Que estudos ou informes manexa a Xunta para avaliar o impacto económico que tería reter unha maior porcentaxe de produción e transformación de carne de vacún na Galicia, e en que medida isto podería influír nas rendas dos gandeiros galegos?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Montserrat Valcárcel Armesto
Ariadna Fernández González
Secundino Fernández Fernández
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 27/12/2024 13:53:15

Sonia Vidal Lamas na data 27/12/2024 13:53:57

Ariadna Fernández González na data 27/12/2024 13:54:00

Secundino Fernández Fernández na data 27/12/2024 13:54:20

Luis Bará Torres na data 27/12/2024 13:54:21





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O día 12 de xullo publicábase no DOG a ORDE do 2 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2024 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables.

O obxecto da presente orde consiste na elaboración e no desenvolvemento de proxectos que teñan por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños, incluídas as actividades destinadas á redución da contaminación física e química, as medidas de conservación positivas cuxo obxectivo sexa protexer e conservar a flora e a fauna, as actuacións destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras que poñan en perigo a conservación destes hábitats e especies, e que se centren en hábitats costeiros de importancia para a reprodución dos organismos mariños.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Cal é a contía total de estas axudas para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños e que profesionais poden acollerse a estas?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 13:54:39

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 13:54:57

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 13:55:08

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 13:55:16

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 13:55:37

María Deza Martínez na data 27/12/2024 13:55:48

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 13:56:01

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 13:56:18

Patricia García González na data 27/12/2024 13:56:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a inclusión do mergullo con subministración de aire no plan de explotación de moluscos bivalvos en Fisterra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os mergulladores de Fisterra levan anos solicitando á Consellería do Mar a aprobación dun plan experimental de explotación para mariscar a ameixa na praia da Langosteira (CM-082) co sistema de subministración de aire dende superficie. Foi no ano 2008 cando a confraría de Fisterra presentou por primeira vez á consellería, un plan experimental para a captura de ameixa rubia e babosa coa técnica de mergullo. No período 2006-2023, dito plan foi presentado, con diversas modificacións, ata en seis ocasións. O último foi presentado para o trienio 2024-2026 coa mesma resposta denegatoria por parte da consellería do mar por contradicir o artigo 158.2 do Decreto 15/2011.

Este Decreto 15/2011, regula as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da comunidade Autónoma de Galiza, e no mencionado artigo 158.2 establécese que “só se permite o uso de equipamentos subacuáticos sen ou con subministración de aire, para a explotación de determinados recursos específicos e cando así o determine o plan de xestión correspondente”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hoxe o plan de explotación en Fisterra existente para moluscos bivalvos é o PE403A 2023/1-1, para os Bancos infralitorais da praia de Langosteira (CM-082) e para coller a ameixa babosa, rubia, cornicha e ameixon, máis só coa modalidade de embarcación coa arte do Raño. Na zona V non existía unha tradición de marisqueo a flote como noutras zonas de Galiza, ata que en 2010 se aprobou o primeiro plan deste tipo para as zonas de libre marisqueo de Fisterra.

Esta arte do raño, segundo manifestan os mariscadores, provócalles a moi curto prazo lesións musculares de todo tipo, dende tendinites a dislocacións, dores de costas, cervicais, ombros e pulsos, etc. polo que provoca un número alto de baixas médicas, paralizándose a actividade. Isto prodúcese porque a diferenza do que ocorre noutras zonas onde se explota co raño, no caso da praia da langosterira, os recursos marisqueiros atópanse a moita máis profundidade, chegando a superar os dez e quince metros, ademais de que o substrato da costa non é igual en todos as subzonas, o que se fai mais complicado o manexo dos aparellos e implica un maior esforzo que se estiveran entre dous e catro metros, de aí que só o ano pasado fora só unha embarcación a que participou neste plan de explotación.

Non é estraño por tanto, que en Fisterra reflexionen e estudien a busca doutras alternativas para explotar un recurso que é abundante pero que se atopa a moita máis profundidade que noutras zonas da ría, por iso a agrupación de mariscadores á flote e recursos específicos de Fisterra, considera que o mergullo con aire subministrado dende superficie, podería ser ademais unha técnica de extracción axeitada para todo tipo de recursos marisqueiros, e non só para recursos específicos.

A técnica de mergullo con subministración de aire, para colleitar estes recursos en Fisterra, ademais de evitar todo tipo de lesións musculares, é óptima para realizar unha explotación respectuosa coa biodiversidade do medio mariño, xa que permite escoller in situ só os moluscos que dan a talla, evita a sobreexplotación nas subzonas do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plan, e por suposto axuda a controlar e solucionar mellor os problemas que se perciben no propio medio.

Hai uns meses que a Confraría de Pescadores de Fisterra solicitou á Consellería do Mar, a petición da agrupación de mariscadores á flote e recursos específicos, ante a posibilidade que se formulaba sobre a modificación do Decreto 15/2011, que se recollese o mergullo con subministración con aire dende superficie como unha das técnicas autorizadas para a extracción de moluscos de bivalvos, e que cada agrupación de mariscadores a flote, decida en cada resolución de aperturas a arte ou técnica de extracción a empregar (raño ou mergullo), de forma que non se poidan combinar ambas técnicas durante unha mesma xornada de extracción.

A día de hoxe a Consellería non dou ningunha resposta á agrupación de mariscadores de Fisterra, e á vista de que existe un recurso infraexplotado, é necesario que o parlamento galego se pronuncie para darlle solución a esta xusta demanda.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

-Cales son os motivos polos que o goberno galego se nega de forma sistemática dende hai anos a excluír en todo caso o mergullo con subministración de aire en superficie como arte na explotación de ameixa a determinadas profundidades?

-Existe algún informe técnico que desaconselle a utilización desta técnica para coller ameixa a máis de dez metros? En caso afirmativo, cales son as razóns que sosteñen este posicionamento?

- Por que motivo non se aproba un plan experimental para o plan de explotación PE403A 2023/1-1 en Fisterra, tal e como demandan os mariscadores?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente a Consellería do Mar das doenzas que sofren os mariscadores e da cantidade de baixas por enfermidade existentes como consecuencia da utilización do raño en profundidades maiores de dez ou quince metros?

-Está estudando a Consellería a modificación do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia? Posúe xa un borrador do novo decreto?

- Que previsión ten o goberno galego de estimar as solicitudes dos mariscadores e incluílas nese novo Decreto de regulación das artes para explotación dos recursos mariños?

- Contestou a Consellería o escrito da Confraría de Fisterra presentado en abril deste mesmo ano?

Santiago de Compostela, 27 de decembro 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 27/12/2024 13:59:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 27/12/2024 13:59:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á seguridade no porto de Malpica de Bergantiños.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións da dársena do porto de Malpica de Bergantiños foron certamente complicadas dende a súa construción xa aló polo ano 1955. Condicións que non melloraron coa instalación das comportas no 1969. E as reformas posteriores tampouco solucionaron os problemas de seguridade do acceso á dársena.

A día de hoxe os problemas de seguridade céntranse na comporta de acceso. Cando está aberta a enerxía da ondada refléxase nos muros verticais, o que provoca correntes e remuíños no interior da dársena. A este problema hai que sumarlle a velocidade da auga dentro do canal, o que dificulta enormemente a calquera embarcación que transite por el, realizar calquera tipo de manobra, e complica moito as operacións de entrada e saída da dársena, especialmente en condicións de mar adversa.

Na actual situación, a entrada ou saída de embarcacións da dársena supón un perigo constante para a integridade, non só das embarcacións (son constantes os percances e danos materiais naquelas), senón o que é moito peor, para a integridade física dos mariñeiros.

Así, a situación da dársena de Malpica tivo moito que ver no accidente mortal do Silvosa. En decembro do 2018 esta embarcación de artes menores, con base en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malpica, afundiuse cando se dispoñía a cruzar a zona das comportas, provocando a morte do seu patrón.

A partir dese momento, dende a Consellería do Mar anunciouse a adopción de medidas tendentes a paliar o risco que supón a dársena, sobre todo en condicións adversas.

Entre esas medidas anunciáronse estudos específicos sobre as ondas no interior do porto, para mellorar a operatividade do mesmo, e a primeiros do ano 2021, a instalación dun sistema de alerta temperá, para, en principio, prognosticar con 72 horas de antelación a produción de fenómenos de resonancia no interior do porto.

En febreiro de 2021, dende a presidencia de Portos de Galiza, informouse que o proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica se atopaba na súa fase final de licitación.

Até o de agora, tres anos despois dese anuncio, e máis de seis anos do tráxico accidente do Silvosa, non se realizou ningunha actuación de entidade tendente a resolver os problemas de seguridade deste porto.

Malia que o proxecto de mellora da dársena é vital para garantir que as embarcacións e mariñeiros de Malpica podan desenvolver o seu traballo en condicións de seguridade, e malia os anuncios de Portos de Galiza, nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2023 e 2024 non se recolleu ningunha partida con dotación económica suficiente para asegurar que a execución desta obra tan necesaria se vai acometer a medio-curto prazo.

Nunha das últimas comparecencias en sede parlamentaria (ano 2023) da anterior Presidenta de Portos de Galiza, Susana Lenguas, para responder a unha serie de preguntas deste grupo sobre o estado dos estudos de ondas no interior da dársena, da fase na que se atopaba o proxecto de mellora da seguridade no porto e a previsión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

temporal para a súa execución, a alto cargo de ente autonómico anunciou o remate dos estudos, que se barallaban diferentes opcións para a mellora da seguridade na dársena e que xa había liñas de traballo en marcha.

Ese anuncio tivo como único efecto práctico que o ente autonómico puxese en común coa Confraría de Malpica tres posibles opcións de proxecto de mellora. Porén, nos orzamentos da Xunta de Galiza do 2024 nin se recolleu partida específica algunha para licitar a redacción do proxecto.

Desde decembro do 2023 até xuño de 2024, nada se comunicou por parte de Portos de Galiza avance algún en relación á mellora da seguridade na dársena de Malpica. Tampouco, tras a reunión mantida polo alcalde malpicán co novo presidente do ente autonómico, nada se comunicou sobre esta cuestión agás que “ se estaba estudando”.

En Xuño de 2024 compareceu en sede parlamentar o señor Álvarez Vidal, Presidente de Portos, para responder a unha serie de preguntas formuladas polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, e indicou que os servizos técnicos estaban a estudar unha nova alternativa solicitada pola Confraría de Pescadores , que ía precisar de novos traballos de campo, mais tamén que ese atopaban na súa fase final e que se exportaría a conclusión no mes de setembro.

Mais a realidade, a día de hoxe, é que nin se comunicaron as conclusións dos estudos, nin nada se sabe sobre a viabilidade, ou mesmo posibilidade, de algunha opción de actuación que permita minimizar os graves problemas de seguridade que ten o Porto de Malpica, e que supón un risco para a actividade pesqueira e os propios pescadores.

Para que o anuncio desas tres posibles actuacións no porto sexa crible, é imprescindible que dunha vez por todas Portos de Galiza verbalice e se comprometa a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acometer esa obra, que se abra o procedemento de licitación do proxecto, ao tempo que nos orzamentos da Xunta de Galiza para o 2025 se recolla unha partida específica e con dotación suficiente para a execución da primeira fase da obra.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Considera a Xunta prioritario garantir a seguridade de embarcacións e mariñeiros que operan no porto de Malpica?
- Cal foi o resultado dos estudos específicos realizados sobre as ondadas no interior do porto de Malpica, tendentes a paliar o risco que supón a dársena en condicións de mar adversa?
- Cal das posibilidades de actuacións para mellorar a seguridade do porto de Malpica foi finalmente a elixida? Está xa en licitación a redacción do proxecto?
- Cales foron as conclusións dos estudos que o actual Presidente de Portos indicou estarían rematados en setembro dese mesmo ano, na súa comparecencia en sede parlamentar de xuño de 2024?
- Considera o Goberno galego que a cantidade recollida nos OXG 2025 é suficiente para executar as obras de mellora da seguridade na dársena de Malpica?
- Existe un cronograma para execución das obras de mellora da seguridade na dársena de Malpica? Cal é?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 27/12/2024 14:02:34

Daniel Pérez López na data 27/12/2024 14:02:37



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta analizou o 17 de xullo do 2024 o Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de pescadores “La Anunciada” de Baiona para xestionar a mellora da accesibilidade ao espazo para a divulgación e a posta en valor da cultura mariñeira na lonxa de Baiona mediante un sistema de atención desasistido para o período 2024-2028.

A achega económica deste acordo estará dedicada a ámbitos que pasan pola dinamización da economía vencellada ao sector do mar e da pesca, coa posta en valor dos edificios marítimos como punto de atención turística dende o punto de vista patrimonial e natural. Supón unha clara aposta pola posta en valor e recuperación do patrimonio marítimo; obxectivo no que a Consellería vén traballando nos últimos tempos, co fin de manter vivo o acervo vinculado ao mar, e que se suma a outras iniciativas impulsadas dende este departamento como son os Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP).

A confraría “La Anunciada” representa a máxima institución na que se asocia e organiza o sector pesqueiro e marisqueiro da zona. Entre os seus obxectivos destacan a promoción e defensa do sector, así como a optimización dos recursos de cara a obter o máximo rendemento sostible. Situada no peirao baionés, supón o un punto de comercialización moi importante das especies de peixe e marisco procedente das Rías Baixas.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

- Cal é a suma total deste acordo entre a consellería do Mar e da Cofradía de pescadores “la Anunciada” de Baiona e cales son os obxectivos ten este acordo?.

Santiago de Compostela, 27 de decembro 2024.





Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 14:03:02

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 14:03:15

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 14:03:23

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 14:03:30

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 14:03:39

María Deza Martínez na data 27/12/2024 14:03:47

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 14:03:58

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 14:04:09

Patricia García González na data 27/12/2024 14:04:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as medidas a adoptar polo goberno galego para axilizar e mellorar a execución dos fondos europeos da pesca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente informe do Consello de Contas de finais de setembro pasado, que analiza a execución dos distintos fondos europeos no ano 2022 por parte da Xunta de Galiza vén de reiterar os nefastos datos que xa se foran facendo públicos nos últimos anos a respecto, nomeadamente do que atinxe á execución dos fondos FEMP e FEMPA.

Así, o informe anual de indicadores de 2022 de hai xa case un ano, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), reflexa que o grao de execución do FEMP no caso de Galiza foi do 46,12%, a última de todas as Comunidades na execución deses fondos para o período 2014-20, moi por detrás do resto e incluso da media do Estado (57,08%).

Agora, o Consello de Contas incrementa levemente esa porcentaxe para o mesmo ano 2022 ata o 47,73%, tamén por detrás do grao de execución doutras consellarías mais na tónica xeral do conxunto que é do 47,3%, e indica que isto provoca que as axudas non cheguen “de maneira efectiva á economía real”, que é precisamente do que se trata.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un baixo nivel de execución que non se pode considerar aceptábel e que xa dera lugar no ano 2021 á creación por parte da Consellaría de Mar dunha nova Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do FEMP, de dependencia directa do conselleiro (Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellaría de Mar, publicado no DOG do 26 de marzo do conselleiro). Ademais disto, tamén co obxecto de contribuír a aproveitar os fondos, neste mes de setembro véñse de adjudicar o contrato para a creación dunha rede de 7 oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA, que xa levan sendo anunciadas dende o ano 2022.

Tendo en conta que:

. O Programa Operativo do novo FEMPA para o período 2021-27 recolle un ‘mecanismo de flexibilidade’ que contempla que os fondos que as Comunidades Autónomas poñan en risco de perda, polo seu retraso na execución, poden ser utilizados por outras.

. As inmensas necesidades que existen a día de hoxe no sector do mar no noso país, onde se está a vivir unha crise sen precedentes.

. Dentro dos fondos FEMP 2014-20 aínda se puideron continuar executando investimentos ata 2023.

. O informe do Consello de Contas encádrase no novo marco financeiro europeo 2021-27, que xa comezou con importantes eivas froito do retraso na aprobación do novo regulamento.

Cómpre tomar todas as medidas necesarias para evitar que se perdan fondos europeos e non acaben chegando ao seu destinatario final, o sector, que é a quen van destinados e quen máis os necesita.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, a Xunta de Galiza debe impulsar decididamente as recomendacións do Consello, sen prexuízo doutras que considere, para garantir o aproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento do sector do mar galego.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da súa execución dos fondos FEMP 2014-20, incluída a dos investimentos ata o 2023?

. Do total dos máis de 371 millóns de euros que lle corresponderon a Galiza nese período, cantos se executaron?

. Que valoración fai do informe de fiscalización deses fondos correspondente ao ano 2022 realizado recentemente polo Consello de Contas e das súas conclusións? Vai adoptar as medidas necesarias para cumprir coas recomendacións do mesmo? De ser así, cales nomeadamente?

. Cal foi o grao de execución dos fondos no 2023?

. Que valoración fai do funcionamento e actuación da Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación? Dende a súa posta en marcha mellorou o aproveitamento dos fondos? De ser así, con que actuacións concretas? Vai dar conta de xeito inmediato no Parlamento galego da súa actividade dende a súa creación?

. Dende o seu anuncio no ano 2022, por que aínda non comezaron a funcionar as oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA? Cando van comezar a súa actividade? Cal é o plan de traballo que van desenvolver nos próximos dous anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai dar conta e informar periodicamente aos Grupos parlamentares do Parlamento galego da avaliación que fai o Goberno das dificultades na xestión dos fondos?

. Vai facilitarlles unha memoria anual dos proxectos que se financian e do grao de execución anual dos fondos e das distintas prioridades establecidas no Programa Operativo do FEMPA?

. Dada a situación crítica do sector do mar galego, vai impulsar especialmente e axilizar os proxectos destinados ao fomento da pesca sostíbel e recuperación dos recursos, nomeadamente na investigación, na aplicación de plans de xestión e en medidas a paliar a escasa remuda xeracional?

Santiago de Compostela, 27 de decembro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 27/12/2024 14:07:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 27/12/2024 14:07:08

Carmela González Iglesias na data 27/12/2024 14:07:41

Daniel Castro García na data 27/12/2024 14:07:44

Paulo Ríos Santomé na data 27/12/2024 14:08:47





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta analizou o 15 de xullo de 2024 o Acordo polo que se toma razón da sinatura dun convenio entre o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e a Comunidade Autónoma de Galicia, polo que aproba o Plan de actuación plurianual 2023-2026 do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación e do Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo no ámbito da formación profesional.

En concreto, o documento fai referencia ao Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo (ipmpa) e ao Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafo), dependentes da Consellería do Mar. Mediante este convenio entre Administración Xeral e o Goberno galego, aprobase o Plan de Actuación Plurianual de cada centro para que no seno das Comisións de Coordinación e Seguimento dos convenios para a cualificación e creación dos Centros de Referencia Nacional, sexan aprobados os correspondentes Plans de Traballo no que se concretarán as actuacións a realizar e a aportación económica da Administración Xeral do Estado.

Na actualidade, no Igafo impártese no ámbito da formación profesional o Ciclo Superior en Acuicultura, o Ciclo Medio en Cultivos Acuícolas e o Ciclo Medio en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas aos cales hai que sumar outros cursos para o fomento do emprego.

Pola súa banda, no Ipmpa ofrécese formación nas titulacións de Ciclo Superior de Navegación, Pesca e Transporte Marítimo, de Ciclo Medio en Navegación e Pesca de Litoral, de Ciclo Superior e Ciclo Medio de Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Cal é a finalidade deste Convenio entre o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e a Comunidade Autónoma de Galicia e de que cantidades económicas se está a falar?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/12/2024 14:11:24

Paula Mouzo Mas na data 27/12/2024 14:11:34

Manuel Santos Costa na data 27/12/2024 14:11:41

Pablo Prieto Perille na data 27/12/2024 14:11:48

Jesús María Fernández Rosende na data 27/12/2024 14:11:55

María Deza Martínez na data 27/12/2024 14:12:07

Dolores Hermelo Piñeiro na data 27/12/2024 14:12:16

Raúl Santamaría González na data 27/12/2024 14:12:26

Patricia García González na data 27/12/2024 14:12:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á necesaria toma de decisións para determinar as causas da escaseza de polbo nas rías galegas e establecer medidas para a súa recuperación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Mar leva anos incidindo nunha nefasta xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros das nosas rías e, malia as advertencias do sector e a constatación, campaña tras campaña, da diminución de capturas, continúa na súa teima de non levar a cabo estudos e non establecer medidas para a súa mellora e recuperación.

Vémolo, ano a ano, cunha desfeita cada vez maior no sector marisqueiro e vémolo, tamén dende hai tempo en especies como a nécora, o camarón, a centola ou o polbo.

Neste último caso, parte do propio sector a proposta de ampliar a veda, que tamén levan anos contemplando, os mesmos que leva poñendo enriba da mesa da Consellaría a necesidade de cubrir economicamente esa ampliación. A Consellaría ata o de agora non se deu por aludida e é aínda nestes días, despois de varias campañas detectando cambios no comportamento da especie e diante dos datos que dende a apertura da veda no mes de xullo van a peor, cando anuncia cambios no plan de xestión do polbo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta cando menos irresponsábel que despois de que se teña comprobado que nos últimos anos as femias desovan cada vez máis tarde e de permitir que se aperturaran as vedas con gran cantidade de polbos ovados, aínda non se tiveran tomado medidas.

Temos que lembrar que no Parlamento xa acordamos unanimemente, a iniciativa deste Grupo Parlamentario e en varias ocasións, que o Goberno galego debía levar a cabo estudos para determinar as causas da escaseza do polbo nas augas galegas, proceder á revisión das condicións a establecer no Plan Experimental -dende o número de nasas ata as cotas máximas de captura, o período de veda ou as medidas contra o furtivismo- e dispoñer das medidas de cobertura económica que permitan establecer paralizacións temporais, extensión da veda ou atender ao sector diante de calquera outra decisión de recuperación da especie.

Malia aos acordos, a Consellaría de Mar leva anos estirando a posibilidade de que os datos melloren e os datos din, tamén dende hai anos, que non hai melloría e que, de seguir polo camiño actual, só se están a conseguir cada vez menos capturas e que o abandono das nasas sexa contemplado por un número de profesionais cada vez maior.

A actitude teimuda, e totalmente imprudente, de agardar a que as cousas cambien por si soas na campaña seguinte, máxime nun escenario de cambio climático como o actual, só é a mostra máis evidente da falla de planificación da Administración e dun desleixo cada vez maior, non só en canto aos profesionais senón tamén en canto ao mantemento e recuperación dos recursos.

No que levamos da actual campaña 2024-25, os datos volven reiterar que o estado da pesquería do polbo, de non se estableceren xa medidas, vai camiño de se esgotar e, ao igual que vén pasando con outros recursos, a Consellaría de Mar segue alongando unha agonía á que se lle podería ter posto remedio hai máis de dez anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 27/12/2024 14:12:52

Rosana Pérez Fernández na data 27/12/2024 14:13:29

Carmela González Iglesias na data 27/12/2024 14:13:32

Daniel Castro García na data 27/12/2024 14:14:00

Daniel Pérez López na data 27/12/2024 14:14:01



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

